

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 30 DE OUTUBRO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

Dª Mª Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
Dª Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
Dª Rita María Couto Seijido (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. Edgar Antonio Vigo López.
Dª Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
Dª Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
Dª Mª Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as oito horas e trinta e un minutos do día trinta de Outubro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dª Mª Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Dª Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Dª Rita María Couto Seijido (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Edgar Antonio Vigo López, Dª Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dª Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona Mª Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste o Concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo.

Non asinte:

D. Antón Lois Noceda Carballo.

Asiste a Interventora Municipal Dª Agueda Bello Valdés e actúa como Secretaria Dª Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora :

Dª Águeda Bello Valdés.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

Secretaria:

Dª Pilar María Pastor Novo.

1º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE DE 20 DE ABRIL DE 2007 POLA QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A REDACCIÓN DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO.

Seguidamente, dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data 18 de outubro de 2007, que, transcrito dí:

“6º.- SOLICITUDE DE SUBVENCION AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E TRANSPORTE DE 20 DE ABRIL DE 2007 POLA QUE SE REGULA A CONCESION DE SUBVENCIONS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A REDACCION DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANISTICO.

Vista a proposta da Alcaldía de data 15 de outubro de 2007, que transcrita di:

“Vista a Orde de 20 de abril de 2007 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, pola que se regula a concesión de subvencións aos Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.

Visto o informe sobre a procedencia de análise de nova revisión e reorientación da modificación puntual en trámite relativa á “ Ronda Oeste” e “Ampliación do Polígono Vilar do Colo” emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, D. Lino Ameneiro Seijo de data 5 de outubro de 2007

PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO A APROBACION DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- Acollerse á devandita Orde e solicitar ao abeiro da mesma unha subvención para prodeder á Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal por importe de 157.449,60 euros, que supón o 90% do custo da revisión.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.”

A Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

A continuación dáse conta da enmenda do Sr. Alcalde-Presidente de data 26 de outubro de 2007 ao ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, que, transcrita dí:

“ENMENDA AO DICTÁME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL DE DATA 18 DE OUTUBRO DE 2007

Don José Iván Puentes Rivera, Alcalde-Presidente do Concello de Fene, en relación ao ditame da Comisión informativa de desenvolvemento territorial de data 18 de outubro de 2007 relativo á solicitude de subvención ao abeiro da Orde de 20 de abril de 2007 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para proceder á revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, advertido un erro no mesmo en canto ao importe da subvención a solicitar, xa que de acordo coa Orde citada, o importe máximo da subvención pode ser de ata o 90% do orzamento base estimado, de conformidade có disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL DE DATA 18 DE OUTUBRO DE 2007:

No apartado primeiro da parte dispostiva, onde dí:

“Primeiro.- Acollerse á devandita Orde e solicitar ao abeiro da mesma unha subvención para proceder á Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal por importe de 157.449,60 euros, que supón o 90% do custo da revisión.”

Modifícalo, quedando o mesmo coa seguinte redacción:

“Primeiro.- Acollerse á devandita Orde e solicitar ao abeiro da mesma unha subvención para proceder á Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal por importe de 141.704,64 euros, que supón o 90% do orzamento base estimado”.

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen unha vez concedido manifesta que no ano 2003 aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación en Fene e paralelamente uns meses antes era aprobada a Lei do Solo de Galicia e por tanto desde entón aprobaronse novas lexislacións, tanto estatal como autonómica e trátase polo tanto de aproveitar as axudas da Consellería de Política Territorial para abordar unha revisión do plan actual e uha adaptación ás diferentes lexislacións novas dado as contradicións ás veces no seu desenvolvemente que suceden e por outra parte con determinadas impugnacións incluso xurídicas en torno ao planeamento anterior, e que con esta revisión se trataría de lograr unha regularización do plan actual.

Rematadas as intervencións, pola Presidencia sométese á votación ordinaria a enmenda da Alcaldía ao dictame da Comisión Informativa de desenvolvemento territorial, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido pola Presidencia sométese a votación ordinaria o dictame da Comisión Informativa de desenvolvemento territorial coas modificacións que resultan da enmenda aprobada, sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o dictame da Comisión Informativa de desenvolvemento territorial adoptado en sesión de data 18 de outubro de 2007 coas modificacións que resultan da enmenda aprobada, que devén en acordo quedando, polo tanto a parte dispositiva do mesmo como segue:

Primeiro.- Acollerse á devandita Orde e solicitar ao abeiro da mesma unha subvención para proceder á Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal por importe de 141.704,64 euros, que supón o 90% do orzamento base estimado.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. “

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS.

Seguidamente dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 26 de outubro de 2007 que, transcrito, di:

“ 2º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.

Dáse conta da proposta de modificación de ordenanzas fiscais que realiza o Concelleiro delegado dos servizos de facenda de data 19 de outubro de 2007.

Dáse conta do Informe de Intervención 365/2007, de data 22 de outubro de 2007, que, transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN 365/2007

Asunto: Ordenanzas fiscais.

D^a.Águeda Bello Valdés , interventora do Concello de Fene en relación en relación co expediente que este Concello instrúe, para a modificación das Ordenanzas fiscais, ten a ben emitir o seguinte

INFORME

I. ANTECEDENTES.

Fiscalízanse dúas propostas a Comisión de Facenda, Estadística e Patrimonio en relación ca modificación, establecemento e derogación de ordenanzas fiscais, de data 19 de outubro de dous mil sete.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- a) Constitución Española de 1978
- b) Lei de Bases de Réxime Local 7/1985
- c) Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004
- d) Real Decreto 500/90, orzamentario
- e) Bases de Execución do Orzamento para 2006
- f) Textos preexistentes das Ordenanzas Fiscais de Fene
- g) Demais normativa aplicable

III. CONTIDO.

a) ACTUALIZACIÓN DAS CONTÍAS DACORDO CA SUBA DO ÍNDICE DE PREZOS Ó CONSUMO

As contías contidas nas Ordenanzas Fiscais de Fene obedecen ós estudos correspondentes e memorias técnico - económicas realizadas no momento da súa aprobación inicial, existindo unha grande diverxencia entre as mesmas polo que se refire á sinalada data. Ditas memorias fan referencia, como obriga o artigo 25 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, á imputación dos custos directos e indirectos que implican para a Administración a prestación dos servizos, non podendo, por mandato do artigo 24 da mesma norma, superar na súa contía dito custe global.

Non obstante, o certo é que a suba xeral dos prezos, que ven determinada estadísticamente polo IPC publicado polo Instituto Nacional de Estadística, implica unha suba proporcional de ditos custos que, tamén proporcionalmente, pode ser repercutido no cobro das taxas correspondentes para manter o equilibrio sinalado nas anteditas memorias.

Neste punto, e tendo en conta a legalidade e corrección da adaptación das previsións das Ordenanzas ó Índice de Prezos ó Consumo, plantéxase cal dos índices publicados polo organismo competente é correcto aplicar neste momento. Non existindo normativa ó respecto, propónse na memoria de Alcaldía a utilización IPC Xeral publicado polo Instituto Nacional de Estadística de setembro de 2007 que é o 2.7%

O reflexo desta subida nas correspondentes ordenanzas fiscais ten o seguinte reflexo:

1) No caso de modificación dos impostos, dito expediente axustase o establecido nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e:

- No imposto sobre actividades económicas o coeficiente de situación axustase o establecido no artigo 87 do TRLFL.

- No Imposto sobre vehículos de tracción mecánica o coeficiente de incremento das cuotas da tarifa axustase o establecido no artigo 95 do TRLFL.
- No Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana o tipo de gravame axustase o establecido nos artigos 107 e 108 do TRLFL.

2) No caso de modificación das taxas o importe estimado pola prestación do servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate tal e como establece o artigo 24.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

B) ACTUALIZACIÓN DO PREZO DA AUGA.

Queda reflexado no informe técnico económico sobre o custe do servizo da auga e o saneamento que a subida proposta a comisión non supera o custe do servizo. Sen prexuízo das matizacións feitas no informe respecto os criterios para determinar o mesmo.

C) ACTUALIZACIÓN DO MODULO BASICO NAS LICENCIAS URBANISTICAS E NO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

A subida do modulo básico xustifícase ca apartación ao expediente do mesmo modulo básico co establecido polo Colexio Oficial de Arquitectos.

D) GRADUACIÓN DAS TAXAS EN FUNCIÓN DA CAPACIDADE ECONOMICA DO SUXEITO PASIVO DE DETERMINADAS TAXAS.

O artigo 9 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais (LRHL), dispón que «non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

Do exposto se desprende que, en principio, os Concellos non poden conceder beneficios fiscais nas taxas a determinados colectivos, entidades, particulares, etc. pois elo iría en contra do principio de xeneralidade dos tributos; pero o artigo 24.4 do TRLRFL establece que para a determinación das taxas deberase ter en conta a capacidade económica dos suxeitos obrigados, o que significa que o calcular as cotas individuais, as Entidades Locais haberán de atender a capacidade económica dos suxeitos pasivos, sexa de forma xenérica ou sexa de forma obxectiva. Pero dito beneficio non se poderá declararse por razóns subxectivas, xa que podería estarse ante o caso dun colectivo (parados, xubilados, etc.) pero cunha gran capacidade económica, co que se apartaría do espírito do artigo 24.4 de la LRFL.

En base ao dito e viable a posibilidade de graduar a taxa cando existan razóns sociais, benéficas ou culturais da interese público que así o aconsellen e poderán non alcanzar os custes calculados ao amparo do artigo 24 da LRFL. Nestes supostos, cando se trate da prestación de servizos, a Entidade Municipal deberá facer constar nos presupostos as cantidades destinadas a cubrir o déficit que por ditos servizos públicos, por debaixo do seu custe, se concedan.

E) TRAMITACIÓN.

Polo que respecta á tramitación do expediente, sinalar que hanse seguir os pasos que se relatan:

- a) Dictame da Comisión de Contas e Facenda
- b) Aprobación inicial polo Pleno da Corporación esixíndose maioría simple

- c) Aprobado inicialmente o expediente, deberá expoñerse ao público, por un período de 30 días, previo Edicto insertado no taboleiro de anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia, e nun diario dos de maior difusión da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados podan examinar o expediente, e presentar reclamacións ou suxerencias.
- d) Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, o acordo pode entenderse elevado a definitivo, en caso contrario, sería necesario un acordo expreso no que se resolvan as discrepancias. Sendo necesario neste último caso acordo Plenario que decida sobre elas precedido dun novo dictame da Comisión e informe de Intervención
- e) Publicación da aprobación definitiva, nun ou noutro caso, no Boletín Oficial da Provincia a efectos da súa entrada en vigor. A ordenanza non entrará en vigor ata que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.
- f) A partir da súa publicación, poderá ser impugnada ante a xurisdicción contencioso administrativo, debendo darse traslado do acordo e da Ordenanza a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

IV. CONCLUSIÓNS

Informase favorablemente o expediente de modificación, derogación e establecemento das novas ordenanzas fiscais. No caso, de introducirse novas modificacións deberán ser remitidos os cambios ou observacións realizadas para a emisión de novo informe sobre as mesmas.”

Aberto o debate(../...)

Rematado o debate e sometida pola Presidencia a votación ordinaria a proposta coas modificacións sinaladas, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica con sete (7) votos a favor (dos/as Sres/as Polo Gundín, López Rodríguez, Rodríguez Carballeira, García Balado, Silvar Canosa, Pico Sanmartín e Roca Requeijo), ningún voto en contra e tres(3) abstencións (dos Sres/a Franco Casal, Bértoa Puente e Sánchez Martínez), acorda dictaminar favorablemente o asunto e propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente as seguintes modificacións das ordenanzas fiscais e o textos refundidos das mesmas que se transcriben no Anexo I:

ORDENANZA FISCAL Nº 1

REGULADORA DA TASA POLA APERTURA DE ZANXAS , CALICATAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO , ASI COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO OU ACERAS NA VÍA PÚBLICA.

Dáse unha nova redacción dos nove artigos que a conteñen e a súa disposición final, quedando redactados do seguinte xeito:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO Y OBJETO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, e de conformidade co previsto no artigo 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do uso público local pola apertura de xanxas, calicatas en terreos de uso público, así como calquera remoción de pavimento ou aceras na vía pública* a que se refire o artigo 20.3 f) do propio Real Decreto Legislativo, que

se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal e cuas normas atenden a o previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo.

ARTÍGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitue o feito imponible da taxa:

- a) a concesión de licencias de obras na vía publica para a apertura de zanxas e calicatas,
- b) o aproveitamento da vía publica
- c) reposición por razón de obras efectuadas
- d) indemnización por depreciación ou deterioro da vía publica.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando solicitaran licencia para disfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.

2.- Polo demais, non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda respecto da taxa regulada pola presente Ordenanza, salvo os beneficios previsto en normas con rango de ley ou en tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. É obrigado tributario, en concepto de contribuintes, a persoas físicas e xurídica así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos expresado Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 42 da LXT.

2. Responderan subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo totalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 43 da LXT.

3.-A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e con arreglo ó procedemento previsto na nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

ARTÍGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base imponible:

- a) no caso da concesión de licencias de obra na vía publica, tomarase o custo real e efectivo da obra.
- b) no caso dos aproveitamentos da via publica tempo de duración do aproveitamento e a dimensión do mesmo, medida en metros lineais ou cuadrados, segundo se trate de zanxas ou pavimentos.

ARTIGO 6. TARIFAS.

3.- As Tarifas da taxa serán as seguintes:

Epígrafe A): Concesión da Licencia de obra na vía pública.-

“ Cobrarase un 5.00% por 100 sobre o custo real e efectivo da obra, para levar a cabo a apertura de zanxas calicatas en terreos de uso público.

Epígrafe B): Aproveitamentos da vía pública.-

Liquidarase en función do aproveitamento por metro cadrado ou fracción da vía pública, consonte ó especificado na seguinte taboa:

Localización da vía	Unidade	Cota trimestral
Zonas 1, 2 e 3	5 m/2	32,91
Zonas 4, 5 e 6	5 m/2	20,41
Zonas 7 e 8	5 m./2	16,45

ARTIGO 7: REINTEGROS DE GASTOS DE RECONSTRUCCIÓN E INDENNIZACIÓNS

Cuando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, estará obrigado :

a) ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe, según á conta que formule a oficina técnica municipal. Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

b) a Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.	Tarifa
1.- Por cada metro cadrado de zanja aberta en terra,aínda que a reconstrucción a efectúe o interesado...	0.15
2.- Por cada metro lineal de bordillo sobre beirarrúa...	0.65
3.- Por cada metro lineal de bordillo sobre formigón..	0.92
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada,calquera que sexa o material da mesma....	1.10
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0.47
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1.10
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0.58
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou loseta asfáltica sobre formigón...	1.49
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0.82
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodadura conservando o formigón de cemento...	0.40
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0.66

En ningún caso efectuarase a liquidación por cantidade inferior á superficie ocupada dun metro cadrado.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado

ARTÍGO 8 . DEVENGO.

1. A taxa devengarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenzia ou de iniciarse o aproveitamento, cando non fora obtida a correspondente licenzia.
2. As cuotas serán irreducibles.

ARTÍGO 9. NORMAS DE XESTIÓN.

1. As licenzias para realizar estes aproveitamentos solicitaranse por medio de instancia no rexistro xeral do Concello, acompañada dos documentos que deba presentar o interesado. Neste caso, exisirase:

- a) un plano da superficie que se pretende utilizar e da súa situación no Concello, ou no seu caso proxecto asinado por técnico profesional competente e co visado colexial correspondente
- b) unha liquidación provisional que terá carácter de depósito previo.

2. Tramitado o expediente, dictarase resolución, que pode:

- a) conceder e elevar a definitiva a liquidación definitiva a liquidación practicada no momento da solicitude
- b) ou denegando a correspondente licenzia.

3. Esta resolución será notificada ao interesado.

Nesta resolución se revisará a liquidación practicada realizando os abonos ou existindo as diferenzas que procedan.

4. A resolución que autoriza o aproveitamento establecerá o tempo de duración do mesmo. Transcurrido dito prazo entenderase caducadas.

5. Polo que respecta as fianzas ou avais presentados, non se devolverán ata que se acredite o cumprimento das obrigas de toda índole.

6. Cando se trate de obras que deben ser executadas inmediatamente, polos graves perxuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cables, etc.), poderánse iniciar sen ter obtido a autorización municipal coa obriga de solicita-la licenzia dentro das vinte e catro horas seguintes ó comezo das obras e xustifica-la razón da súa urxencia.

ARTÍGO 10 . INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que das mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza, que consta de DEZ artigos entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008 e permanecerá eficaz ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA Nº2: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN S DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER

Modifícanse as tarifas contidas no artigo 5 no seguinte senso:

1.1.2. Tarifas.

Concepto	Categorías	Tempo	O Ramo	A Xunqueira
Adestramentos	Base	1 h	10.80	14.40
	Resto	1 h	17.50	23.60
Adestramento terzo de pista	Base	1 h	-	9.75
	Resto	1 h	-	15.90
Competicións sen despacho de entradas	Base	1 h	11.80	15.90
	Resto	1,5 h	29.25	39.00
Competicións con despacho de entradas	Base	1 h	35.45	47.25
	Resto	1,5 h	87.30	117.60
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios sen despacho de entradas		1,5 h	58.05	78.40
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios con despacho de entradas		1,5 h	174.10	235.20
Festivais, maratóns, actividades análogas e espectáculos de carácter profesional		1 día	2558,25	3453.80

1.2.1. Tarifas

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
Pistas polideportivas municipais descubertas	Uso diúrno para adestramentos ou competición, por 1 hora	26.70
	Uso nocturno para adestramentos ou competicións, por 1 hora	53.40
	Maratóns, prácticas deportivas análogas e espectáculos profesionais con ánimo de lucro promovidas por particulares ou entidades sen carácter social, por día	639.80

1.3.1. Tarifas.

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
Casa da Cultura	Salón de actos nunha xornada normal, por hora	22.40
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por hora	22.40
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por día	223.90

2.3.1. Tarifas.

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
Casa da Cultura	Salón de actos nunha xornada normal, por hora	22.40
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por hora	42.95
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por día	223.90

2.1.5. Tarifas.

Como resultado de aplicar os coeficientes anteriores as tarifas completas pola utilización da Piscina de Centieiras quedan fixadas segundo os valores da seguinte táboa:

Concepto	Categorías	Total
----------	------------	-------

Baño libre	Menores	2.15
	Adultos	3.20
Bono 8 sesións	Menores	13.65
	Adultos	20.45
Bono 24 sesións	Menores	35.85
	Adultos	53.70
Bono 48 sesións	Menores	61.40
	Adultos	92.10
Bono 96 sesións	Menores	92.10
	Adultos	138.15
Bono 32 sesións	Familiar	59.65
Escola de natación (1 sesión cada semana, durante 1 mes)	Menores	7.50
	Adultos	11.30
	Especiais (B,E,T)	12.30
Escola de natación (2 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	15.00
	Adultos	22.50
	Especiais (B,E,T)	24.55
Escola de natación (3 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	22.50
	Adultos	33.80
	Especiais (B,E,T)	36.85
Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión máx. 6 persoas)	Sociedades	16.00

2.2.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Escola deportiva no Pavillón da Xunqueira (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	5.35
	Adultos	-
Escola deportiva no Pavillón da Xunqueira (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	7.20
	Adultos	17.05
Escola deportiva no Pavillón da Xunqueira (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10.70
	Adultos	25.60

2.3.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas e escolas culturais (3 h cada semana, durante 3 meses)	Menores	23.60
	Adultos	56.80

2.4.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Cursos da Aula de Informática municipal	Até 10 h	10.70
	De 10 a 20	21.35
	Máis de 20	64.00

2.5. Obradoiros, cursos puntuais e entradas a espectáculos culturais

Deportivos	Prezo €actividad
Tenis verán	22,80 €
Tenis Nadal	12,30 €
Piragüismo	22,80 €
Outros cursos até 6 h	6,15 €
Outros cursos até 20 h	15,40 €
Outros cursos por cada 10 h máis	6,15 €
Campamento de verán (7 días)	231,10 €
Campamento de verán (8 días)	256,75 €
Sendeirismo 1 día comarca de Ferrolterra	10,25 €
Sendeirismo 1 día fóra da comarca	20,55 €
Sendeirismo 2 días fóra da comarca	41.10 €
Culturais	Prezo €actividad
Verán máis alá (sen transporte. 1º membro ude familiar)	66.75 €
Verán máis alá (sen transporte. A partir do 2º membro ude familiar)	35,95 €
Verán máis alá (con transporte. 1º membro ude familiar)	87.30 €
Verán máis alá (con transporte. A partir do 2º membro ude familiar)	46.20 €
Outros cursos até 6 h	6,15 €
Outros cursos até 20 h	15,40 €
Outros cursos por cada 10 h máis	6,15 €
Xornadas (inscrición normal)	6,15 €
Xornadas (inscrición parados e estudantes)	3,10 €
Espectáculos con tarifa	3,10 €
Excursións 1 día comarca de Ferrolterra	10,25 €
Excursións de 1 día fóra da comarca	20,55 €

- Déixase sen contido o punto 1.1.1 do artigo 3º; o punto 2.1.4 do artigo 3º, e elimínase o primeiro parágrafo do artigo 2.1.5.

- Déixase sen contido o artigo 12.

-Dáse unha nova redacción ao parágrafo primeiro do artigo 5.3 quedando redactado do seguinte xeito:

“No momento de efectuar a inscrición deberá ordenarse a unha entidade bancaria a domiciliación do pagamento da taxa. Agás nas Escolas e obradoiros en que poderá optarse entre a renovación do pagamento mes a mes nas instalacións do Pavillón A Xunqueira ou mediante a domiciliación bancaria.”

-Introdúcense no artigo 5º os puntos catro e cinco coa seguinte redacción:

“4.As tarifas establecidas neste artigo poderan graduarse en función da capacidade económica do suxeito pasivo, en atención as seguintes condicións:

◆ **Ingresos familiares:** Que o conxunto dos ingresos da unidade de convivencia non superen o 170 % do S.M.I. vixente en cada momento para familias compostas por 4 ou mais membros..

Entenderase membros da unidade de convivencia todas as persoas que convivan no mesmo domicilio, haxa ou non relación de parentesco.Para o cómputo dos ingresos teranse en conta os ingresos netos, isto é, unha vez descontados dos ingresos brutos o IRPF e as cotas da seguridade social aboadas, así como os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda, se é o caso.

◆ **Rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:**Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera membro da unidade familiar sexan propietarios/os e/ou usufructarios/os de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender ao gasto obxecto da presente exención municipal, agás a propiedade referente á vivenda destinada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidade do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza, os que superen os 2.500 euros en contas de aforro ou investimento.

5.- As graduacións a que pode dar lugar a gradación da tasa en función da capacidade económica do suxeito pasivo son as seguintes:

Numero membros Unidade familia	Porcentaxe da exención	Porcentaxe do S.M.I. na unidade de convivencia
1 persoa soa en unidade de convivencia.	100 % para a 1ª actividade. 50 % para a 2ª actividade.	89 % do S.M.I.
2 persoas en unidade de convivencia.	100 % para a 1ª actividade 75 % para a 2ª actividade. 50 % para 3ª actividade	105 % S.M.I.
2 persoas en unidade de convivencia, cando sexa menor de idade ou discapacitado/a.	100 % para a 1ª actividade 75 % para a 2ª actividade 75 % para 3ª actividade.	115 % do S.M.I.
3 persoas en unidade de convivencia	75 % para a 1ª actividade 50 % para a 2ª e 3ª activi 100 % na 1ª actividade. 75 % para a 2ª 50 % para a 3ª	150 % do S.M.I.
3 persoas en unidade de convivencia cando 1 ou 2 sexan	75 % para a 1ª actividade 50 % para a 2ª e 3ª actividade	160 % do S.M.I.

menores de idade ou discapacitado/as	100 % para a 1ª-2ª actividade e 75 % para a 3ª act.	
4 ou máis persoas en unidade de convivencia.	75 % para a 1ª actividade. 50 % para a 2ª e 3ª.	165 % do S.M.I.
4 ou máis persoas en unidade de convivencia cando varios sexan menores de idade e/ou discapacitados/as.	100 % para a 1ª actividade. 75 % para a 2ª actividade 50 % para a 3ª e 4ª actividade.	170 % do S.M.I. vixente.

ORDENANZA Nº3: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL DOS POSTES PARA LINEAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN, OU DE REXISTRO, RIELES E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PUBLICO LOCAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS.

Intégranse as tarifas establecidas no artigo 5.2 desta Ordenanza no artigo 5.3 da ordenanza numero 5 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio publico local por ocupación do subsolo, solo e espazo aereo en superficies de uso publico local, e,, derógase esta Ordenanza.

Por outra banda, a numeración empregase para a introducción dunha nova ordenanza.

ORDENANZA Nº4 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS ENTRADAS DE VEHICULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS, E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHICULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE.

Modifícanse as tarifas recollidas no artigo 5 da citada ordenanza no seguinte senso:

Tarifa Primeira:

Por cada entrada ó ano:	Euros
Almacens ó por maior e fábricas	216,42
Empresas de transportes de viaxeiros e mercancías	357,99
Establecementos de exposición e venda de vehículos automóviles	92,69
Garaxes industriais e particulares o ano: Por cada vehículo que, de conformidade coa licencia obtida, poda aparcarse, 12.93 cun mínimo de	39.86

Talleres: Mecánicos e de servicios de reparación, pintura e lavados e outros similares	110,75
Outras actividades de tipo comercial:	110,74

Tarifa Segunda:

Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espacio destinada a estacionamento, ó ano:

Concepto	Euros/ml
a) Reservas permanentes para carga e descarga	42,68
b) Reservas de duración limitada: de 8 a 11 horas	21,81
b) Reservas de duración limitada: de 11 a 14 horas	42,68
b) Reservas de duración limitada: de 14 a 16 horas	20,37
b) Reservas de duración limitada: de 16 a 19 horas	42,89

Tarifa Terceira:

	Euros
Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano por cada un	84,23

Tarifa Cuarta:

Reserva de espacio con carácter temporal, por m.l. ou fracción de calzada:	Euros
a) Servicio de mudanzas, día cun mínimo de 29.67 €	5,08
b) Vehículos de exposición, día	11,66
c) Outros usos, día (cun mínimo de 11.34 €	1,95

Tarifa Quinta:

Por unidade:	Euros
Por cada peche de rúa	158,31

ORDENANZA Nº5: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR OCUPACIÓN DE SUBSOLO, SOLO E ESPAZO AEREO EN SUPERFICIES DE USO PÚBLICO LOCAL.

Dase unha nova redacción á ordenanza enteira, modificando as tarifas establecidas no artigo 5 da ordenanza (en vigor no ano 2007, pasa a tarifa ao artigo 6 e engádense a este artigo as tarifas recollidas na ordenanza numero 3 relativa a tasa reguladora da utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio publico local dos postes para lineas, cables,

palomillas, caixas de amarre, de distribución, ou de rexistro, rieles e outros analógos que se establezcan nas vías públicas ou outros terreos do dominio público local.

O texto íntegro da ordenanza é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL Nº 5

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO DE SUBSOLO, SOLO E ESPAZO AÉREO EN SUPERFICIES DE USO PÚBLICO LOCAL.

Artigo 1º. Fundamento legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, e de conformidade co previsto no artigo 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do subsolo, solo e espazo aéreo en superficies de uso público local* a que se refire o artigo 20.3 e) do propio Real Decreto Legislativo, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden a o previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo da vía pública.

Artigo 3º.- Beneficios fiscais.

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando solicitaran licenza para disfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.

2.- Polo demais, non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda respecto da taxa regulada pola presente Ordenanza, salvo os beneficios previsto en normas con rango de lei ou en tratados internacionais.

Artigo 4º. Obrigados tributarios

1. É obrigado tributario, en concepto de contribuíntes, a persoas físicas e xurídica así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos expresado Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 42 da LXT.

2. Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 43 da LXT.

3.-A responsabilidade esixírase en todo caso, nos termos e con arreglo ó procedemento previsto na nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Artigo 5º. Base imponible

Tomarase como base imponible para a determinación da cuota tributaria, o tempo de duración dos aproveitamentos e a magnitude deste , medida en metros lineais, cúbicos ou cadrados, segundo a natureza da ocupación.

Artigo 6. Tarifas

Aplicaranse as seguintes tarifas por anos:

Tarifa	Concepto	Zonas 1, 2 e 3	Zonas 4, 5 e 6	Zona 7	Zona 8
1. Rieles, transformadores, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cabos, tubos, e outros elementos análogos no subsolo.	Tubos de condución de auga de menos 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,28	0,16	0,10	0,54
	Tubos de condución de auga de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,54	0,33	0,23	1,10
	Tubos de condución de auga de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,82	0,49	0,33	1,64
	Cabos de condución eléctrica soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,28	0,16	0,10	0,54
	Cabos de condución telefónica e/ou telemática (voz e datos) soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,54	0,33	0,23	1,10
	Tubos de condución de gas de 50 mm de diámetro , por m lineal ou fracción e semestre	0,54	0,33	0,23	1,10
	Tubos de condución de gas de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	1,10	0,34	0,44	2,20
	1. Tubos de condución de gas de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal 2. 3. 4. ou fracción e semestre	2,20	1,32	0,87	4,40
	Outros cabos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	0,82	0,49	0,33	1,64

	Outros tubos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre				
		3,29	1,97	1,31	6,58
2. Grúas, guindastres e outros elementos análogos	Por cada elemento no que o brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, por semestre	131,63	65,81	32,91	219,39
3. Depósitos	De combustíbel, por m3 de capacidade	2,74	1,64	1,10	5,49
	De outras substancias, por m3 de capacidade	1,37	0,82	0,54	2,74
4. espacio aereo ocupado por postes, cables, rieles o palomillas	Por cada m2 de superficie ocupada con postes	1,78	1,49	2,86	0,69
	Por cada m2 de superficie ocupada con cables	2,52	2,11	1,45	0,35
	Por cada metro cuadrado ocupado por rieles	1,25	1,32	0,75	0,18

as categorías correspóndense coas seguintes zonas tal e como figuran no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral:

Categoría 1: Correspóndese coa zona Industrial (nº 8) da Ordenanza Fiscal Xeral.

Categoría 2: Correspóndese coas zonas 1,2,3 da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 3: Correspóndese coas zonas 4, 5, 6, da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 4: Correspóndese coa zona rural (numero 7) da Ordenanza Fiscal Xeral.

2.- No suposto en que o espacio afectado figure na confluencia de dúas ou máis rúas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

Nota para a aplicación da tarifa: As instalacións e aparatos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes, pero que realizan un aproveitamento do subsolo, solo e vo da vía pública sustancialmente igual os enunicados estarán sometidos a tarifa do aparato ou instalación que mais se lle asemelle.

ARTIGO 7: Reintegros de gastos de reconstrucións e indemnizacións.

Cuando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, estará obrigado :

a) ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe ou aval por dita cantidade, según á conta que formule a oficina técnica municipal. Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

b) a Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.	Tarifa
1.- Por cada metro cadrado de zanja aberta en terra, aínda que a reconstrucción a efectúe o interesado...	0.15
2.- Por cada metro lineal de bordillo sobre beirarrúa...	0.65
3.- Por cada metro lineal de bordillo sobre formigón..	0.92
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada, calquera que sexa o material da mesma....	1.10
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0.47
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1.10
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0.58
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou loseta asfáltica sobre formigón...	1.49
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0.82
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodadura conservando o formigón de cemento...	0.40
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0.66

En ningún caso efectuarase a liquidación por cantidade inferior á superficie ocupada dun metro cadrado.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado

Artigo 8º.- Devengo.

A taxa devengarase cando se solicite a licenza para o aproveitamento ou , a falta de solicitude, cando se inicie o mesmo. Cando se trate de aproveitamentos continuados no tempo, o primeiro día do ano natural.

As cuotas serán irreductibles por periodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

Artigo 9º.- Normas de xestión, administración e cobranza

Tratandose de concesións de novos aproveitamentos.

1. As licencias para realizar estes aproveitamentos solicitaranse por medio de instancia no rexistro xeral do Concello, acompañada dos documentos que deba presentar o interesado. Neste caso, exisirase:

- c) un plano da superficie que se pretende utilizar e da súa situación no Concello
- d) unha liquidación provisional que terá carácter de depósito previo.

2. Tramitado o expediente, dictarase resolución, que pode:

- c) conceder e elevar a definitiva a liquidación definitiva a liquidación practicada no momento da solicitude
- d) ou denegando a correspondente licenza.

3. Esta resolución será notificada ao interesado.

Nesta resolución se revisará a liquidación practicada realizando os abonos ou existindo as diferencias que procedan.

4. A resolución que autoriza o aproveitamento establecerá o tempo de duración do mesmo. Transcurrido dito prazo entenderase caducadas.

5. Polo que respecta as fianzas ou avais presentados, non se devolverán ata que se acredite o cumprimento das obrigas de toda indole.

6.- Cando se trate de obras que deben ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cabos, etcétera) poderanse iniciar sen ter obtido a autorización municipal con obriga de solicitar a licenza dentro das 24 h seguintes ao comezo das obras e xustificar a razón da súa urxencia.

7.- Autorizada a licenza, entenderase esta prorrogada automaticamente entanto non se solicite a baixa polo interesado, ou se declare a súa caducidade.

A presentación da baixa xurdirá efectos a partir do día primeiro do trimestre seguinte a aquel no que se causa dita baixa. A non presentación da baixa, determinará a obriga de seguir aboando a taxa.

Tratandose de concesión de aproveitamentos xa autorizados:

Cando a natureza da taxa esixa o reporte periodico desta, o mesmo terá lugar o un de xaneiro de cada ano e o periodo impositivo comprenderá o ano natural, puidendo prorratearse por trimestre naturais. Neste caso incorporarase a taxa ao correspondente padrón fiscal.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos Arts. 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento, e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Racadación

Disposición final: Aprobación e vixencia

A presente Ordenanza que consta de dez artigos entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008 e premanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA Nº6: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL, CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, VALLAS, PUNTUAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANALOGAS.

- Modifícase a tarifa establecida no artigo 10 da ordenanza, nos seguintes termos:

ZONA	DESCRIPCION DO TIPO DE RUA	CUSTO OCUPACION M/MES EUROS
A	Zona Industrial (numero 8) tal e como figura na clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral.	4,81
B	Zonas 1 , 2, 3 segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	4,32
C	Zonas 4, 5 , 6, segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	3,01
D	Zona rural (numero 7) do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	2,06

- Dáse unha nova redacción ao artigo Artigo 11.3., quedando o mesmo redactado como segue:

“ O Concello requerirá a presentación dos documentos de homologación, montaxe etc dos equipos ou elementos a instalar.”

- Déixase sen contido o Artigo 12..

- Dáse unha nova redacción ao Artigo 13., quedando o mesmo redactado como segue:

“ En todo caso, as infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral tributaria e a súa normativa de desenrolo e a Ordenanza Xeral de Inspeccion , Xestion e Recadacion”

ORDENANZA Nº7:REGULADORA DA TASA POLO SUMINISTRO DE AUGA.

Dáse unha nova redacción ao artigo 4 da ordenanza, quedando redactado nos seguintes termos::

“4.1.- A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na Tarifa seguinte (IVE incluído ó tipo actual vixente do 7%).

	Euros
a) Cuota de servizo por aboado/trimestre	3,316
b) Importe por m3 de auga consumida:	
b.1.- Aboados domésticos, industriais e obras:	
Tramo I: Polo volume consumido entre 0 e 36 m3/trin	0,26928002
Tramo II: Polo volume consumido entre 37 a 54 m3/ti	0,33660003
Tramo III: Polo volume consumido superior a 54 m3/t	0,53856119
b.2.- Empresas navais	0,33660065
b.3.- Aboados Polígono Industrial	0,6732012

4.2.- As tarifas establecidas no artigo 4 poderán graduarse ao abeiro do establecido no artigo 24.4 do Texto Refundido da LEi Reguladora das Facendas Locais, en función da capacidade económica do suxeito pasivo en atención as seguintes condicións,

Os clubs e entidades deportivas de Fene que utilicen os Pavillóns Polideportivos do Ramo e San Valentín poderán solicitar acollerse ao correspondente concerto económico. Ao abeiro deste concerto, as entidades beneficiarias dos mesmos aboarán o setenta por cento (70%) das tarifas fixadas para a utilización das citadas instalacións. O pagamento polas entidades concertadas efectuarase a ano vencido, no mes de decembro de cada exercicio, en función das horas de utilización das instalacións e das características das actividades realizadas. A aprobación dos devanditos concertos correspóndelle ao Concello Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo.

As condicións de financiamento das Escolas incluídas nos Planos Especiais e Conveniadas coas Sociedades determinarase ao comezo de cada curso escolar.

Artigo 7º.

O clube de Fene que ao comezo de cada tempada milite na categoría de maior rango federativo na súa respectiva modalidade e utilice os pavillóns polideportivos do O Ramo ou A Xunqueira para adestramentos e partidos de competición poderá solicitar acollerse a un concerto económico co Concello para xestionar a publicidade estática das instalacións nas seguintes condicións:

- O Clube aboará ao Concello, ao remate da tempada, as cantidades que se detallan por cada anuncio que insira na instalación:

Publicidade perimetral na pista	
Medidas en cms, largura e altura	
195 x 200	2 €/anuncio/mes
200 x 85	2 €/anuncio/mes
200 x 100	4 €/anuncio/mes

- O clube procederá a retirar a publicidade unha vez rematada a tempada de competición.

Bonificacións:

Artigo 8º .

Segundo o establecido na lexislación vixente, e previos os informes que se estimen oportunos, o órgano competente do Concello poderá outorgar bonificacións sobre o importe dos dereitos da presente tarifa relativos á utilización de instalacións deportivas e culturais, e mesmo a total condonación deles, sempre que se trate da utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos ou culturais de carácter especial, entendendo por tales aqueles que gozan dunha especial relevancia para a comunidade local ou que contén con colaboración municipal.

Artigo 9º .

As persoas ou entidades interesadas na obtención das bonificacións citadas no artigo anterior, presentarán a correspondente solicitude no Rexistro Xeral do Concello, acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión. As citadas solicitudes presentaranse cun mínimo de dez días de antelación á celebración da actividade en cuestión.

Bonificacións.

Artigo 10º .

Estarán exentos do pagamento das tarifas por utilización dos Pavillóns do Ramo e de San Valentín o Concello de Fene, os colexios públicos do concello, os partidos políticos e centrais sindicais con implantación municipal así como os órganos de representación do cadro de persoal do Concello.

Artigo 11º .

Estarán exentos do pagamento das tarifas por utilización dos ximnasiaos, instalacións deportivas descubertas e instalacións culturais o Concello de Fene, os colexios públicos do concello, os partidos políticos e centrais sindicais con implantación municipal, os órganos de representación do cadro de persoal do Concello e as entidades inscritas ou que solicitaran a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.

Artigo 12º .

Sen contido

Artigo 13º

As persoas veciñas de Fene ou que traballen no concello e acrediten esta condición nos termos que se establezan na convocatoria, terán unha redución do 34% nas tarifas do campamento de verán de 7 días de duración e do 35,6% nas do campamento de 8 días de duración.

Administración e cobranza.

Artigo 14º .

1. Poderase acordar o depósito previo do importe dos dereitos pola utilización das instalacións deportivas e culturais ás que se fai referencia na presente Ordenanza.
2. O período de cobro será do 13 o 26 de cada mes. Cando se trate da utilización das instalacións deportivas e culturais, as tarifas considéranse reportadas e cobradas simultaneamente coa petición das instalacións, agás no caso das entidades concertadas.

3. As licencias para utilización das instalacións deportivas, cando se trate de espectáculos non deportivos ou deportivos de carácter extraordinario, solicitaranse por medio de instancia dirixida ao Alcalde.

Tramitación.

Artigo 15º .

1. As solicitudes de utilización das instalacións dos Pavillóns Polideportivos do Ramo e de San Valentín así como as utilizacións especiais da Piscina de Centieiras (cursos, competicións...) presentaranse nas oficinas do Pavillón da Xunqueira.

2. As solicitudes de alugueiro de rúas nos termos e condicións establecidos na Ordenanza hase entregar na Piscina Municipal.

3. As solicitudes de utilización das instalacións da Casa da Cultura presentaranse na Secretaría da Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo en modelo oficial e cun mínimo de 72 horas de antelación

4. Unha vez concedida a autorización para a utilización das instalacións, practicarase a liquidación dos dereitos e taxas oportunas procedéndose á súa censura pola intervención municipal.

5. Os correspondentes órganos da corporación adoptarán as resolucións que procedan en canto ao outorgamento e denegación e, así mesmo, aprobarán as liquidacións dos dereitos correspondentes.

Partidas falladas.

Artigo 16º .

Considéranse partidas falladas ou créditos incobráveis aquelas cotas que non se puidesen facer efectivas polo procedemento de prema. Para a súa declaración instruírase o oportuno expediente, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Obriga de pagamento.

Artigo 17º .

As débedas por estas taxas poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Infraccións e sancións

Artigo 18º .

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

Dereito supletorio.

Artigo 19º .

Naqueles supostos non previstos pola presente Ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente.

Disposición final.

A presente Ordenanza, que consta de 17 artigos, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2008, agás as tarifas fixadas na totalidade do artigo 5.2 desta ordenanza (tarifas pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos) que serán de aplicación no curso escolar 2008/2009 permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación

ORDENANZA FISCAL Nº 4

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARÚAS, E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO

EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE.-

FUNDAMENTO LEGAL

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do R D Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, , este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancias de calquera clase.*

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2º.-

Constitue o feito imponible da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancias de calquera clase.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3º.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro , que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos expresados no anterior artigo.

Terán a condición de substitutos do contribuinte, nas taxas establecidas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por entradas de vehículos a través das beirarrúas e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais a que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cuotas sobre os respectivos beneficiarios

RESPONSABLES

ARTIGO 4º.-

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo conforme o establecido no artigo 42 da LXT.

2.- Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo conforme o establecido no artigo 43 da LXT.

3.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e con arranxo ó procedemento previstos na nova Lei Xeral Tributaria 58/03.

CUOTA TRIBUTARIA

ARTIGO 5º.-

1.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, según o seguinte:

Tarifa Primeira:

Por cada entrada ó ano:	Euros
Almacens ó por maior e fábricas	216,42
Empresas de transportes de viaxeiros e mercancías	357,99
Establecementos de exposición e venda de vehículos automóviles	92,69
Garaxes industriais e particulares o ano: Por cada vehículo que, de conformidade coa licencia obtida, poda aparcarse, 12.93 cun mínimo de	39,86
Talleres: Mecánicos e de servizos de reparación, pintura e lavados e outros similares	110,75
Outras actividades de tipo comercial:	110,74

Para a aplicación da Tarifa precedente, teránse en conta as seguintes normas:

a) As entradas para garaxes particulares limitaranse, nos casos das rúas con edificación en lineal mixto e mazá pechada a aquelas edificacións que se sitúen dentro de ordenación en canto a volume, neste caso según as determinacións do planeamento vixente reservándose o Concello a posibilidade de autorizacións con carácter permanente en casos excepcionais e de recoñecida necesidade, que deberá ser valorada previo informe dos servizos municipais, pola Xunta de Goberno Local .

b) Igualmente poderá concederse unha autorización permanente nos casos que aínda non axustándose a edificación á ordenación a que fai mención o apartado anterior , ésta dispoña dun mínimo de tres vehículos censados no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica municipal no enderezo no que se solicita o vado, pertencentes a persoas residentes no mesmo domicilio; debendo esta condición ser mantida en todo momento para garantir a permanencia na concesión do vado.

c) Os obrigados ó pago declarararán os elementos tributarios que utilicen, especificando as características dos mesmos, e comunicando calquera variación que deba repercutir na contía da Tarifa, así como en caso de construción de badén autorizado, dar conta á Administración da data na que remate a construción.

Tarifa Segunda:

Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espazo destinada a estacionamento, ó ano:

Concepto	Euros/ml
a) Reservas permanentes para carga e descarga	42,68
b) Reservas de duración limitada: de 8 a 11 horas	21,81
b) Reservas de duración limitada: de 11 a 14 horas	42,68
b) Reservas de duración limitada: de 14 a 16 horas	20,37
b) Reservas de duración limitada: de 16 a 19 horas	42,89

Tarifa Terceira:

	Euros
Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano por cada un	84.23

Tarifa Cuarta:

Reserva de espacio con carácter temporal, por m.l. ou fracción de calzada:	Euros
a) Servicio de mudanzas, día cun mínimo de 29.67 €	5,08
b) Vehículos de exposición, día	11,66
c) Outros usos, día (cun mínimo de 11.34 €	1,95

Tarifa Quinta:

Por unidade:	Euros
Por cada peche de rúa	158.31

As reservas estarán sinalizadas coas placas que subministrará o Concello ó precio de custe das mesmas.

2.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen perxucio do pago da taxa a que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe, según á conta que formule a oficina técnica municipal.

Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruidos ou a o importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

NORMAS DE XESTION, ADMINISTRACION E COBRANZA.

ARTIGO 6º.-

1.- As persoas ou entidades interesadas na concesión da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público local regulado nesta Ordenanza, terán que solicitar previamente a correspondente licencia e formular declaración na que consten as características do aproveitamento, acompañando un plano da superficie que se pretende utilizar e da súa situación dentro do municipio.

2.- No momento de presentación da solicitude efectuarase unha liquidación provisoira que terá carácter de depósito previo e se elevará a definitivo unha vez concedida a correspondente licencia ou autorización, previas as comprobacións que procederan por parte dos servicios municipais.

3.- Os servicios técnicos do Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias; si se diran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados, concedendose as autorizacións unha vez subsanadas.

4.- As cantidades esixibles con arranxo as tarifas, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán prorrateables por trimestres naturais respecto dos períodos sinalados nos respectivos epígrafes no caso de que o aproveitamento sexa periódico.

5.- Consideraranse caducadas as licencias si, despois de concedidas, trancorriran trinta días sin ter comenzado o aproveitamento, que deberá realizarse sin interrupción unha vez

iniciado, agas que se especifique outro prazo na resolución de concesión da respectiva licencia.

6.- Autorizada a licencia, para a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local para entradas de vehículos a través de beirarrúas, entenderase ésta prorrogada automáticamente mentras non se solicita a baixa polo interesado, ou se declare a súa caducidade.

A presentación da baixa surtirá efectos a partires do día primeiro do período natural de tempo seguinte a aquel no que se causa dita baixa.

A non presentación da baixa, determinará a obriga de seguir aboando a taxa.

DEVENGO.

ARTIGO 7º.-

1.- A obriga de pago nace :

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública: cando se inicie o uso, si ben no momento en que se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente deberá realizarse o depósito previo total da liquidación.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados: cando a natureza material da taxa esixa o devengo periódico desta, o mesmo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, en cuio caso o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguente prorrateo da cuota, que se realizará por trimestres naturais.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o dereito a utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenrole, procederá a devolución do importe correspondente.

2.- O pago da taxa efectuarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos: por ingreso directo na Caixa da Tesourería Municipal, na entidade bancaria correspondente ou donde establecera o Concello, con anterioridade á entrega da correspondente licencia ou autorización.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados: unha vez incluídos nos padróns ou matrículas da taxa por períodos anuais, nas oficinas de Recadación, ou por domiciliación bancaria no período de cobranza que se estableza ó efecto.

EXENCIONS E BONIFICACIONS.-

ARTIGO 8º.-

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando solicitaren licencia para disfruta dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1 desta Ordenanza, sempre que sexan necesarios para os servicios públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.

2.- Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda, respecto da taxa regulada pola presente ordenanza.

NOTIFICACIONES DAS TAXAS.

ARTIGO 9º.-

Nos supostos de aproveitamentos especiais continuados a taxa que ten carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante o alta no rexistro de contribuintes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboeiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincial.

INFRACCIONS E SANCIONS

ARTIGO 10º.-

As infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento, e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación

APROBACION E VIXENCIA

DISPOSICION FINAL

1.- A presente Ordenanza, que consta de dez artigos e unha disposición final entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 5

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E ESPAZO AÉREO EN SUPERFICIES DE USO PÚBLICO LOCAL.

Artigo 1º. Fundamento legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, e de conformidade co previsto no artigo 15 a 19 do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do subsolo, solo e espazo aéreo en superficies de uso público local* a que se refire o artigo 20.3 e) do propio Real Decreto Legislativo, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden a o previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo.

Artigo 2º. Feito impositivo

Constitúe o feito impositivo da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo da vía pública.

Artigo 3º.- Beneficios fiscais.

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando solicitaran licenza para disfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.

2.- Polo demais, non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda respecto da taxa regulada pola presente Ordenanza, salvo os beneficios previsto en normas con rango de ley ou en tratados internacionais.

Artigo 4º. Obrigados tributarios

1. É obrigado tributario, en concepto de contribuíntes, a persoas físicas e xurídica así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos expresado Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 42 da LXT.

2. Responderan subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo totalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 43 da LXT.

3.-A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e con arreglo ó procedemento previsto na nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Artigo 5º.Base imponible

Tomarase como base imponible para a determinación da cuota tributaria, o tempo de duración dos aproveitamentos e a magnitude deste , medida en metros lineais, cúbicos ou cadrados, segundo a natureza da ocupación.

Artigo 6. Tarifas

Aplicaranse as seguintes tarifas por anos:

Tarifa	Concepto	Zonas 1, 2 e 3	Zonas 4, 5 e 6	Zona 7	Zona 8
1.Rieles, transformadores, cauxas de amarre distribución e de rexistro, cabos, tubos, e outros elementos análogos no subsolo.	Tubos de condución de auga de menos 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,28	0,16	0,10	0,54
	Tubos de condución de auga de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,54	0,33	0,23	1,10
	Tubos de condución de auga de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,82	0,49	0,33	1,64

	Cabos de condución eléctrica soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,28	0,16	0,10	0,54
	Cabos de condución telefónica e/ou telemática (voz e datos) soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,54	0,33	0,23	1,10
	Tubos de condución de gas de 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,54	0,33	0,23	1,10
	Tubos de condución de gas de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	1,10	0,34	0,44	2,20
	Tubos de condución de gas de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	2,20	1,32	0,87	4,40
	Outros cabos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	0,82	0,49	0,33	1,64
	Outros tubos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	3,29	1,97	1,31	6,58
2. Grúas, guindastes e outros elementos análogos	Por cada elemento no que o brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, por semestre	131,63	65,81	32,91	219,39
3. Depósitos	De combustíbel, por m3 de capacidade	2,74	1,64	1,10	5,49
	De outras substancias, por m3 de capacidade	1,37	0,82	0,54	2,74
4. espacio aereo ocupado por postes, cables, rieles o palomillas	Por cada m2 de superficie ocupada con postes	1,78	1,49	2,86	0,69
	Por cada m2 de superficie ocupada con cables	2,52	2,11	1,45	0,35
	Por cada metro cuadrado ocupado por rieles	1,25	1,32	0,75	0,18

as categorías correspóndense coas seguintes zonas tal e como figuran no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral:

Categoría 1: Correspóndese coa zona Industrial (nº 8) da Ordenanza Fiscal Xeral.

Categoría 2: Correspóndese coas zonas 1,2,3 da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 3: Correspóndese coas zonas 4, 5, 6, da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 4: Correspóndese coa zona rural (numero 7) da Ordenanza Fiscal Xeral.

2.- No suposto en que o espacio afectado figure na confluencia de dúas ou máis rúas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

Nota para a aplicación da tarifa: As instalacións e aparatos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes, pero que realizan un aproveitamento do subsolo, solo e vo da vía pública sustancialmente igual os enunicados estarán sometidos a tarifa do aparato ou instalación que mais se lle asemelle.

ARTIGO 7: Reintegros de gastos de reconstrucións e indemnizacións.

Cuando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, estará obrigado :

a) ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe ou aval por dita cantidade, según á conta que formule a oficina técnica municipal. Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

b) a Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.	Tarifa
1.- Por cada metro cadrado de zanxa aberta en terra, aínda que a reconstrucción a efectúe o interesado...	0.15
2.- Por cada metro lineal de bordillo sobre beirarrúa...	0.65
3.- Por cada metro lineal de bordillo sobre formigón..	0.92
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada, calquera que sexa o material da mesma....	1.10
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0.47
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1.10
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0.58
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou loseta asfáltica sobre formigón...	1.49
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0.82
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodadura conservando o formigón de cemento...	0.40
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0.66

En ningún caso efectuarase a liquidación por cantidade inferior á superficie ocupada dun metro cadrado.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado

Artigo 8º.- Devengo.

A taxa devengarase cando se solicite a licenza para o aproveitamento ou , a falta de solicitude, cando se inicie o mesmo. Cando se trate de aproveitamentos continuados no tempo, o primeiro día do ano natural.

As cuotas serán irreductibles por periodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

Artigo 9º.- Normas de xestión, administración e cobranza

Tratandose de concesións de novos aproveitamentos.

1. As licencias para realizar estes aproveitamentos solicitaranse por medio de instancia no rexistro xeral do Concello, acompañada dos documentos que deba presentar o interesado. Neste caso, exisirase:

- g) un plano da superficie que se pretende utilizar e da súa situación no Concello
- h) unha liquidación provisional que terá carácter de depósito previo.

2. Tramitado o expediente, dictarase resolución, que pode:

- g) conceder e elevar a definitiva a liquidación definitiva a liquidación practicada no momento da solicitude
- h) ou denegando a correspondente licenza.

3. Esta resolución será notificada ao interesado.

Nesta resolución se revisará a liquidación practicada realizando os abonos ou existindo as diferencias que procedan.

4. A resolución que autoriza o aproveitamento establecerá o tempo de duración do mesmo. Transcurrido dito prazo entenderase caducadas.

5. Polo que respecta as fianzas ou avais presentados, non se devolverán ata que se acredite o cumprimento das obrigas de toda indole.

6.- Cando se trate de obras que deben ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cabos, etcétera) poderanse iniciar sen ter obtido a autorización municipal con obriga de solicitar a licenza dentro das 24 h seguintes ao comezo das obras e xustificar a razón da súa urxencia.

7.- Autorizada a licenza, entenderase esta prorrogada automaticamente entanto non se solicite a baixa polo interesado, ou se declare a súa caducidade.

A presentación da baixa xurdirá efectos a partir do día primeiro do trimestre seguinte a aquel no que se causa dita baixa. A non presentación da baixa, determinará a obriga de seguir aboando a taxa.

Tratandose de concesión de aproveitamentos xa autorizados:

Cando a natureza da taxa esixa o reporte periodico desta, o mesmo terá lugar o un de xaneiro de cada ano e o periodo impositivo comprenderá o ano natural, puidendo prorratearse por trimestre naturais. Neste caso incorporarase a taxa ao correspondente padrón fiscal.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos Arts. 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento, e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección , Xestión e Racadación

Disposición final: Aprobación e vixencia

La presente Ordenanza, que consta de DEZ artigos entrará en vigor el 1 de enero de 2008y permanecerá eficaz hasta que se acuerde su modificación o derogación.

ORDENANZA NUMERO 6

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, VALLAS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS.

FUNDAMENTO LEGAL.-

ARTIGO 1º. -

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público local, con mercancías, materiais de construción, vallas, puntais, andamios e outras instalacións análogas.*

FEITO IMPOÑIBLE.-

ARTIGO 2º.-

Determinarase pola realización de calquera dos aproveitamentos sinalados no artigo 3º, e a obriga de contribuir nacerá no momento de solicita-la correspondente licenzia ou desde que se inicie o aproveitamento, cando se producira sen a oportuna autorización.

Respecto dos aproveitamentos mediante vallas, andamios, etc., a obriga de contribuír nacerá cando se solicite a licenzia para a execución das obras que leven aparellada a necesidade de instalalas, ou cando exista un beneficio do aproveitamento, si se procedera sen a oportuna autorización.

ARTIGO 3º.-

Será obxecto desta exacción a ocupación do solo e vó da vía pública con:

- a) Contenedores para recollida de materiais de entullos, en obras de construción e outras actividades similares.
- b) Vallas, puntais, andamios ou outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras que entestan.
- c) Mercancías.

ARTIGO 4º.-

Cando a utilización de vallas, andamios e outros elementos similares sexa obrigatoria por disposición das Ordenanzas de edificación deste Concello, ocasionarán o devengo dos dereitos aínda cando non sexan solicitadas polos interesados.

SUXEITO PASIVO.-

ARTIGO 5º.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos expresados no anterior 3º desta ordenanza.

Están obrigados solidariamente ó pago, as persoas naturais ou xurídicas:

- Titulares das respectivas licencias.
- Propietarios ou posuidores das obras ou edificios nos cales redunde o beneficio do aproveitamento.
- Quen materialmente realice o aproveitamento

RESPONSABLES.-

ARTIGO 6º.-

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelhada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen perxucio do pago da taxa a que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe, según á conta que formule a oficina técnica municipal.

Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

EXENCIONS.-

ARTIGO 7º.-

Estarán exentos do pago dos dereitos, os aproveitamentos resultantes de:

- a) Obras que realice directamente ou por administración o Estado, a Provincia, a Comunidade Autónoma e as Mancomunidades ou agrupacións de que forme parte o Municipio e as que éste execute ou contrate.
- b) Servicios de comunicacións e obras que inmediatamente interesen á seguridade e defensa do territorio nacional e que realicen, directamente ou por contrato, o Estado, a Provincia, a Comunidade Autónoma, as Mancomunidades ou agrupacións sinaladas no apartado anterior.

As exención sinaladas no número anterior declararanse pola administración municipal, previa solicitude dos interesados.

REDUCCIONS E BONIFICACIONES.-

ARTIGO 8º.-

Non se concederá redución ou bonificación ningunha.

BASE IMPOÑIBLE

ARTIGO 9º.-

Tomarase como base da presente exacción o tempo de duración dos aproveitamentos, en canto ós sinalados nos apartados a), b) e c) do artigo 3º respectivamente:

- A superficie, en metros cadrados, ocupada polos contenedores, cun mínimo de 6 m2.

- Os metros cadrados de vía pública delimitados ou sobreoados polas vallas, puntais, andamios ou outras instalacións análogas. A efectos da determinación da superficie ocupada por un andamio tomarase como ancho mínimo o de 1,20 m.
- Os metros cadrados de afección do dominio público que deriven da ocupación das mercancías.

CUOTA TRIBUTARIA.-

ARTIGO 10º.-

A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase atendendo ás características da vía na que se realice a ocupación.

A tal fin as rúas do municipio clasificaranse nas categorías que figuran de seguido.

Nos supostos en que o espazo afectado figure na confluencia de dúas ou mais rúas clasificadas en distintas categorías, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

ZONA	DESCRIPCION DO TIPO DE RUA	CUSTO OCUPACION M2/MES EUROS
A	Zona Industrial (numero 8) tal e como figura na clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral.	4,81
B	Zonas 1 , 2, 3 segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	4,32
C	Zonas 4, 5 , 6, segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	3,01
D	Zona rural (numero 7) do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	2,06

NORMAS DE XESTION, ADMINISTRACION E COBRANZA .-

ARTIGO 11º.-

1.- As persoas ou entidades interesadas na concesión da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público local regulado nesta Ordenanza , terán que solicitar previamente a correspondente licencia e formular declaración na que consten as características do aproveitamento, con expresión detaiada da súa natureza, tempo de duración do mesmo, lugar exacto donde se pretenda realizar, sistema de delimitación e, en xeral, cantas indicacións sexan necesarias para a exacta determinación do aproveitamento desexado.

2.- A exacción considerarase devengada dende quese inicie o uso, e liquidarase por cada aproveitamento solicitado e conforme ó tempo que o interesado indique ó solicita-la correspondente licencia en cuio momento se efectuará unha liquidación provisoira que terá carácter de depósito previo e se elevará a definitivo unha vez concedida a correspondente licencia ou autorización, previas as comprobacións que procederan por parte dos servizos municipais.

As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas, serán prorrateables por semanas naturais, respecto dos períodos sinalados nos respectivos epígrafes.

Se non se determinase tempo para o aproveitamento que se solicite, seguirán a se producir liquidacións pola Administración Municipal, polos períodos irreductibles sinalados nas tarifas, ó día primeiro de cada período mensual e ata que o contribuinte formule a pertinente

declaración de baixa, que surtirá efectos a partires do día primeiro do período natural de tempo seguinte a aquel no que se causa dita baixa.

A non presentación da baixa determinará a obriga de seguir aboando a taxa.

3.- O Concello requerirá a presentación dos documentos de homologación, montaxe etc dos equipos ou elementos a instalar.

4.- Consideraranse caducadas as licencias si, despois de concedidas, trancorriran trinta días sin ter comenzado as obras, que deberán realizarse sin interrupción unha vez iniciadas, agas que se especifique outro prazo na resolución de concesión da respectiva licencia.

5.- A presentación da baixa surtirá efectos a partires do día primeiro do período natural de tempo seguinte a aquel no que se causa dita baixa.

6.- A tarifa correspondente á ocupación da vía pública con vallas, puntais, andamios, etc. será susceptible de aplicación no caso de rúas sen urbanización.

7.- Cando se trate de ocupación con vallas da vía pública, con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se acade outra superior percibirase a cantidade de 13.24 euros/mes; tratándose de vallas voladas, andamios, puntais e outros elementos de apeo a cuota mínima será de 6.58euros/mes.

Os puntais e andamios que estén situados dentro do perímetro limitado pola valla non darán lugar á liquidación por tal tarifa, incluíndose nas cuotas correspondentes ó concepto específico de vallas. A partir do sexto mes a tarifa por ocupación da vía pública con vallas experimentará un incremento acumulativo do 10% por cada mes de exceso e mentras as obras non remataran.

INFRACCIONS E SANCIONS.

ARTIGO 12º.-

Sen contido

ARTIGO 13º.-

En todo caso, as infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral tributaria e a súa normativa de desenrolo e a Ordenanza Xeral de Inspeccion , Xestion e Recadacion

APROBACION E VIXENCIA.-

DISPOSICION FINAL.-

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 7

REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.-

FUNDAMENTO LEGAL.-

ARTIGO 1.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en relación có artigo 20.4.t) da mesma lei, e en uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos 15 a 19 do xa citado RD lexislativo 2/2004, este Concello establecece a taxa pola subministración de auga, que se rexerá pola presente Ordenanza.

FEITO IMPOÑIBLE.-

ARTIGO 2.-

Constitue o feito impoñible da taxa:

a) A actividade municipal técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de subministración de auga.

b) A prestación de servizos de subministración de auga potable, a través da rede de abastecemento municipal.

SUXEITO PASIVO.-

ARTIGO 3.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais, que preste ou realice o Concello, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.4 do RD Lexislativo 2/2004.

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza, quen se beneficie do servizo ou actividades prestados ou levados a cabo por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Terán a condición de substitutos do contribuinte, nas taxas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten ós ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cuotas sobre os respectivos beneficiarios.

A utilización do servizo da auga declárase obrigatorio cando os edificios poidan acometer á rede xeral de distribución.

CUOTA TRIBUTARIA.-

ARTIGO 4.-

4.1.- A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na Tarifa seguinte (IVE incluído ó tipo actual vixente do 7%).

	Euros
a) Cuota de servicio por aboado/trimestre	3.316
b) Importe por m3 de auga consumida:	
b.1.- Aboados domésticos, industriais e obras:	
Tramo I: Polo volume consumido entre 0 e 36 m3/trimestre	0,26928002
Tramo II: Polo volume consumido entre 37 a 54 m3/trimestre	0,33660003
Tramo III: Polo volume consumido superior a 54 m3/trimestre	0,53856119
b.2.- Empresas navais	0.33660065
b.3.- Aboados Polígono Industrial	0,6732012

4.2.- As tarifas establecidas no artigo 4 poderán graduarse ao abeiro do establecido no artigo 24.4 do Texto Refundido da LEI Reguladora das Facendas Locais, en función da capacidade económica do suxeito pasivo en atención as seguintes condicións:

a) ingresos familiares

♦ Para 1 persoa sóa: pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.

♦ Para 2 persoas en unidade de convivencia: a pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 con cónxuxe a cargo.

♦ Para 3 ou máis persoas en unidade de convivencia: non superar o 110 % do Salario Mínimo Interprofesional estipulado para cada ano.

Os ingresos netos que perciba o/a solicitante e os demais membros da unidade familiar nos 6 meses anteriores á solicitude.

Para o cálculo do conxunto dos ingresos familiares realizarase a seguinte operación:

• **Ingresos netos anuais (-) gastos de aluguer de vivenda/amortización anuais = ingresos familiares netos anuais.**

• Para o cálculo dos ingresos anuais teranse en conta os seguintes aspectos:

-Para os pensionistas a pensión que cobrarán no ano en curso.

-Para os desempregados/as e as persoas que aleguen outras circunstancias, deberán xustificar os ingresos obtidos por todos os conceptos, nos últimos 6 meses anteriores á data de solicitude.

e) **Ingresos procedentes de rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:**

Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera outro membro da unidade familiar sexan propietarios/as e/ou usufructuarios/as de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da presente exención municipal, *agás a propiedade referente á vivenda destiñada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.*

No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse **medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza os que superen os 2.500 euros en contas de aforro ou investimento.**

♦ **Posesión de vehículo:**

Non poderán ser propietarios dun vehículo no domicilio familiar de uso particular ou comercial, independentemente da titularidade do mesmo.

4.3.- A redución a que pode dar lugar a gradación da tasa en función da capacidade económica do suxeito pasivo e do 100% da tasa.

ARTIGO 5.-

A empresa concesionaria da explotación do servizo, levará a cabo a conservación dos contadores instalados mediante o seu mantemento e amaño de calquera desperfecto que neles se producira, agás por negligencia demostrable na súa manipulación ou por outros danos non imputables ó normal disfrute do servizo, que serán por conta do aboado.

O importe establecido pola conservación de contadores será o seguinte, IVE incluído ó tipo actual do 16 %:

Diámetro do contador	Euros/aboado/trimestre
13, 15 e 20 mm	0,57848
25 a 30 mm	1,32224
40 mm	3,80144
50 mm	23,45943

Para outorgar novas pólizas de abono será indispensable que o usuario adquira o contador que deberá ser modelo homologado que cumpla coas determinacións aplicables ás instalacións interiores de subministro de auga da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, previa solicitude pola súa parte nas oficiñas da empresa concesionaria do servizo para a posterior comprobación da súa instalación, sin perxuízo das competencias que nesta materia ten atribuídas a Delegación Provincial da mencionada Consellería (Decreto nº 204/1994 da Consellería de Industria e Comercio)

Os contadores debidamente verificados, serán os seguintes:

Uso	Diámetro mínimo
Doméstico	13 mm
Industrial	20 mm

ARTIGO 6.-

Correrá a cargo da empresa concesionaria da explotación a conservación do ramal desde a tubería xeral de toma ata o pé do paramento exterior do muro da edificación; asemade correrá o seu cargo a reparación das avarias que se produzan no tramo de ramal que discorre desde a tubería xeral de toma ata o pé do paramento exterior do muro da finca

ou da alineación viaria do Plan Xeral no seu caso, ó importe que de seguido se indican I.V.E. incluído ó tipo vixente do 16 %:

	Euros
Acometida de auga por aboado/trimestre	0,52683

As reparacións derivadas das roturas na acometida, producidas por negligencia demostrable na súa manipulación o outros danos non imputables ó normal disfrute do servizo, serán por conta do aboado.

ARTIGO 7.-

Sobre o importe resultante da aplicación destas tarifas poderán outras administracións supramunicipais establecer recargos, cánones ou impostos que incrementarán o importe total do recibo.

ARTIGO 8.-

Entenderase por aboado, ós efectos desta Ordenanza, toda persoa natural capacitada legalmente para contratar, ou xurídica á que se lle concedera a prestación do servizo de auga.

ARTIGO 9.-

Os abonos para o servizo solicitaráanse calquera que sexa o uso a que se lles destina, mediante a oportuna petición de alta e subscripción de póliza de abono, na que o interesado declarará ademais da filiación, enderezo, D.N.I. ou C.I.F., fín e uso a que destinará o auga, fronte da vivenda, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo do que se pretenda a concesión e instalación do disfrute. As peticións levarán implícito o compromiso do petionario a cumprilas disposicións consignadas na presente Ordenanza.

Os contratos ou pólizas de abono serán facilitadas ou cubertas gratuitamente pola empresa concesionaria do servizo.

ARTIGO 10.-

Simultaneamente á firma da póliza de abono o usuario constituirá unha fianza por importe de 10 euros

ARTIGO 11.-

O contrato terá vixencia durante o tempo que o aboado ocupe a vivenda á que a póliza se refire, quedando obrigado éste a satisfacer-lo importe da cuota de servizo aínda que non se producira consumo .

ARTIGO 12.-

Cada contrato de subministración de auga, estará afecto a un so inmovible e unha soa vivenda.

ARTIGO 13.-

Baixo ningún concepto poderá un abonado ampliar a prestación para outros usos que os estipulados na póliza de abono, especular na súa venda ou cesión e dispor de toda ou parte da que ven asignada ó seu domicilio ou industria en favor dun terceiro, nin facer variacións de ningunha clase na instalación, sen coñecemento do Concello ou empresa concesionaria do servizo.

ARTIGO 14.-

Nas vivendas que exista instalación de auga, é obriga do propietario pasar aviso, á empresa concesionaria do servizo, das datas en que quede desalugada e nas que volva a ser ocupada.

No suposto de que o propietario non o notifique, deberá seguir aboando as cotas correspondentes ós recibos, que por facturación mínima corresponderán, ata que se faga efectiva a baixa.

A recadación da auga farase trimestralmente, mediante recibo, contabilizándose dentro do período o consumo realizado durante o mesmo, agás no caso de fraude que se realizará mediante actas de inspección.

Previamente á emisión trimestral do recibo, procederase con igual periodicidade á lectura do contador medidor no domicilio do subministro. No caso de contadores que se atopen no interior das vivendas deberá terse en conta o previsto no Regulamento de verificacións eléctricas no suministro de enerxía (Modificado polo RD 1725/1984 do Ministerio de Industria e Enerxía, BOE nº 230 de 24 de setembro, de aplicación ó subministro de auga en virtude do enunciado na Disposición Adicional 3ª do Decreto 99/1998 de 26 de marzo, DOG nº 63 de 2 de Abril) no que, entre outras consideracións, se establece:

a.- O sistema a empregar para a distribución e medición dos consumos particulares de cada abonado en edificios con mais de un usuario, será o de batería de contadores divisionarios nas condicións que establecen as normas básicas para as instalacións interiores de auga.

b.- Toda reforma ou modificación que se realice nas instalacións existentes que non dispoñan de batería de contadores, deberá ter en conta a obrigatoriedade de individualiza-la medición de consumos das diferentes vivendas e unidades de consumo do edificio mediante a instalación de batería de contadores divisionarios.

c.- Con independencia do anterior, todos aqueles edificios con mais dun usuario, que non dispoñan de batería de contadores divisionarios, deberán proceder á adecuación das súas instalacións comúns, dotandoas de batería de contadores antes da data de 31 de decembro do ano 2.000.

En calquera caso, se non se atopara no domicilio persoa algunha para realiza-la lectura do contador, o lector facilitará tarxeta de lectura na que o abonado deberá anotar ésta, entregando con posterioridade a mesma no buzón das oficinas da empresa concesionaria do servizo. Con carácter excepcional, tamén se admitirá que o abonado facilite a lectura telefónicamente.

DEVENGO E PAGO.-

ARTIGO 15.-

1.- O período impositivo coincidirá co ano natural e a él farán referencia as cotas sinaladas na Tarifa da presente Ordenanza. Se corresponde a servizos que se prestan sen periodicidade, comprenderán exclusivamente o acto aillado ó que se refiren.

2.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada:

a) Si se trata de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, cando o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se teña obtido ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

3.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, o devengo periódico destas taxas terá lugar o 01 de xaneiro de cada ano, liquidándose por trimestres naturais, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, en cuio caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte prorrateo trimestral da cuota.

4.- O abono das taxas realizarase durante o período determinado polo Concello iniciándose o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón.

5.- O servizo de subministración de auga terá carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista a subministración

ARTIGO 16.-

O cobro realizarase pola empresa concesionaria da explotación do servizo, nas súas oficinas recadatorias, podendo os usuarios do mesmo domicilia-lo pago dos seus recibos en entidades bancarias colaboradoras, sen prexuízo de que a administración municipal, excepcionalmente, estableza outra modalidade.

ARTIGO 17.-

Transcorridos os prazos que fixe o Concello para o cobro, en período voluntario poderán esixirse os recibos pendentes en vía de prema.

ARTIGO 18.-

As reclamacións sobre a recadación, por posibles erros de cálculo e outros motivos, efectuaranse na empresa concesionaria da explotación do servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presuma conteñan o erro ou omisión.

ARTIGO 19.-

No caso de traslado de domicilio do aboado éste seguirá a ser responsable do importe do consumo do auga da vivenda que deixou, se non se dera de baixa coa antelación suficiente nas oficiñas do servicio.

ACOMETIDAS.-

ARTIGO 20.-

O servicio de subministración da auga limitarase á zona que comprende a rede de distribución.

ARTIGO 21.-

A concesión de novas tomas ou acometidas á rede faranse mediante solicitude dos interesados nas oficiñas da empresa concesionaria da explotación do servicio, e con acordo adoptado polo Concello, previo informe.

As peticións terán de ser individuais, é dicir, unha por cada toma ou acometida.

ARTIGO 22.-

Os peticionarios de tomas ou acometidas que se soliciten para utiliza-la auga en fincas onde non existe rede de distribución, no caso de acceder a elo o Concello, deberán sufragalos gastos da ampliación da rede, e as obras deberán ser levadas a cabo pola empresa concesionaria da explotación do servicio, a cal realizará o control e dirección das mesmas xuntamente cos técnicos municipais.

ARTIGO 23.-

Os propietarios de fincas que non teñan contribuído a sufraga-los gastos de primer establecemento da rede xeral da auga nalgunha vía, cando soliciten levar a cabo a acometida para os seus inmobles, virán obrigados a paga-la extensión de rede xeral necesaria para que se produza tal acometida, baixo as condicións técnicas de dimensión e instalación que os servicios municipais dispoñan.

ARTIGO 24.-

Unha toma ou acometida servirá soamente para a finca que foi pedida, sen que se permita extendela a varias, aínda estando contiguas e pertencendo ó mesmo dono, agás por conveniencia na distribución do servicio, realizándose neste caso mediante derivación fora da finca primitiva.

ARTIGO 25.-

Se por a venta u outras causas se dividira a propiedade, os novos titulares virán obrigados a executar unha toma independente para cada un deles.

ARTIGO 26.-

Toda finca abastecida terá na vía pública e o máis próximo a ela a chave ou chaves de paso convintes para poder comunicala da tubería xeral, que somentes poderá ser manipulada por persoal do servicio.

ARTIGO 27.-

Os diámetros da tubería que se usan para as acometidas serán:

a) Para edificios compostos de baixo e dúas vivendas, o diámetro mínimo será de 25 mm. aumentándose éste a medida que a edificación teña máis pisos ou sexa susceptible de ser ampliada.

a) Para edificios compostos de planta baixa e que non sexan susceptibles de ampliación 25 mm. de diámetro mínimo.

ARTIGO 28.-

Serán de conta do propietario as modificacións ou reformas que sexa preciso facer nas instalacións con motivo da colocación de contadores ou por outra causa calquera, a xuício do técnico do servicio.

INSTALACIONES INTERIORES.-

ARTIGO 29.-

As instalacións interiores das fincas serán efectuadas por un instalador debidamente autorizado pola Consellería de Industria de acordo co establecido na Orde Ministerial de 9 de decembro de 1975 (BOE nº 11, do 12 de xaneiro de 1976) e Real Decreto 1725/1984 (BOE nº 230, de 24 de setembro), do Ministerio de Industria e Enerxía e demais disposicións legais de aplicación.

ARTIGO 30.-

É obriga dos propietarios participar ó servicio de augas do concello a data de inicio e fin dos traballos correspondentes ás obras realizadas no interior das súas fincas para a instalación do servicio, có fin que poidan ser inspeccionadas.

ARTIGO 31.-

O Concello poderá esixir a recolocación dun contador, por non estar no lugar axeitado.

ARTIGO 32.-

Nas fincas que comprendan varias vivendas ou industrias e por conseguinte, varios aboados, faranse as instalacións individuais a cada unha delas en forma que os contadores poidan colocarse en arquetas axeitadas e todos xuntos en batería, e en lugar facilmente asequible do portal, patio, ou baixo do edificio, norma que se terá asemade en conta no caso de que sexa somentes un o aboadado.

Si houbera dificultade na elección do lugar de emplazamento, o propietario solicitará da Administración do Servicio que lle informe sobre o lugar idóneo.

ARTIGO 33.-

Excepto nos casos de forza maior, prohíbese curva-los tubos cando a curva que se teña que empregar teña menos de 10 cm. de radio, utilizándose para estas operacións os correspondentes accesorios có obxecto de evitar averías imputables a unha deficiente manipulación da tubería que por oxidación ou noutras causas análogas dé lugar á obstrucción ou interrupción da circulación da auga.

ARTIGO 34.-

O diámetro da tubería xeral destas instalacións será necesariamente igual ó da acometida, puidendo diminuírse gradualmente según os servizos que deba surtir. Non se permitirán diámetros inferiores a 13 mm. nas tuberías agás no caso de ramales que teñan de alimentar unha cisterna ou aparato análogo.

ARTIGO 35.-

As chaves de paso que se utilicen terán de ser de bronce, modelo reforzado, do mesmo diámetro que as tuberías donde van colocadas, e as que se instalen antes dos contadores deberán ir perforadas nun dos ángulos da montura có obxecto de que poidan ser precintadas polo servizo.

ARTIGO 36.-

Cando se instalen termosifóns ou calefaccións a presión, é obrigatorio a colocación dunha válvula de retención antes dos depósitos ou caldeiras e no tubo de alimentación das mesmas, ó obxecto de evitar que, a causa do peche na rede ou dun aumento de presión nos aparatos, a auga quente poda pasar ás tuberías xerais de subministración, có conseguinte perxuício para os contadores, depósitos e fervedoiros do termo.

Recomendase que en todos eles se coloquen válvulas de expansión co ob- xecto de evitar posibles explosións, sendo igualmente obrigatorio colocar en ditas instalacións flotadores de regulación de nivel.

ARTIGO 37.-

Nos edificios nos que se instalara unha válvula de retención á saída dos contadores, para solventar-la falla de presión, se estará ó disposto no artigo 36, xa mencionado.

ARTIGO 38.-

Nos casos en que debido á forma de instalación destes depósitos, poidera pasa-la auga dos mesmos á tubería xeral, por falla de presión nela, deberá instalarse tamén unha válvula de retención á saída dos contadores, según o previsto no artigo 36.

ARTIGO 39.-

A empresa concesionaria da explotación faise responsable do coidado e conservación dos aparatos contenedores, que será pagada periodicamente polo aboado ós prezos estipulados.

ARTIGO 40.-

Todo concesionario ou aboado queda obrigado a permitir que a calquera hora hábil do día sexa visitada a súa instalación polos empregados encargados deste cometido, sen que poidan opoñer ningún obstaculo a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se estimen procedentes.

A negativa dos interesados a autorizar estas revisións será causa suficiente para retirarlle o servicio de auga, sin dereito a reclamación algunha.

ARTIGO 41.-

Na dependencia correspondente, atoparase exposto ó público un muestrario de material utilizado polo servicio, que cumpre as condicións impostas por estas ordenanzas.

ARTIGO 42.-

O servicio municipal de augas resérvase a facultade de non empalmar coa rede de distribución as instalacións que non reúnan as condicións impostas por estas ordenanzas.

ARTIGO 43.-

A administración municipal resérvase o dereito de comprobar, cando o considere necesario ou oportuno, todo aparato contador que se estimara de dudoso funcionamento.

ARTIGO 44.-

As conexións de contadores efectuaranse exclusivamente por persoal do servicio de augas.

ARTIGO 45.-

Os precintos colocados non poderán ser alterados con ningún pretexto polos abonados, xa que en dito caso incurrirán na sanción correspondente.

RESPONSABILIDADES POR INCUMPRIMENTO DESTA ORDENANZA.-

ARTIGO 46.-

Ninguén poderá utiliza-la auga sen ter formulado ou subscrito a póliza de abonado. A responsabilidade esixirase nos termos e con arreglo ó procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

ARTIGO 47.-

Agás no caso de incendio, que porán en coñecemento da administración do servicio dentro das vinte e catro horas seguintes do sinistro, baixo ningún pretexto poderán os aboados ou quen os represente:

- a) Emprega-la auga para usos distintos dos estipulados na póliza de abono.

b) Vender ou cede-la auga que lle suministre o Concello en favor a un terceiro.

c) Deixar corre-la auga sen necesidade.

d) Abrir nin facer uso dos rexistros que encerran os aparatos de toma, claves de paso, aforos ou outros servizos.

e) Establecer ningún ramal, entre a toma e o aparato que verifique o aforo, nin facer derivación de instalación para outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na póliza.

INFRACCIONS E SANCIONS.

ARTIGO 48.-

As infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento, e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación

EXENCIÓNS.-

ARTIGO 49.-

Non se preveerán máis bonificacións ou exencións das previstas na Lei e nos tratados internacionais.

DISPOSICIÓNS XERÁIS.-

ARTIGO 50.-

Non se permitirá ós particulares e empresas utilizar augas das fontes públicas para usos industriais e obras.

ARTIGO 51.-

O Concello non se fai responsable dos perxuízos causados por interrupcións involuntarias e xustificadas do servizo de abastecemento de augas, ou cando estas sexan debidas á execución de obras ou amaños que se precisara realizar na rede xeral de distribución, podendo supoñer o corte da subministración ós aboados, sin que éstos teñan dereito a reclamación algunha por tal concepto.

ARTIGO 52.-

Tampouco terá dereito de indemnización cando se interrompa o servizo como consecuencia de escasez, xeadas, ou calquera outra circunstancia de forza maior.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o servizo público non se prestara, procederá a devolución do importe correspondente.

ARTIGO 53º .-

En épocas de grandes sequías nas que puidera ser necesaria a restricción do consumo, comenará ésta polos aboados coa tarifa industrial e por aqueles que quedaran suxetos ás medidas que se creera oportuno adoptar polo Concello.

ARTIGO 54º .-

Os danos ou perxuízos que se orixinen a terceiros por causa imputable ó aboadado, ben sexa por negligencia ou por abandono do coidado que deben te-las instalacións da auga, serán exclusivamente por conta deste.

DISPOSICIÓN ADICIONÁIS.-

1.- O Imposto sobre o Valor Engadido repercutido sobre as taxas establecidas nesta ordenanza, verase modificado de forma automática no momento en que, por imperativo legal, se producira modificación no tipo de gravame do citado imposto.

2.- Na última quincena do ano, aprobaranse os listados de prezos que rexerán para as obras do exercicio seguinte, previo informe técnico e adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local

APROBACIÓN E VIXENCIA.-

DISPOSICIÓN FINAL.-

1.- A presente ordenanza, que conta con 54 artigos, dúas disposicións adicionais e un disposición final, entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA Nº 10

REGULADORA DA TAXA POLA TALA DE MASAS ARBOREAS E DA PROTECCION DE ARBORES E PRANTAS NO TERMINO MUNICIPAL.

FUNDAMENTO LEGAL.

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa pola tala de masas arboreas e da protección de árbores e prantas no término municipal*.

O primeiro dos obxectivos do presente texto ten un carácter fiscal sendo de aplicación en tódolos casos en que se pretenda a tala de especies arbóreas nas zoas de bosque do término municipal catalogadas como solo non urbanizable sin protección forestal.

O segundo refírese á defensa do patrimonio verde no senso mais amplo, comprendendo tanto as prantacións feitas sobre o solo de propiedade pública, como sobre os terreos particulares que estean calificados como zoa verde pola normativa urbanística vixente.

A ordenanza regula tamén o uso dos espazos verdes públicos e dos elementos que estean instalados nos mesmos, así como as prantacións de arboredo existentes nas vías públicas e xardíns.

FEITO IMPOÑIBLE.

ARTIGO 2º.-

Constitue o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si os actos de tala que se realicen no término municipal se axustan as normas urbanísticas, previstas no plan municipal de ordenación vixente e normativa concordante de aplicación.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3º.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que soliciten a autorización da actividade de tala de árbores

RESPONSABLES.

ARTIGO 4º.-

Serán responsables solidarios os suxeitos pasivos ,propietarios, poseedores, ou, no seu caso, arrendatarios dos terreos nos que se realice a tala.

CUOTA TRIBUTARIA.

ARTIGO 5º.-

A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, según o seguinte:

A tarifa a aplicar será a de 0.40 euros por cada 1000 quilogramos, según a base de pesaxe que figure no escrito de autorización que expida para tal finalidade a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

Si esta base viñera expresada en metros cúbicos, aplicarase a densidade da madeira de que se trate ós efectos de realiza-lo cómputo en peso, según os valores seguintes:

Madeira	Peso específico aparente (kg./m3)
** Madeiras resinosas:	
pino,pinabete,abeto, etc	600
pino tea, pino melis	800
** Madeiras frondosas:	
castiñeira, carballo,nogueir	800
** Outras madeiras:	
Eucalipto	950

EXENCIONS

ARTIGO 6º.-

Exímese do pago a aquelas Comunidades de Montes Veciñais e Mancomún que teñan suscrito convenio de colaboración co Concello para a financiación de obras de mellora na parroquia á que pertencen.

Polo demais non se concederá exención nin bonificación alguna na exacción da taxa.

NORMAS DE XESTION, ADMINISTRACION E COBRANZA.

ARTIGO 7º.-

1.- A persoa física ou xurídica solicitante da tala deberá presentar ante o Concello o documento da autorización expedido polo órgano autonómico competente, comprensivo do número de árbores cuxa tala se autoriza e o seu peso total estimado

2.- Sobre estes datos, o Concello fixará a tarifa a abonar polo obrigado, conforme ó establecido no artigo 5º, emitindo o recibo correspondente, previo o seu pago.

3.- A presentación a que se refire o apartado primeiro deste artigo e o pago ó que se fai mención no segundo, efectuaranse con carácter previo á materialización da tala, non tendo a estes efectos o xustificante do pago expedido polo Concello o valor de autorización municipal da actividade, sendo preciso que se produza o acto de concesión de licenza que se notificará con posterioridade ó interesado e que requirirá informe previo dos servizos técnicos municipais, acerca da posibilidade de realiza-la tala conforme as determinacións do planeamento vixente..

4.- En caso de que o promotor da tala sexa persoa física ou xurídica distinta do titular da explotación, corresponderá a éste tamén o deber de comunicación a que se refire o apartado primeiro, sin que por elo adquira a condición de obrigado ó pago.

DEVENGO.

ARTIGO 8º.-

A obriga de pago nace no momento da solicitude ante o Concello da tala. O pago efectuarase por ingreso directo na caixa da Tesourería Municipal, ou onde establecera o Concello, con anterioridade á entrega da correspondente licenza ou autorización.

INFRACCIONS E SANCIONS.

ARTIGO 9º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación

CONSTITUCION DE FIANZA.

ARTIGO 10º.-

O Concello exisira fianza en contía suficiente para garanti-la reparación dos camiños públicos que poideran resultar afectados pola acción da maquinaria empregada na tala e o seu posterior transporte.

Dita fianza establécese no 4% do importe estimado da operación económica da tala, establecéndose un mínimo de 2.500 euros. A valoración será realizada polos servicios técnicos municipais,

Esta fianza será devolta a instancia de parte e previo informe favorable da garda local ou oficiña técnica municipal, no seu caso, sobre o estado de conservación dos camiños utilizados para a evacuación da madeira talada.

DAS CONSTRUCCIONS.

ARTIGO 11º.-

Para unha constante protección e conservación de espazos verdes públicos non se autoriza ningunha clase de construción ou instalación que sexa allea ás finalidades estéticas, recreativas ou culturais dos parques, xardíns ou recintos recreativos, especialmente as de contido publicitario.

ARTIGO 12º.-

As obras de apertura de zanzas na vía pública, tanto se son para tendidos ou canalizacións de servicios públicos, tales como sumidoiros, construción de bordes, etc., como as obras realizadas polos particulares, previa concesión de licencia, executaranse de maneira que ocasionen os menores perxuízos ás árbores e outras plantacións na vía pública.

Nas devanditas obras será obrigatorio para os interesados o reintegro do custe total dos respectivos gastos de reparación ou reposición de árbores e prantacións afectadas, e ó depósito previo do seu importe.

Si os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados, que será estimada polos Servicios Técnicos municipais.

As entidades locais non poderán condonar total nen parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente acordo.

ARTIGO 13º.-

1.- Nos proxectos de edificacións particulares as entradas e saídas de vehículos deberán ubicarse en lugares que non afecten ó arboredo público ou sometido a unha protección especial. A este efecto, no proxecto de obras, deberán sinalarse os elementos vexetais existentes na vía pública.

2.- No suposto en que a norma anterior sexa de imposible cumprimento en razón de circunstancias de feito, os elementos vexetais serán trasladados por conta do interesado. Cando excepcionalmente sexa inevitable a supresión dalgunha árbore ou prantación, en compensación ó interese público perturbado, os solicitantes deberán aboar unha indemnización equivalente ó triple do valor dos elementos vexetais afectados, segundo estimación dos técnicos.

ARTIGO 14º.-

1.- Non se permitirá a circulación de cans sen control en ningún dos xardíns e parques públicos.

2.- Queda prohibido que os cans depositen os seus excrementos nos devanditos lugares. En todo caso, o regulado neste artigo se complementará co estipulado na ordenanza nº 29, reguladora da tenencia, defensa e protección de animais de compañía.

ARTIGO 15º.-

1º.- Respetaranse as árbores e as plantacións, de tódalas clases, existentes no Concello, así como as instalacións complementarias dos parques, xardíns e recintos públicos, tales como estatuas, enreixados, proteccións, farolas, pilares e outros elementos destinados ó embelecemento ou utilidade, absténdose de calquera acto que os poida danar, afeaar ou emporcar.

2º.- Prohíbese move-las árbores, rompe-las polas ou follas, gravar ou raspa-la súa códea, ou verquer calquera substancia sobre estas ou nas proximidades das mesmas, así como depositar lixo.

ARTIGO 16º.-

Os veciños respetarán as prantas e instalacións complementarias evitando calquera tipo de desperfectos e suciedade, gardando a debida conducta.

Con carácter xeral, recoméndase:

- a) Non pasar por riba dos taludes e plantacións, nin toca-las prantas e flores, agás o campo autorizado.
- b) Non gabear as árbores.
- c) Non coller flores, prantas ou froitos.
- d) Non cazar e matar páxaros.
- e) Non tirar papeis e lixos fora das papeleiras e emporca-lo recinto de calqueira xeito.

DISPOSICION ADICIONAL.

O Concello elaborará un catálogo no que constarán as árbores ou plantacións que, polas súas características de beleza, antigüidade histórica ou rareza, merezan ser conservadas.

APROBACION E VIXENCIA.

DISPOSICION FINAL.

1.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008 permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 12

REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS URBANISTICAS ESIXIDAS POLA LEXISLACION DO SOLO E O ORDENAMENTO URBAN.

FUNDAMENTO LEGAL.-

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbán.

FEITO IMPOÑIBLE.-

ARTIGO 2º.-

Constitue o feito imponible a actividade municipal, técnica e administrativa, realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo se axustan a normas urbanísticas.

No caso de que a licenza teña como feito imponible a expedición de licenza de primeira utilización ou ocupación de edificios, estarase o recollido na ordenanza fiscal nº 21.

SUXEITO PASIVO.-

ARTIGO 3.-

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro:

a) Solicitantes da respectiva licenza.

b) Executantes das instalacións, construcións ou obras, cando se procedera sin a preceptiva licenza.

2.- En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuinte, os constructores e contratistas de obras.

RESPONSABLES.-

ARTIGO 4º.-

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o art. 42.1 da Lei Xeral Tributaria 58/03.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43.1 apartados a),b),c) da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

DEVENGO.-

ARTIGO 5º.-

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitue o seu feito imponible. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data da presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, si o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.

2.- Cando as obras se iniciaran ou executan sen haber obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si a obra en cuestión e ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou sua demolición se non foran autorizables.

3.- A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola *concesión* da licenza solicitada condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.-

ARTIGO 6º.-

Tomaránse como base de gravame da presente taxa, en xeral, o custo real e efectivo da obra, construción ou instalación, entendéndose por tal, a estos efectos, o custo de execución material daquela ,do que non forman parte, en ingun caso, o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionados con ditas construcións, instalacións ou obras nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre estrictamente o custo do execución material.

A efectos do cálculo de dito custo, teránse en conta os criterios seguintes:

a) En obras menores, o orzamento estimarase a partir do cadro de prezos que figura anexo á Ordenanza Fiscal vixente nº 24, Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

b) En obras maiores, o orzamento será o calculado en función dos índices ou módulos según o seguinte procedemento:

OEM= Mb x Sc x Ct x Cu x Ca, sendo:

* OEM = Orzamento de execución material

* Sc = Total superficie construída

* Ct = Coeficiente de tipoloxías

* Cu = Coeficiente de usos

* Ca = Coeficiente de actualización

* Mb = Módulo básico = 426 euros/m2 .

COEFICIENTE TIPOLOXÍAS: Ct.

Ct.- Tipoloxía da edificación

1. En edificacións de nova planta e Adicións

1,20 Edificacións aillada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar aillada. Sótanos a partir do 3º

1,10 Agrupación en fila. Sótano 1º e 2º

1,00 Edificio en maza pechada. Edificación Aberta vivenda colectiva.

2.- En obras de reforma e rehabilitación

1,10 Rehabilitación total incluíndo desmontaxe de fachadas.

1,00 Adecuación interior de prantas baixas e entrechans

0,90 Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas.

0,65 Rehabilitación e reforma de instalacións e acabados

0,50 Reformas que afecten soio a elementos estruturais

0,35 Rehabilitación de fachadas e substitución de carpintería e pechamentos (aplicada á superficie de fachada).

0,30 Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións (acabados interiores)

*0,05 Demolicións e derribos (aplicada á superficie a demoler) **

*** Coeficiente de uso Cu= 1**

COEFICIENTE DE USOS: Cu.

1.- Edificación:

Cu.- Usos da edificación

1,60 Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5*. Edificios e locais bancarios.
1,50 Hospitais, Laboratorios. Igrexas e Centros de culto.
1,40 Bibliotecas. Facultades e Escolas Universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios.
Terminais Marítimas e asteleiros
1,30 Clubes sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Salas de festas.
Discotecas. Colexios con Residencia.
1,20 Consultorios medicos e veterinarios. Restaurantes. Residencias 3ª idade.
Aparthoteis. Tanatorios. Centros de Culto. Cuarteis. Matadeiros.
1,10 Vivenda unifamiliares e locais anexos a viv unifamiliares como garaxes privados e trasteiros. Bodegas
1,00 Hoteis 2* e 1*. Moteis. Residencias Universitarias. Ambulatorios. Hostais-Residencias. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas. Edificios para vivendas plurifamiliares, adosados.
0,90 Oficinas. Garderías. Bares. Mercados. Centros docentes.
0,80 Centro/local comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows
0,65 Edificios de aparcamentos
0,50 Pías descubertas. Cemiterios. Panteons (por nicho) para cementerios parroquiales).
Estacion de servicio . Naves industriais rematadas. Trasteiros. Locais para garaxes. Plantas para garaxes en edificios
0,35 Porches e terrazas abertas. Naves industriais , edificios , plantas e locais sen uso especifico.
0,30 Instalacións deportivas descubertas. Cobertizos. Depósitos. Trasteiros
0,10 Proxectos de urbanización (sobre superficie ordenada) . Campings.
Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos

c) En obras especiais, entendendo por tales aquelas cuio contido non sexa susceptible de inclusión nos anteriores apartados, o orzamento será o calculado atendendo ó proxecto técnico visado presentado.

TIPO DE GRAVAME.-

ARTIGO 7º.-

En todos aqueles supostos nos que a base imponible se determine en función do custo efectivo ou real da obra, construción ou instalación, o tipo de gravame será o 0.41 por 100.

Nas licencias de obras suxetas ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, sobre o orzamento da construción, instalación ou obra civil, o 0.41 por 100.

En todo caso, os dereitos por outorgamento das preceptivas licencias para calquera clase de obras ou instalacións, non poderán ser inferiores a 11.79 euros

CUOTA TRIBUTARIA.

ARTIGO 8º.-

1.- A cuota tributaria determinarase polo resultado de aplicar o tipo de gravame sobre a base imponible.

2.- A cuota da tarifa corresponde a tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación do acordo municipal e a súa notificación ó interesado.

EXENCIONS.

ARTIGO 9º.-

Non se concederá exención nen bonificación algunha na referida taxa.

NORMAS DE XESTION, ADMINISTRACION E COBRANZA.-

ARTIGO 10º.-

1.- Os dereitos desta Ordenanza son compatibles con calquera outro por aproveitamentos especiais ou por prestación de servizos distintos.

2.- Será previa á licenza de obras de nova planta, a solicitude da licenza para demarcación de alineacións e rasantes, sempre e cando así o esixa a oficina técnica.

3.- Para as obras que leven consigo a obriga de colocar vallas ou andamios, esixirase o pago dos dereitos correspondentes a este concepto, liquidándose simultaneamente á concesión da licenza de obras, según as tarifas recollidas na ordenanza fiscal nº 6, correspondente.

TRAMITACION.-

ARTIGO 11º.-

1.- As licencias para instalacións, obras e construcións, solicitaranse por medio de instancia dirixida ó Sr. Alcalde, na cal figuraran os documentos que deberá de aportar o interesado. Nos supostos de falla de calquera dos documentos esixidos, actuarase conforme ó previsto no artigo 54 da Lei de Procedemento Administrativo.

2.- A solicitude poderá ser formulada polo interesado, ou polo contratista de obras, pero farase constar o nome e enderezo do propietario do inmovible, do arrendatario do mesmo cando as obras se realicen por conta e interese deste, así como a expresa conformidade ou autorización do propietario.

3.- Si despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración Municipal acompañando o novo presuposto reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación. Se a reforma se pretende incluír nas obras xa autorizadas, deberá tramitarse de igual xeito que si de nova construción se tratase, e con abono dos novos dereitos.

4.- No momento de presentación da solicitude efectuarase unha liquidación provisoria á conta. Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custo real da mesma, o Concello mediante comprobación polos servizos técnicos municipais e requirindo dos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais datos que se consideren oportunos, modificará no seu caso a base imponible anterior, practicando a liquidación definitiva e esixindo ou reintegrando ó suxeito pasivo o importe resultante que corresponda.

5.- Polo Rexistro Xeral remitirase o expediente á Secretaria que procederá a recabar os informes técnicos regulamentarios sobre a procedencia da concesión de licenza solicitada.

6.- Evacuados os informes polo negociado correspondente, formularáse proposta de resolución que deberá ser motivada nos supostos en que fora denegatoria.

RESOLUCION.-

ARTIGO 12º.-

O órgano municipal competente, adoptará a resolución que procedera en canto ó outorgamento da licencia solicitada .

NOTIFICACIONES.-

ARTIGO 13º.-

1.- Aprobada dita resolución , polo negociado practicaráse a notificación os interesados e comunicarás dita resolución ós Servicios Municipais responsables da execución do acordo municipal.

2.- A execución das obras queda sujeta á vixiancia, fiscalización e revisión do Concello, que a exercerá a través dos seus Técnicos e Axentes.

3.- As liquidacións iniciais terán carácter provisional ata que unha vez rematadas as obras sexa comprobado pola Administración Municipal o efectivamente realizado e o seu importe, requirindo para elo dos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. A vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

4.- As licencias e as cartas de pago ou fotocopias dunhas e outras, obrarán no lugar das obras mentres duren éstas, para poder ser exhibidas a requirimento dos Axentes a Autoridade Municipal, quenes en ningún caso poderán retiralas por ser inexcusable a permanencia destes documentos nas obras.

5.- En tódalas obras maiores que precisen documento técnico para a súa tramitación, deberá colocarse en lugar visible das mesmas, un cartel enunciativo das súas características, según as condicións da licencia outorgada. As dimensións mínimas do cartel serán de 80 x 120 cms. (de altura) e deberá conter os datos seguintes: Concello de Fene, data de autorización e número da licencia, data de expedición, características da edificación (altura linea de fachada, prantas autorizadas, voo, prazo de execución, destiño, promotor e dirección facultativa).

CADUCIDADE E DURACION DAS LICENCIAS.-

ARTIGO 14º.-

1.- Cando o interesado renuncie á licencia solicitada, si ésta aínda non foi concedida pola Xunta de Goberno Local, devolveraselle o 100% da cuota satisfeita por dereitos de licencia. Si a renuncia se produce despois de realizado o acto administrativo da concesión, a devolución será somentes do importe que exceda da cuota mínima establecida no epígrafe terceiro do artigo 7º. Námboles dous casos comprobarase previamente que as obras non foron iniciadas, pois de telo sido non procederá ningún tipo de devolución.

2.- Consideraránse caducadas as licencias, se despois de concedidas transcorren mais de seis meses sen ter dado comenzo as obras, ou cando unha vez empezadas fosen interrompidas durante o expresado prazo, agás no caso de forza maior, na que deberá ser alegada polo titular da licencia antes que expire o referido prazo para a súa resolución posterior polo Organismo concedente.

3.- Tódalas licencias que se expidan levarán fixado un prazo para a execución das obras, que será proposto polo técnico autor do proxecto.

Rematado o prazo, quedará caducada e sen valor nin efecto algún a autorización obtida, a menos que anticipadamente se solicite e obteña, no seu caso, prórroga regulamentaria. As prórrogas que se concedan levarán igualmente fixado o novo prazo de execución, que como máximo, será o da licencia primitiva.

A primeira prórroga, outorgada a instancia de parte, non conlevará liquidación de taxa algunha. Non así as posteriores que se poideran solicitar, que darán lugar á práctica dunha nova liquidación, a partir dun orzamento actualizado.

INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS.-

ARTIGO 15º.-

As sancións que procedan por infraccións cometidas por incumprimento do disposto nesta Ordenanza, serán independentes das que poideran arbitrarse por infraccións urbanísticas, con arranxo ó disposto no Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia.

ARTIGO 16º.-

Constitúen casos especiais de infracción calificados de:

a) Simples.

- O non ter no lugar das obras e a disposición dos axentes municipais os documentos que se fai referencia no art. 13.4 desta Ordenanza.
- Non solicita-la necesaria licencia para a realización das obras, sen perxucio da calificación que proceda por omisión ou defraudación.

b) Graves:

- O non dar conta á Administración municipal do maior valor das obras realizadas ou das modificacións das mesmas ou dos seus orzamentos, agás que, polas circunstancias concurridentes deba calificarse de defraudación.
- A realización de obras sen licencia municipal.
- A falsedade da declaración en extremos esenciais para a determinación da base de gravame.

ARTIGO 17º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos arts. 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e demais normativa aplicable e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación

REXIME DE INGRESO

ARTIGO 18º.-

Dacordo coa potestade recoñecida no artigo 27.1 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo establececese o réxime de autoliquidación da taxa. A tal efecto o solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresada a cuota tributaria ó mesmo tempo que insta ó outorgamento da correspondente licencia urbanística.

APROBACION E VIXENCIA.-

DISPOSICION FINAL.-

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 13

REGULADORA DA TAXA POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN A ADMINISTRACION OU AS AUTORIDADES MUNICIPAIS, A INSTANCIA DE PARTE.

FUNDAMENTO LEGAL

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en este Concello establecece a *taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou as autoridades locais, a instancia de parte.*

FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUIR.

ARTIGO 2º.-

1.- Constitue o feito imponible da taxa, a actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que se expidan ou de que entendan a Administración ou as autoridades municipais.

2.- A estos efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3.- Non estarán suxeitos a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas tributarias, consultas tributarias, expedientes de devolución de ingresos indebidos e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera indole.

SUXEITO PASIVO.

ARTIGO 3º.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que soliciten, provoquen ou no que o interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

RESPONSABLES.

ARTIGO 4º.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03.

BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.

ARTIGO 5º.-

1.- Constituirá a base da presente taxa, a natureza dos expedientes a tramitar e dos documentos a expedir.

2.- A cuota tributaria se determinará por unha cantidade fixa sinalada , según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas tarifas que se relacionan a continuación:

2.1.- T A R I F A

I.- Documentos expedidos ou extendidos polas oficinas municipais	Euros
Por cada contrato administrativo que se suscriba de obras, bens ou servicios	112,74
Por cada cambio de titularidade de licencia de apertura de establecementos	78,19
Documentación do arquivo, por cada folio	1,70
Expedición de copias de atestados realizados pola Policia Local	21,54
II.- Documentos expedidos pola Secretaria Xeral ou Intervención	
Bastanteo de poderes	34,11
Certificacións urbanísticas: antigüidade do inmovible, etc. por unidade	23,79
Xustificante acreditativo do pago de Impostos e Taxas	4,14
III.- Documentos relativos a servicios urbanísticos	
Cédulas de calificación urbanístic	14,16
Solicitudes varias: Parcelacións, segregacións, información urbanística, etc. por cada unha	9,41
Por expedición de copias de planos do termo municipal, existentes nas oficinas (a partir de 10 copias, mínimo 2.2 euros)	0,23
Follas según tamaños	
*Follas de tamaño DIN A4 (a partir de 10 copias, mínimo 0.53 euros)	0,06
*Follas de tamaño DIN A3 (a partir de 10 copias, mínimo 0.80 euros)	0,08
Por expedición de copias ou impresión de documentos na biblioteca municipal e na aula informática	
Fotocopias de follas Tamaño DIN A4	0,05
Fotocopias de Tamaño DIN A 3	0,08
Impresión de Boletins e documentos oficiais e apuntamentos (este prezo cada folia a partir da quinta, mínimo 1.6 euros).	0,34
Impresión de currículos (este prezo cada folia a partir da décima, mínimo 3.2 euros)	0,34
documentos en soportes informaticos (cd, dvd, disket,etc)	2,05
IV.- Documentos que a súa realización implican desprazamento fora do termo municipal	
Follas según tamaños	

* Follas de Tamaño DIN A2: 1ª copia: 3.30euros Seguintes: 3.30 euros mais 0.63 € por nº de copias
* Follas de Tamaño DIN A1: 1ª copia: 3.93 euros Seguintes: 3.93 euros mais 1.26 € por nº de copias
* Follas de Tamaño DIN A0: 1ª copia: 4.57 euros Seguintes: 4.57 euros mais 1.90 € por nº de copias

(*)

2.2.- A cuota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia do documento ou expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo económico.

EXENCIONS OU BONIFICACIONES

ARTIGO 6º.-

Non se concederán outras bonificacións ou exencions cas previstas na normativa vixente ou nos tratados internacionais.

DEVENGO .-

ARTIGO 7º.-

1.- Se devenga a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2.- Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

DECLARACION E INGRESO.

ARTIGO 8º.-

A taxa esixírase en réxime de autoliquidación.

Os escritos recibidos polos conductos ós que fai referencia o artigo 38.4 c) da Lei de Procedemento Administrativo que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá darselles curso sen que se subsane a deficiencia, a cuio fin se requirirá o interesado para que, no prazo de dez días abone as cuotas correspondente co apercibimento de que transcorrido dito prazo sen efectualo, se terán por non presentados os escritos e será arquivada a solicitude.

As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a correspondente cuota tributaria.

INFRACCIONES E SANCIONES.

ARTIGO 9º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03, conforme se ordena no artigo 11 do Rd Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion, Xestión e Recadación

APROBACION E VIXENCIA.

DISPOSICION FINAL.

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 14

REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENZAS OU AUTORIZACIONES ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.

FUNDAMENTO LEGAL.-

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa polo outorgamento das licenzas ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.*

FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUIR.

ARTIGO 2º.-

Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A concesión, expedición e rexistro da licenza e autorización administrativa para o servizo de transporte en auto-taxis e demais vehículos de aluguer das clases A, B, e C do Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes de Automóbiles lixeiros.
- b) O uso e explotación das licenzas de ditas clases A, B, e C.
- c) A aplicación das licenzas a outro vehículo, por substitución do anterior.

DEVENGO.

ARTIGO 3º.-

A obriga de contribuír nace e devengase a taxa, na data en que se conceda ou expida a correspondente licenza ou autorización.

SUXEITO PASIVO.

ARTIGO 4º.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, e en particular as que a continuación se indican:

- a) Pola concesión, expedición e rexistro, e polo uso e explotación das licenzas das clases A, B, e C, a persoa que ó seu favor se expidan.
- b) Pola substitución do vehículo afecto a unha licenza, o titular da mesma.

RESPONSABLES.

ARTIGO 5º.-

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 o 43 da Lei Xeral Tributaria 58/03.

BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.-

ARTIGO 6º.-

1.- A base imponible está constituída pola natureza do servizo ou actividade.

2.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes apartados da mesma, segundo a seguinte:

T A R I F A

CONCEPTO	EUROS
A) Concesión, expedición e rexistro de licencias. Por cada licenza	249.29
B) Substitución de vehículos. Por cada licenza	50.98

EXENCIONS E BONIFICACIONES.-

ARTIGO 7º.-

Non se concederá ningunha bonificación ou exención que non se prevea nas leis ou tratados internacionais.

ADMINISTRACION E COBRANZA.-

ARTIGO 8º.-

A autorización outorgarase a instancia de parte e, unha vez concedida, entenderase tácita e anualmente prorrogada en tanto o titular non renuncie expresamente a aquela.

ARTIGO 9º.-

O pagamento da cuota efectuarase previa liquidación mediante ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados.

ARTIGO 10º.-

As liquidacións da taxa notificaranse ós suxeitos pasivos con expresión dos requisitos previstos no artigo 102 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03, que a continuación se indican:

- a) Dos elementos esenciais da liquidación.
- b) Dos medios de impugnación que poder ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que terán de ser interpostos.
- c) Do lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

ARTIGO 11º.-

As cuotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario, faranse efectivas pola vía de prema, con arranxo ás normas do Regulamento Xeral de Recadación.

INFRACCIONS E SANCIONS.-

ARTIGO 12º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03, conforme se ordena o artigo 11 do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion, Xestión, Recadación

APROBACION E VIXENCIA.-

DISPOSICION FINAL.-

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 15

REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

FUNDAMENTO LEGAL.

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos*.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2º.-

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como *premissa* previa para o outorgamento por este concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

2.- A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolada no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste, e que afecte ás condicións sinaladas no apartado primeiro deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

3.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil, toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine, exclusivamente, a vivenda e que:

- a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial e de servizos

b) Ainda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficiñas, despachos ou estudos.

4.- Os traspasos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social, non terán a consideración de aperturas salvo que se precisara a adaptación dos mesmos as condicións legais e regulamentarias establecidas para a súa concesión, en cuio caso, a prestación do servizo conlevaría a existencia do feito imponible.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3º.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou , no seu caso, se desenrole en calquera establecemento industrial ou mercantil.

RESPONSABLES

ARTIGO 4º.-

1.- Respostarán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 42.1 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43.1 apartados a),b),c) da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 .

DEVENGO

ARTIGO 5º.-

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitue o feito imponible. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, si o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.

2.- Cando a apertura tivera lugar sin ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decreta-lo seu peche, se non fora autorizable dita apertura.

3.- A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en xeito algún, pola concesión da licenza condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA

ARTIGO 6º.-

1.- A base imponible e liquidable do tributo estará constituída pola cota municipal mínima que corresponda á actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

2.- Esta determinación non será de aplicación nas aperturas susceptibles de incluír no apartado de tarifas especiais, que deben suxetarse ás correspondentes tarifas de aplicación que figuran no apartado 7.3 desta Ordenanza.

TARIFA

ARTIGO 7º.-

As cuotas tributarias se determinarán dacordo coa seguinte:

1.- Tarifa Primeira:

Para establecementos ou locais non suxetos ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, o tipo de gravame será o resultado de aplicar á tarifa anual que lle corresponda á actividade no Imposto sobre Actividades Económicas os seguintes coeficientes correctores:

Rúas	Coeficiente corrector da tarifa xeral
Categoría A	2.74
Categoría B	2.28
Categoría C	2.07
Categoría D	1.87

A correspondencia das anteriores categorías coa zonificación que figura no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral é a seguinte:

Categoría A: Correspondese coa zona industrial (numero 8)

Categoría B: Correspondese coas zonas 1 ,2, 3

Categoría C: Correspondese coas zonas 4, 5, 6

Categoría D : Correspondese coas zona rural (numero 7)

2.- Tarifa Segunda.-

As Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas reguladas según o artigo 2º do Regulamento do mesmo nome, aprobado por Decreto 2414/61, de 30 de novembro, pagarán **o triplo** da cota anual que lle correspondera pola aplicación do Imposto de Actividades Económicas según a catalogación.

3.- Tarifas Especiais:

a) Cando se solicite a apertura dun local que teña instaladas máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, ademais da aplicación das tarifas contidas no primeiro e segundo párrafo do artigo 7º desta ordenanza, según o caso, abonaranse por unidade de máquina instalada:

	EUROS
Aparatos mecánicos sen propósito de lucro	49.07
Máquinas electrónicas ou eléctricas sen propósito de lucro	90.08
Máquinas con propósito de lucro	225.50

b) Tarifa Especial correspondente ós establecementos que a continuación se indican: Pagarán o importe resultante de aplicar á tarifa anual que corresponda á actividade no Imposto sobre Actividades Económicas, os coeficientes correctores seguintes, según a agrupación no devandito imposto:

Agrupación en tarifas do I.A.E.	Coeficiente corrector da tarifa xeral
AGRUPACIÓN 65 : Comercio ó por menor de produtos industriais non alimenticios, realizados en establecementos permanentes. GRUPO 655: Comercio al por menor de combustibles, carburantes e lubricantes (gasolinera).	6.38
AGRUPACIÓN 66: Comercio mixto ou integrado. GRUPO 661: Comercio mixto ou integrado en Grandes superficies	5.32
AGRUPACIÓN 67: Servicio de alimentación. GRUPO 671: Servicios en restaurantes	4.26
AGRUPACIÓN 68: Servicio de hospedaxe. GRUPO 681: Servicio de hospedaxe en hotéis e motéis	4.26
AGRUPACIÓN 69: Reparacións. GRUPO 691: Amaño de vehículos automóbiles e outros artigos e bens de consumo	4.26
AGRUPACIÓN 81: Institucións financeiras. GRUPO 811: Banca GRUPO 812: Caixas de aforro GRUPO 819: Outras Institucións Financeiras	3.19
AGRUPACION 96: Servicios recreativos e culturais. GRUPO 965: Expectáculos (excepto cine e deportes). GRUPO 969: Outros servicios recreativos. (salas de baile e discotecas).	5.32

A liquidación según as tarifas especiais non poderá ser inferior á resultante da aplicación, para a actividade de que se trate, do procedemento previsto no artigo 7, apartados 1 e 2 desta ordenanza.

c) Tarifa especial polo feito de apertura ou funcionamento de tres ou mais máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, no mesmo local e ésta constitúa a súa actividade principal:

En calquera categoría 1634.05 euros

Se por calquera circunstancia o establecemento estivera exento do Imposto sobre Actividades Económicas a cota mínima a aplicar, en tódolos casos establécese en 193.33 euros

BENEFICIOS FISCAIS

ARTIGO 8º.-

Non se recoñecerá beneficio tributario algún, agás ó Estado, Comunidade Autónoma e Provincia a que pertence este concello e os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados e Acordos Internacionais.

NORMAS DE XESTIÓN, ADMINISTRACION E COBRANZA.

ARTIGO 9º.-

1.- Os solicitantes de licencias para a apertura, cambio e reforma de establecementos, acompañarán xustificante do alta ou recibo do Imposto de Actividades Económicas, declarando a cota anual que se terá de satisfacer ó Tesouro polo establecemento de que se trata sen prexuízo da base real pola que lle corresponda clasificarse, ou aqueles outros documentos xustificativos das circunstancias que houberan de servir de base para a liquidación da taxa.

No caso da tramitación de baixas ou cambeo de titularidade os suxeitos pasivos deberán acompañar xustificante de non ter contraídas débedas coa Facenda Municipal.

No momento de presentación da solicitude efectuarase unha liquidación provisoira que terá carácter de depósito previo e que se elevará a definitiva unha vez concedida a correspondente licencia ou autorización, previas as comprobacións que procederan por parte dos servicios municipais.

2.- Mentras que o expediente non se someta á comprobación, por parte dos servicios técnicos, os interesados poderán renunciar expresamente á licenza solicitada, devolvendose o 100 por 100 da cuota satisfeita por dereitos de licenza, previa comprobación de que as obras non foron iniciadas. Noutro caso, non haberá lugar a practicar redución algunha.

3.- Consideraranse caducadas as licenzas se despóis de concedidas, transcorren máis de tres meses sen producirse a apertura dos locais ou, si despóis de aberto, se pechasen novamente por período superior a seis meses consecutivos.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

ARTIGO 10º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden , en cada caso, estarase ó disposto no artigo 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion, Xestion e Recadacion

APROBACIÓN E VIXENCIA.

DISPOSICIÓN FINAL

1.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e comenará a aplicarse no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 16

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

Fundamento legal

Artigo 1º.

De conformidade co previsto no Art. 57 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal*.

Feito imponible

Artigo 2º.

1º.- O feito imponible realízase pola utilización dos seguintes servizos, que se prestan no cemiterio municipal:

- a) Licenzas para inhumacións e exhumacións.
- b) Concesión de nichos.
- c) Autorizacións para transmisións de nichos.
- d) Conservación e vixilancia de nichos.
- e) Utilización do fogar funerario.
- f) Servizo de transporte ao cemiterio.

Devingo

Artigo 3

As taxas devengarase no momento da obtención da autorización municipal para a utilización de calquera dos servizos enumerados no artigo 1º.

Independentemente do anterior, e ao abeiro do disposto no Art. 26 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, a taxa liquidarase cando se presente a solicitude que inicie o expediente.

Condicións da concesión

Artigo 4

1.- A concesión de nichos entenderase a perpetuidade.

O dereito que se adquire polo pagamento da tarifa correspondente a nichos e cinzeiros non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nos devanditos espazos polo tempo que preste servizo o cemiterio, sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos e cumpran as normas que a este efecto se establecen nesta Ordenanza.

2.-.- Os criterios para a concesión de nichos que se realicen en novas promocións rexeranse en cada momento polo que determine o Pleno da Corporación Municipal.

Para a adxudicación de ocos incluídos na reserva municipal, tendo en conta a excepcionalidade e o carácter restrinxido que esta ten, seguirase un criterio baseado na adxudicación correlativa das existencias mais antigas atendendo aos criterios de orde alfabética das mazás e numérica dos nichos.

Suxeito pasivo

Artigo 5º.

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas que obteñan as autorizacións municipais e utilicen calquera dos servizos enumerados no Art. 2º.

Responsábeis

Artigo 6º.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a quen se refire o Art. 42.1 da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

2.- Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o Art. 43.1 apartados a), b), c) da Lei Xeral Tributaria 58/03.

Cota tributaria

Artigo 7º.

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

Servizo	Concepto	Cota
Inhumacións ou exhumacións	Licenza	98,73
Concesión de nichos	Tarifa de referencia	640,61
	Nicho intermedio (110%)	668,03
	Nicho superior (100%)	640,61
	Nicho inferior (90%)	608,81
Transmisión da titularidade	Mortis causa (5% da tarifa de referencia da concesión)	32,91
	Inter vivos (20% da tarifa de referencia da concesión)	131,63
Conservación e vixilancia	Por cada nicho	12,84
	Colocación de lápidas e ornamentos	13,33
Utilización do fogar funerario	Por día	164,54
Transporte ao cemiterio	Viaxe de ida e volta	2,20

As permutas terán a consideración, ós efectos de esta Ordenanza, de dúas transmission intervivos. (*)

NORMAS SOBRE A COLOCACIÓN DE LOUSAS.

Artigo 8.-

As normas que deberán observarse para a colocación de lousas nas frontes dos nichos son as seguintes:

1.- As obras complementarias nos nichos poderán ser: inscricións, cruces, urnas, lápidas e recubrimento ou aplacado das andanas, hastiais e repisas, de acordo coa nomenclatura do debuxo anexo.

2.- Hastiais (1): Manteranse libres de ornamentación e revestiranse de aplacado de granito tipo "labrador claro" ou similar, dun espesor que non supere os 3 cm. Levarán na súa parte superior un aleiro ou voadizo a bases de dúas pezas do mesmo material, superpostas Segundo detaie B-B´ sinalado no debuxo; non levarán resaltes entre ringleiras consecutivas.

3.- Repisas (2 e 4), andanas (3) e zócalos (5): Os materiais empregados nestas zoas, serán os mesmos que no caso anterior. As repisas axustaránse ós detaies C e D do debuxo e os zócalos ó detaie E do mesmo; nestes, dada a imposibilidade de manter a mesma medida en altura en toda a lonxitude dunha mesma fila, procurarase mante-la continuidade gardando a alineación na parte alta do zócalo; ó igual que nas repisas, non se permitirán resaltes en ringleiras consecutivas.

Nos nichos individuais, para colocar as andanas verticais, resulta preciso o acordo entre os tres propietarios dunha mesma fila, có fin de que as tiras sexan dunha soa peza, tal e como se indica no debuxo, e manténdose a homexeneidade dos materiais a empregar, que serán os especificados anteriormente. Nestes nichos, o custo de colocación do hastial, así como o

da lápida do cinceiro e zócalo, repartirase entre os tres propietarios e a súa colocación farase ó mesmo tempo que as das lápidas.

4.- Lápidas de nichos e cinceiros (6): serán de composición a elixir libremente en cor branca ou negra, sendo recomendábel esta última. Nos nichos individuais, rexerán as mesmas normas, debendo poñerse de acordo os propietarios dunha mesma fila en canto á elección da cor, có fin de evitar a multiplicidade de cores.

5.- As inscricións, cruces, signos, floreiros, capelas e demais elementos de decoración e identificación, elixiranse libremente, quedando á vontade dos interesados o colocalos ou non, se ben no caso de dispoñerse algún dos ditos elementos, a súa situación na lápida axustarase en tódo-los casos, e na medida do posíbel, ao que se contempla no planoo adxunto, cuidando que se garden a mesma alineación entre ringleiras consecutivas, no referente ao voo destes elementos con respecto á lápida.

Nas lápidas individuais, pode optarse pola colocación dun ou varios dos elementos mencionados, para os que rexerá a mesma normativa en canto ao voo.

Normas de xestión

Artigo 9.

1.- Todas as licenzas e autorizacións para a utilización dos servizos aos que se refire esta Ordenanza, serán concedidos por Resolución da Alcaldía.

2.- O Encargado do Cemiterio non prestará ningún servizo mentres o usuario non tivese a correspondente autorización municipal, incorrendo en caso contrario en responsabilidade administrativa. Para o cumprimento de tal obriga remitirase ao encargado copia de todas as licenzas concedidas.

3.- Para utilizar calquera dos servizos a que se refire esta Ordenanza, solicitarase por escrito a correspondente licenza ou autorización, liquidándose as taxas polo sistema de depósito previo antes de anotar a petición no Libro de Rexistro de Entrada de documentos. A devandita liquidación provisoria converterase en definitiva no momento da concesión da licenza ou autorización.

4.- Cando a natureza material da taxa esixa o reporte periódico da mesma, o mesmo terá lugar o 01 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, en cuxo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia, co seguinte rateo trimestral.

5.-Cando por causas non imputábeis ao suxeito pasivo, o servizo público non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.

6.- Será condición indispensábel para proceder a realizar o cambio de titularidade por "mortis causa" ou "inter vivos", estar ao corrente no pago das taxas.

7.- Poderá declararse a caducidade, e reverterá ó Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura, entre outras causas, por abandono da mesma, considerándose como tal o transcurso de cinco anos desde a última inhumación verificada nela, sen que o seu titular, familiares ou parentes, aboaran os dereitos correspondentes á conservación.

Exencións

Artigo 10

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión dos enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade, sempre e cando os gastos do enterro non sexan legal ou acontractualmente a cargo doutra persoa ou Entidade con capacidade económica de abondo para satisfacelas.

Infraccións e sancións

Artigo 11

Constitúe infracción, o feito de utilizar calquera dos servizos aos que se refire esta Ordenanza, sen a obtención da correspondente autorización municipal.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que das mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Art. 178 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Aprobación e vixencia

Disposición final.

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 17

REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE SANEAMENTO

FUNDAMENTO LEGAL.

ARTIGO 1º .-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 20.4.r) da mesma lei, e en uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 15 a 19 do xa citado RD Lexislativo 2/2004, este Concello establece a taxa polo servizo de saneamento.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2º .-

Constitúe o feito impoñible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de saneamento municipal.

b) A prestación de servicios de evacuación de augas residuais, a través de rede de saneamento municipal e o seu tratamento para depuralas, no seu caso.

Non estarán suxeitas á taxa as edificacións derruidas, e as declaradas ruinosas non ocupadas.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3º .-

1.- Son suxeitos pasivos contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede: o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servicios do apartado b) do artigo anterior: os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servicios, calquera que sexa o seu título, propietarios, usufructuarios ou arrendatarios, incluso en precario.

2.- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do ocupante ou usuario das vivendas, ou locais, o propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

RESPONSABLES.

ARTIGO 4º .-

1.- Responderán soliarimente das obrigas tributarias do suxeto pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 42.1 da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades, en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43.1 apartados a),b),c) da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

CUOTA TRIBUTARIA.

ARTIGO 5º .-

1.- A base do presente tributo virá determinada:

a) Polo volume de auga consumida polo contador.

b) Ou, no suposto de que a finca careza do servicio de abastecemento de auga, liquidarase o saneamento por estimación indirecta, mediante a asignación dun consumo equivalente ó límite superior establecido na tarifa b.1 ,Tramo I do artigo 4 da Ordenanza Fiscal nº 7, reguladora da Taxa pola subministración de auga, (36m3/aboadado/trimestre).

2.- Para a valoración dos consumos, fixarase a seguinte tarifa, IVE incluído (ó tipo vixente do 7%):

	Euros
a) Cuota de servizo por aboado/trimestre	3,316
b) Importe por m3 de auga consumida	0,16966

3.- As tarifas establecidas no artigo 4 poderán graduarse ao abeiro do establecido no artigo 24.4 do Texto Refundido da LEI Reguladora das Facendas Locais, en función da capacidade económica do suxeito pasivo en atención as seguintes condicións:

a) ingresos familiares

♦ **Para 1 persoa sóa:** pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.

♦ **Para 2 persoas en unidade de convivencia:** a pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 con cónxuxe a cargo.

♦ **Para 3 ou máis persoas en unidade de convivencia:** non superar o 110 % do Salario Mínimo Interprofesional estipulado para cada ano.

Os ingresos netos que perciba o/a solicitante e os demais membros da unidade familiar nos 6 meses anteriores á solicitude.

Para o cálculo do conxunto dos ingresos familiares realizarase a seguinte operación:

• **Ingresos netos anuais (-) gastos de aluguer de vivenda/amortización anuais = ingresos familiares netos anuais.**

• Para o cálculo dos ingresos anuais teranse en conta os seguintes aspectos:

-Para os pensionistas a pensión que cobrarán no ano en curso.

-Para os desempregados/as e as persoas que aleguen outras circunstancias, deberán xustificar os ingresos obtidos por todos os conceptos, nos últimos 6 meses anteriores á data de solicitude.

f) Ingresos procedentes de rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:

Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera outro membro da unidade familiar sexan propietarios/as e/ou usufructarios/as de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da presente exención municipal, *agás a propiedade referente á vivenda destiñada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.*

No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse **medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza os que superen os 2.500 euros en contas de aforro ou investimento.**

♦ **Posesión de vehículo:**

Non poderán ser propietarios dun vehículo no domicilio familiar de uso particular ou comercial, independentemente da titularidade do mesmo.

5.3.- A redución a que pode dar lugar a gradación da tasa en función da capacidade económica do suxeito pasivo e do 100% da tasa.

ARTIGO 6º .-

Correrá a cargo da empresa concesionaria a conserva do ramal dende a tubería xeral de acometida ata o pé do parámetro exterior do muro da edificación; así mesmo correrá ó seu cargo a reparación das averías que se produzan no tramo de ramal que discurre dende a tubería xeral de acometida ata o pé do parámetro exterior do muro da finca ou da alineación viaria do Plan Xeral no seu caso, ó prezo que de seguido se indica, IVE incluído:

	Euros
Acometida de saneamento por aboado/trimestre	0,48551

Os amaños derivados das roturas na acometida, producidas por negligencia demostrable na súa manipulación, ou outros danos non imputables ó normal disfrute do servizo, serán por conta do aboado.

ARTIGO 7.-

Sobre o importe resultante da aplicación destas tarifas poderán outras administracións supramunicipais establecer recargos, cánones ou impostos que incrementarán o importe total do recibo.

BENEFICIOS FISCAIS

ARTIGO 8º .-

Non se recoñecen mais beneficios fiscais que os establecidos na normativa vixente ou nos tratados internacionais.

DEVENGO.

ARTIGO 9º .-

1.- Devengase a taxa, e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose iniciada a mesma:

a) Si se trata de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, cando o suxeto pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de saneamento municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se teña obtido, ou non, a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou rúas públicas nas que exista rede de saneamento e sempre que os edificios poidan acomete-la rede xeral .

DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO:

ARTIGO 10º .-

1.- Os suxetos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no padrón de suxetos pasivos da taxa no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no padrón farase de oficio, unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2.- A liquidación e cobro das taxas levarase a cabo trimestralmente ós aboados dos servizos de auga e saneamento e, anualmente, ós aboados exclusivos do saneamento, confeccionando, a tal efecto, unha lista cobratoria en que se especificarán nome, apelidos do contribuínte, domicilio, metros cúbicos de auga facturada e débeda tributaria. As listas cobratorias, unha vez fiscalizadas pola Intervención, serán sometidas para a aprobación da Xunta de Goberno Local.

3.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, o devengo periódico destas taxas terá lugar o 01 de xaneiro de cada ano, liquidándose por trimestres naturais, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, en cuo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia có conseguinte prorrateo trimestral da cuota.

O abono das taxas realizarase durante o período determinado polo Concello iniciándose ó día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón.

Transcorridos os prazos que fixe o Concello para o cobro en período voluntario, poderán esixirse os recibos en vía de prema.

4.- O cobro levarase a cabo pola empresa concesionaria da explotación, nas súas oficinas recadatorias, poidendo os usuarios do mesmo domicilia-lo pago dos seus recibos en entidades bancarias colaboradoras, sen prexuízo de que a administración municipal, excepcionalmente, estableza outra modalidade.

5.- Nos supostos de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude nas oficinas da empresa concesionaria do servizo; unha vez concedida aquela, practicarase a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

6.- As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable surtirán efectos, con carácter automático, no de saneamento.

Os usuarios do servizo de auga potable, que carezan de saneamento, virán obrigados a solicita-la exclusión do padrón por dito concepto, ó tempo que tramitan o alta da auga.

ARTIGO 11º .-

Non se concederá a alta a aboados que se trasladen de domicilio e non se atopen ó corrente do pago do saneamento.

ARTIGO 12º .-

As reclamacións sobre a recadación, por posibles erros de cálculo e outros motivos, efectuaranse na empresa concesionaria da explotación, acompañando os recibos ou facturas que se presuma conteñan erro ou omisión.

ARTIGO 13º .-

No caso de traslado de domicilio do aboado, éste seguirá a ser reponsable do importe da taxa de saneamento da vivenda que deixou, si non se da de baixa coa antelación suficiente nas oficiñas do servicio.

ARTIGO 14º .-

O servicio de saneamento limitarase á zona que comprenda a rede xeral.

ARTIGO 15º .-

A concesión de novas acometidas á rede farase mediante solicitude dos interesados nas oficiñas da empresa concesionaria da explotación, e con acordo adoptado polo Concello, previo informe dos servicios técnicos municipais.

ARTIGO 16º .-

As acometidas que se soliciten para utiliza-lo saneamento en fincas onde non existe rede xeral, no caso de acceder a elo o Concello, deberán sufragalos gastos de ampliación da rede, e as obras deberán ser levadas a cabo pola empresa concesionaria da explotación, a cal levará o control e supervisión das mesmas , xuntamente cos técnicos municipáis.

Unha vez posta en funcionamento pasará a instalación a ser propiedade do Concello.

ARTIGO 17º .-

Os propietarios de fincas que non teñan contribuído a sufragalos gastos de primer establecemento da rede xeral de saneamento, na vía de que se tratara, cando soliciten levar a cabo a acometida para os seus inmobles, virán obrigados a pagar-la extensión de rede xeral necesaria para que se produza tal acometida, baixo as condicións técnicas de dimensión e instalación que os servicios municipáis dispoñan.

ARTIGO 18º .-

Unha acometida servirá somentes á finca para a que foi solicitada, sen que se permita extendela a outras, inda estando contiguas e pertencendo ó mesmo dono, agás conveniencias de distribución para o servicio, facéndose neste caso a derivación fora da finca privativa.

ARTIGO 19º .-

Se por a venda, ou outras causas, se dividira a propiedade, os novos propietarios virán obrigados a executar unha acometida independente para cada un deles.

ARTIGO 20º .-

Os diámetros da tubería que se usen para as acometidas serán:

-Para edificios composto de baixo e dúas vivendas, o diámetro mínimo será de 160 mm. aumentándose éste a medida que a casa teña máis pisos ou sexa susceptible de ser ampliado.

-Para edificios compostos de planta baixa e que non sexan susceptibles de ampliación, 160 mm. de diámetro mínimo.

INFRACCIONS E SANCIONS

ARTIGO 21º .-

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion, Xestión e Recadación

DISPOSICIÓN ADICIONÁIS:

1.- O Imposto sobre o Valor Engadido repercutido sobre as tarifas establecidas nesta Ordenanza o será ó tipo de gravame vixente en cada momento.

2.- Na última quincena do ano, aprobaranse os listados de prezos que rexerán para as obras do exercicio seguinte, previo informe técnico e adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local.

APROBACIÓN E VIXENCIA.

DISPOSICION FINAL.

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 18

REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS.

Fundamento legal

Artigo 1º.

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos.*

Feito impoñíbel

Artigo 2º.

1.- Constitúe o feito impoñíbel da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades económicas industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas. Exclúense de tal concepto os residuos de natureza industrial, escombros, cascallos e entullos, escouras e cinzas, restos de orixe vexetal non procedentes da alimentación humana, detritos, materiais contaminados, corrosivos ou perigosos e en xeral todos aqueles elementos ou vertidos que esixan control sanitario e medioambiental ou a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguranza na súa recollida.

3.- Non será de aplicación a taxa na prestación de carácter voluntario e a instancia da parte dos seguintes servizos:

- a) Recollida de residuos procedentes de establecementos industriais, non cualificábeis como lixo domiciliario ou residuos sólidos urbanos.
- b) Recollida de embalaxes, caixas e outros recipientes procedentes de establecementos industriais ou comerciais.
- c) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- d) Recollida de escombros, cascallos e entullos de obras.
- e) Recollida de móbeis e aparellos inútiles.

4.- O Concello comprométese a subministrar ao seu prezo de custo, a aquelas comunidades de propietarios que o soliciten, contedores para instalar nas súas zonas privadas, nos que figurarán gravados o anagrama do municipio e o enderezo da comunidade.

5.- Os locais ou establecementos comerciais suxeitos ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas poderán dispor, previa solicitude, dun contedor para uso individualizado que será facilitado polo Concello, sendo responsables quen o reciban da súa limpeza, conservación, colocación e retirada segundo as seguintes normas:

- a) Durante o día os contedores deberán permanecer no interior dos locais.
- b) O contedor sacárase e recollerase dentro do horario que establece o Regulamento de Xestión de Residuos, debendo situarse na calzada xunto cos demais contedores municipais.
- c) As operacións de conservación e limpeza que esixan estes recipientes deberán ser efectuados polos usuarios exclusivos dos mesmos.

Suxeitos pasivos

Artigo 3º.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que:

- a) Ocupen ou utilicen as vivendas e establecementos localizados nos prazas, rúas, vías públicas e lugares en que se presta o servizo, e
- b) No caso de vivendas, que estas sexan susceptíbeis de ser habitadas, temporal ou permanentemente, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, mesmo, de precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo o propietario das vivendas ou locais. Que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas,os beneficiarios do servizo.

Responsábeis

Artigo 4º.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 42.1 apartado a) e b) da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

2.- Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos , e co alcance,que sinala o artigo 43.1 apartados a),b) ,c) da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Exencións

Art.5

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos na normativa con rango de lei e as que se deriven da aplicación de Tratados Internacionais

Cota tributaria

Artigo 6º.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles ou locais, a tal efecto se aplicará a seguinte tarifa xeral en concepto de cota anual:

Tarifas vivendas			
Tipo de servizos			Importe (euros)
Zoa 1 - (1 ou 2 días de recollida de lixo ordinario por semana)			73.97
Zoa 2- (3 ou máis días de recollida de lixo ordinario por semana)			86.66
Tarifas establecementos comerciais			
Tipo establecemento	Importe	Tipo establecemento	Importe (euros)
Asociacións e sociedades sen ánimo de lucro		Pequenos talleres e talleres mecánicos	182.37
Academias		Perruquerías	182.37
Auto-escolas	131.25	Refugallos	182.37
Outras actividades sanitarias(Fisioterapeuta, consultorio de a.t.s. consultorio médico, óptico, podólogo, terapias alternativas...)	131.25	Tintorerías	182.37

Concesionarios vehículos	131.25	Xestorías	182.37
Despachos profesionais	131.25	Zapaterías	182.37
Librerías pequenas	131.25	Almacéns pintura	
	131.25	Cafeterías espec., discotecas...	254.06
Quioscos, mercerías	131.25	Clínicas médicas, den- tistas, odontólogos	254.06
Reloxerías e xoierías	131.25	Colexios	254.06
Xastrerías	131.25	Cristalerías	254.06
	131.25	Fábrica aluminios	254.06
Tendas glosinas	131.25	Farmacias	254.06
Vídeo	131.25	Grandes talleres	254.06
Vídeo e fotografía	131.25	Hostais	254.06
Ximnasios	131.25	Hostais con restaurante	254.06
Almacéns	182.37	Imprentas e Seregrafías	254.06
Almacéns ó por miúdo	182.37	Industrias	254.06
Autoaccesorios	182.37	Librerías grandes	254.06
Bancos	182.37	Librerías só venda li- bros	254.06
Barberías	182.37	Panaderías	254.06
Café-bar	182.37	Supermercados medianos	254.06
Carnicerías	182.37	Tapicerías	254.06
Floristerías	182.37	Ferreterías	
Garaxes colectivos	182.37	Grandes almacéns	294.84
Garderías	182.37	Moblerías	294.84
Herboristerías	182.37	Restaurantes, discotecas	294.84
Librerías medianas	182.37	Gasolineiras	336.48
	182.37	Hoteis	336.48
Manipulación chatarra e venda ó por maior	182.37	Salas de Festa	408.97
Mesóns e tabernas	182.37	Supermercados grandes	520.73
Pastelerías/confeiterías	182.37	Hipermercados	634.07
Pastelerías/confeiterías (forno)	182.37		
Peixerías	182.37		

Pensións	182.37		
Pequenas ferreterías	182.37		
Dentistas, odontólogos	182.37		

No caso das vivendas, a tarifa aplicarase ó enderezo que figura no recibo emitido en base ós datos da Planimetría do Roteiro Municipal vixente.

No caso da empresa NAVANTIA aboarase a tarifa por cada un dos establecementos segundo os puntos de recollida de lixo establecidos dentro do recinto industrial.

As empresas e negocios que posúan varios establecementos aboarán unha cota corresponde á suma das taxas correspondentes a cada establecemento individual.

Os locais que sexan utilizados indistintamente como vivenda e negocio aboarán a cota correspondente á actividade económica principal que desenvolvan.

No caso de exercer un mesmo suxeito pasivo, nun mesmo local, máis dunha actividade, lle será aplicada a maior das tarifas correspondentes a ditas actividades.

6.2 As tarifas establecidas no artigo 6 poderán graduarse ao abeiro do establecido no artigo 24.4 do Texto Refundido da LEi Reguladora das Facendas Locais, en función da capacidade económica do suxeito pasivo en atención as seguintes condicións:

a) ingresos familiares

♦ Para 1 persoa sóa: pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.

♦ Para 2 persoas en unidade de convivencia: a pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 con cónxuxe a cargo.

♦ Para 3 ou máis persoas en unidade de convivencia: non superar o 110 % do Salario Mínimo Interprofesional estipulado para cada ano.

Os ingresos netos que perciba o/a solicitante e os demais membros da unidade familiar nos 6 meses anteriores á solicitude.

Para o cálculo do conxunto dos ingresos familiares realizarase a seguinte operación:

• **Ingresos netos anuais (-) gastos de aluguer de vivenda/amortización anuais = ingresos familiares netos anuais.**

• Para o cálculo dos ingresos anuais teranse en conta os seguintes aspectos:

-Para os pensionistas a pensión que cobrarán no ano en curso.

-Para os desempregados/as e as persoas que aleguen outras circunstancias, deberán xustificar os ingresos obtidos por todos os conceptos, nos últimos 6 meses anteriores á data de solicitude.

g) Ingresos procedentes de rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:

Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera outro membro da unidade familiar sexan propietarios/as e/ou usufructarios/as de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da presente exención municipal, *agás a propiedade referente á vivenda destiñada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.*

No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse **medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza os que superen os 2.500 euros en contas de aforro ou investimento.**

♦ **Posesión de vehículo:**

Non poderán ser propietarios dun vehículo no domicilio familiar de uso particular ou comercial, independentemente da titularidade do mesm

6.3.- A redución a que pode dar lugar a gradación da tasa en función da capacidade económica do suxeito pasivo e do 100% da tasa.

Reporte

Artigo 7º.

1.- Repórtase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigada do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas prazas, rúas, vías públicas ou lugares onde figuren as vivendas ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos a taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, o reporte periódico destas taxas terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, en cuxo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia, co conseguinte rateo trimestral da cota. Se esta corresponde a servizos que se prestan sen periodicidade, comprenderán exclusivamente o acto individual ao que se refiren.

3.- O abono das taxas realizarase durante o período determinado polo Servizo de Recadación, agás que o reporte da taxa se producira con posterioridade a dita data, aboándose en tal caso a primeira cota rateada polos trimestres naturais que correspondan.

Declaración e ingreso

Artigo 8º.

1.- A declaración de alta implicará a obriga para o suxeito pasivo da súa inscrición en matrícula.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos recollidos nas matrículas, levarase a cabo nestas as modificacións correspondentes, que xurdirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se efectuase a declaración.

3.- O cobro das cotas efectuarase polo Servizo de Recadación, mediante recibo derivado da matrícula.

Infraccións e sancións

Artigo 9º.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Aprobación e vixencia

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 21

REGULADORA DO OUTORGAMENTO DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACION OU OCUPACION DE EDIFICIOS.

FUNDAMENTO LEGAL.

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa por expedición de licenza de primeira utilización ou ocupación de edificios*.

ARTIGO 2º.-

Os efectos desta ordenanza teñen natureza de “edificios” as obras de nova pranta e tamén aqueles resultantes da ampliación ou reforma de estruturas dos xa existentes, realizadas ó amparo dunha licenza urbanística.

O termo “edificio” poderá referirse ó conxunto dun inmovible ou a partes ou locais do mesmo, segundo os casos, cando polas súas características éste sexa susceptible de división por prantas ou locais que poidan ser adicados a distintos usos dos de vivenda, de maneira que as actividades a desenrolar en cada un de tales locais ou prantas están suxeitas a un trámite específico.

FINALIDADE.

ARTIGO 3º.-

A licenza de primeira utilización ou ocupación ten por finalidade exclusiva:

- a) Comprobar que o edificio construído e a urbanización realizada simultaneamente, no seu caso, se fixeron de acordo co proxecto técnico e a licenza urbanística concedida no seu día.
- b) Verificar que o edificio construído ou partes para as que se solicita licenza de 1ª ocupación, reúne aparentemente, e sempre coa responsabilidade directa e única que en tal senso corresponde á Dirección de Obra, as condicións técnicas de seguridade, salubridade e ornato público.
- c) Confirmar que o edificio pode destinarse a determinado uso.
- d) Asegurarse que o constructor repuxo, caso de habelo dañado, os elementos e o equipamento urbanísticos afectados.

SOLICITUDE DE LICENZAS.

ARTIGO 4º.-

1.- A solicitude para a primeira utilización de edificios e a súa obtención é requisito indispensable para poder destina-los edificios ó uso proxectado.

2.- Os interesados en obter licenza de primeira utilización ou ocupación dun edificio, presentarán unha solicitude dirixida ó Alcalde que deberá conter, en todo caso, os seguintes datos:

a) Nome, apelidos do interesado, ou no seu caso, da persoa que o representa, así como a identificación do lugar que se sinale a efectos de notificacións.

b) Identificación do edificio respecto do que se solicita a licenza, que haberá de concretarse con toda claridade.

c) Lugar, data e signatura do solicitante, ou do seu representante.

3.- Os interesados deberán acompañar-la instancia cos seguintes documentos:

a) Fotocopia da preceptiva licenza de obra de nova pranta, reforma de estrutura ou ampliación. (*)

b) Certificado de finalización de obra, ou, no seu caso, da urbanización, conforme ó proxecto técnico aprobado, expedido polo director da obra ou por técnico competente e visado, polo correspondente colexio profesional , coa indicación expresa de que a obra se axusta o proxecto para o que se ten licencia.

c) Catro fotografías do edificio e o seu entorno e dúas dos viais limítrofes.

d) Xustificante do importe de orzamento da obra (*)

e) Certificado de aillamento acústico ao abeiro do decreto 320/2002, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a continuación acústica.

ORGANO COMPETENTE PARA O OUTORGAMENTO DA LICENZA.

ARTIGO 5º.-

A competencia para outorgar-la licenza corresponde ó Alcalde, quen poderá delegala na Xunta de Goberno Local.

PROCEDEMENTO.

ARTIGO 6º.-

1.- Incoado o procedemento, a solicitude de persoa interesada, impulsarase de oficio en tódolos seus trámites recabando o instructor simultaneamente informes dos servizos técnicos do Concello e os que xulgue necesarios para resolver, fundamentando a conveniencia de recabalos.

2.- Nos informes dos servizos técnicos constatarase si a obra se realizou dacordo co proxecto técnico e licenza urbanística concedida ; si se restauraron debidamente os elementos urbanísticos e equipamento urban que poidesen quedar afectados como consecuencia da obra; si reune as condicións aparentes de seguridade, salubridade e ornato público; e si o edificio ou locais para os que se solicita primeira ocupación son aptos para o uso inicial a que se destinan.

3.- Os informes serán realizados no prazo máximo de dez días.

OBRIGA DE RESOLVER.

ARTIGO 7º.-

1.- O Alcalde ou, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, está obrigado a dictar resolución expresa no prazo máximo de dous meses.

2.- A aceptación dos informes e dictámenes servirá automaticamente de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

FEITO IMPOÑIBLE.

ARTIGO 8º.-

Constituirá o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si a licenza de primeira utilización ou ocupación dos edificios se axusta á normativa legal.

SUXEITO PASIVO.

ARTIGO 9º.-

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03, que soliciten a licenza ou se beneficien da mesma.

RESPONSABLES.

ARTIGO 10º.-

Na primeira ocupación dos edificios sen licenza, serán responsables o promotor das obras e o que realice a ocupación si fosen persoas distintas, tendo a multa que se impoña carácter independente.

ARTIGO 11º.-

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 42.1 da Lei Xeral Tributaria 58/03. Serán responsables subsidiarios os que así resulten por aplicación da nova Lei Xeral Tributaria 58/03.

En todo caso, terán a consideración de substitutos do contribuinte, os promotores, constructores e contratistas de obras.

CUOTA TRIBUTARIA.

ARTIGO 12º.-

1.- Tomarase como base de gravame da presente taxa o custo real e efectivo da construción, calculado da forma establecida no artigo 6º.1.b) da Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

2.- O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

Concepto	Euros
Por cada edificio e ata 6.010,12 euros de orzamento do mesmo	60.16
Por cada tramo de incremento de 6.010,12 euros sobre o orzamento	17.66

3.-Naqueles edificios que, encontrándose en trámite de obtención da licenza de primeira ocupación, presentaran orzamentos realizados en anualidades anteriores ás da solicitude, procederá a súa actualización mediante a aplicación dos correspondentes índices de prezos ó consumo correctores.

OBRIGA DE CONTRIBUIR.

ARTIGO 13º.-

A obriga de contribuir nacerá no momento de comenar a prestación do servizo, que terá lugar dende que se formula a solicitude de licenza, ou dende que o Concello realice as actuacións conducentes a verificar si é ou non autorizable a primeira utilización ou ocupación dos edificios efectuada sen a obtención da preceptiva licenza. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada ou modificada pola renuncia ou desestimento do solicitante.

OBRIGAS DOS TITULARES DO EDIFICIO.

ARTIGO 14º.-

1.- Prohíbese ós titulares do edificio construído, a súa primeira ocupación previa á obtención da licenza de primeira utilización ou ocupación.

2.- Nas transmisións ou enaxenacións totais ou parciais do inmovible construído, constará de forma fidedigna ós adquirentes a carencia de licenza de primeira ocupación, si ésta non se obtivo ó tempo da transmisión ou enaxenación.

OBRIGAS DAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS E TELEFONÍA.

ARTIGO 15º.-

1.- As empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telefonía, deberán esixir para a contratación dos respectivos servizos, a licenza de primeira utilización ou ocupación dos edificios.

2.- O incumprimento desta esixencia por parte das empresas subministradoras dará lugar a que a Administración imponha unha multa do tanto ó quíntuplo do importe da acometida, sen perxuício doutras sancións que resulten procedentes.

OBRIGA DE PAGO.

ARTIGO 16º.

1.-Tratándose dun aproveitamento non periódico, a obriga de pago nace cando se inicie o uso, si ben no momento en que se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, deberá realizarse o depósito previo total da liquidación.

2.- O pago do depósito previo efectuarase por ingreso directo na Caixa da Tesourería Municipal, na entidade bancaria correspondente ou donde establecece o Concello, con anterioridade á entrega da correspondente licenza ou autorización.

INFRACCIONS E SANCIONS.

ARTIGO 17º.-

Constitue infracción urbanística a primeira ocupación de edificios, sin a preceptiva licenza de primeira utilización ou ocupación, conforme dispón o art. 69 do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro, para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia.

ARTIGO 18º.-

1.- A infracción a que se refire o artigo anterior será sancionada conforme as regras establecidas no artigo 76 e seguintes do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia , en relación coas demais disposicións vixentes aplicables.-

2.- Para a graduación das sancións teranse en conta os criterios establecidos no artigo 187 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e demais normativa aplicable e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion, Xestion e Recadacion

3.- En ningún caso poderá o Concello deixar de adopta-las medidas tendentes a restaura-lo orden urbanístico vulnerado, dispoñendo a cesación inmediata da actividade de ocupación, como medida cautelar.

ORGANO COMPETENTE.

ARTIGO 19º.-

O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o Alcalde, quen poderá delegar esta atribución na Xunta de Goberno Local.

APROBACION E VIXENCIA.

DISPOSICION FINAL.

1.- Para o non previsto na presente ordenanza rexiran os preceptos da Lei 1/1997 do 24 de marzo, do Solo de Galicia, do Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia , da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local ; do regulamento de Disciplina Urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urban, aprobado por Real Decreto 2187/1978, do 23 de xuño, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e demais normativa que resulte aplicable.

2.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 22

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Fundamento legal

Artigo 1º.

De conformidade co previsto no artigo 57 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa*.

Feito impoñíbel

Artigo 2º.

Constitúe o feito impoñíbel da taxa a ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Suxeito pasivo

Artigo 3º.

Están obrigadas ao pagamento da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, a favor das que se outorgou a licenza, ou aquelas que se beneficien da ocupación, cando se actúe sen a preceptiva autorización.

Responsábeis

Artigo 4º

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da LXT.

2.- Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 43 da LXT.

Cota tributaria

Artigo 5º.

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar a tarifa recollida no seguinte cadro, de acordo cos conceptos e importes nel establecidos e atendendo á zonificación do viario municipal que se relaciona no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral municipal.

Localización da vía	Unidade de débeda	Cota trimestral
Zonas 1, 2 e 3	mesa	32.91
Zonas 4, 5 e 6	mesa	20.41

Zonas 7 e 8	mesa	16.45
-------------	------	-------

Normas de xestión, administración e cobranza

Artigo 6º.

1.- As cantidades esixíbeis de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada ocupación solicitada ou realizada, por períodos trimestrais, sendo irredutíbeis por cada período autorizado.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión das ocupacións reguladas nesta Ordenanza, terán de solicitar previamente a correspondente licenza, formulando declaración na que conste:

- a) O número de mesas incluídas na ocupación.
- b) Os demais elementos que se prevé instalar (cadeiras, zócalos, tarimas, parasoles, separadores, carpas, macetas...).
- c) Localización dentro do municipio, indicando o nome e tramo de vía afectado.

3.- No momento de presentación da solicitude efectuarase unha liquidación provisoria que terá, de conformidade co artigo 26.1 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, carácter de depósito previo, que se elevará a definitivo unha vez concedida a correspondente licenza ou autorización, previas as comprobacións que procederan por parte dos servizos municipais.

4.- Non se consentirá a ocupación da vía pública polos interesados en tanto non se obtivera a correspondente licenza.

5.- Ao cabo do trimestre natural polo que se autoriza a ocupación entenderase automaticamente renovada a concesión da licenza, por periodos mensuais. A licenza caducará por acordo expreso da Alcaldía ou cando se presente baixa xustificada polo interesado, ou polos seus lexítimos representantes no caso de finamento. Con independencia da causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou arrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

6.- O abono das taxas realizarase durante o período determinado polo Servizo de Recadación, agás que o reporte da taxa se producira con posterioridade a dita data, aboándose en tal caso a primeira cota rateada polos trimestres naturais que correspondan.

7.- O titular da licenza vén obrigado a deixar paso dabondo para o tránsito de peóns na zona obxecto da ocupación, que deberá ser como mínimo da metade do largo da sección da beirarrúa ou superficie ocupada, e nunca inferior a 1 m.

Obriga de pagamento

Artigo 7º.

1.- A obriga de pagamento nace :

a) Tratándose de concesións de novas ocupacións da vía pública: cando se inicie o uso, se ben no momento en que se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente deberá realizarse o depósito previo total da liquidación.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados: cando a natureza material da taxa esixa o reporte periódico desta, o mesmo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, en cuxo caso o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte rateo da cota.

Cando por causas non imputábeis ao suxeito pasivo, o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

2.- O pagamento da taxa efectuarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos: por ingreso directo na entidade bancaria correspondente ou onde establecece o Concello, con anterioridade á entrega da correspondente licenza ou autorización.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados: unha vez incluídos nos padróns ou matrículas da taxa por períodos anuais, rateábeis en trimestres, nas oficinas de Recadación ou por domiciliación bancaria, no período de cobranza que se estableza ao efecto.

Beneficios fiscais

Artigo 8º.

Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda que non veñan establecidas nas leis ou tratados internacionais.

Infraccións e sancións

Artigo 9º.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03 e a súa normativa de desenvolvemento.

Aprobación e vixencia

Disposición final.

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 23

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Fundamento legal

Artigo 1

De conformidade co disposto no artigo 59.1c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2

O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica e un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza aptos para circular polas vías públicas.

Considerase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes mentres non causara baixa nestes.

Os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Non están suxeitos a este imposto:

- a) os vehículos que foran dados de baixa no rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certámenes ou carreiras limitadas os desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 Kilogramos.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que teñan o seu nome o vehículo no permiso de circulación.

Cota de gravame

Artigo 4º.

De conformidade co previsto no Art. 95.4 en relación co 95.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1998 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o imposto se esixirá con atención ao seguinte cadro de tarifas. O mesmo resulta de multiplicar a tarifa base incluída no devandito Art. 95.1 do R.D. Lexislativo 2/2004 por un coeficiente de 1,5 en todas as clases de vehículos e tramos de potencia, agás nos turismos de 16 cabalos fiscais en adiante e nas motocicletas de máis de 500 c.c., onde é de aplicación un coeficiente de 1,6.

Clases de vehículos	Cota
A. TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	20,79
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	55,52
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	117,16
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	145,95
De 20 cabalos fiscais en adiante	182,43
B. AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	135,74
De 21 a 50 prazas	192,63
De máis de 50 prazas	241,58
C.- CAMIONS	

De menos de 1.000 kg. de carga útil	68,90
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	135,74
De mais de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	194,45
De mais de 9.999 kg de carga útil	241,58
D.- TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	28,79
De 16 a 25 cabalos fiscais	45,22
De mais de 25 cabalos fiscais	135,74
E.- REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHICULOS DE TRACCION MECANICA	
De menos de 1.000 kg. e mais de 750 kg. de carga útil	28,79
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	45,22
De mas de 2.999 kg. de carga útil	135,96
F.- OUTROS VEHICULOS	
Ciclomotores	7,25
Motocicletas ata 125 c.c.	7,25
Motocicletas de mais de 125 ata 250 c.c.	12,35
Motocicletas de mais de 250 ata 500 c.c.	24,70
Motocicletas de mais de 500 ata 1.000 c.c.	49,29
Motocicletas de mais de 1.000 c.c.	98,69

Normas de xestión, administración e cobranza

Artigo 5º.

O período impositivo coincide co ano natural. A data da esixibilidade do imposto é o primeiro día do período impositivo.

O pagamento do imposto acreditarase mediante o correspondente recibo. O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais, nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota, nos mesmos termos, nos supostos de baixa temporal por substracción ou roubo do vehículo, desde o momento en que se producira dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Artigo 6º.

Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos -sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos- deberán acreditar previamente ante a Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixíbel por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas por dito concepto reportadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Se exceptúa da referida obriga de acreditación o suposto de baixas definitivas de vehículos con 15 ou máis anos de antigüidade.

Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo

obligado tributario ou o seu representante, salvo que se modificara o consignado nos mesmos.

Artigo 7º.

1º.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual. No mesmo figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

2º.- O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ao público polo prazo de un mes, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

3º.- O instrumento acreditativo do pagamento deste imposto será a carta de pagamento debidamente dilixenciada, de terse producido o ingreso da cota na Tesourería Municipal, ou mediante domiciliación bancaria en entidade colaboradora para a xestión de tributos.

Artigo 8º.

En todo aquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 4ª, da sección 3ª, do capítulo II, Título II, do citado R.D. Lexislativo 2/2004 , concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Bonificacións

Artigo 9º.

1.- Os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera tomando como tal a da súa primeira matriculación, ou no seu defecto a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 50 % da cota incrementada do imposto, previa solicitude do interesado, na que acredite a data de fabricación ou primeira matriculación por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou certificado do fabricante ou de industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. En todo o caso, o outorgamento da bonificación causará efecto no exercicio seguinte ao da súa concesión.

Fica condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do suxeito pasivo por todos os conceptos.

Exencións

Artigo 10º.

Estarán exentos do impostos os vehiculos incluidos no artigo 93.1 do Real Decreto 2/2004.

Para poder obter as exencións ás que se refire o parágrafo e) do apartado 1 do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, os interesados deberán instar a súa concesión durante o primeiro bimestre de cada exercicio económico, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da

documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Esta solicitude deberá renovarse :

- cada ano, presentado os documentos necesario, no caso dun certificado de minusvalía de carácter **non definitivo**.
- Cada cinco anos, presentando os documentos necesarios, no caso dos certificados de minusvalía de carácter definitivo.

Aqueles vehículos que, por mor da minusvalía do seu propietario, estean adaptados ás necesidades dos mesmos non terán a obriga de renova-la mesma tódolos anos. (*)

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo f) do apartado 1 do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, os interesados deberán adxunta –la seguinte documentación:

a) Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- 1.- Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellaría de Asuntos Sociais, no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
- 2.- Fotocopia do permiso de condución (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 3.- Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 4.- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que figure o condutor habitual do mesmo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 5.- Fotocopia do DNI.
- 6.- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- 7.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- 8.- Estar empadroadado no Concello de Fene.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por todos os conceptos.

Ós efectos da presente ordenanza servirá como acreditación do “uso exclusivo do vehículo” a fotocopia cotexada da Póliza do Seguro do vehículo, onde debe constar **EXCLUSIVAMENTE** o beneficiario da exención. (*)

Sin prexuízo das comprobación que poderá levar a cabo a Policía Local sobre o mesmo (*)

b) Vehículos destinados ao transporte de minusválidos:

- 1.- Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellaría de Asuntos Sociais, no que conste ademais do grao de minusvalía se o minusválido ten necesidade de asistencia de terceiras persoas e se ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.
- 2.- Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 3.- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 4.- Fotocopia dos DNI do minusválido e do condutor habitual do vehículo.
- 6.- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- 7.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.- Estar empadroado no Concello de Fene.

Os suxeitos pasivos beneficiarios das citadas exencións no exercicio anterior e que queiran seguir sendo beneficiarios unicamente deberán entregar no Concello a solicitude de exención segundo o modelo existente a tales efectos, e a fotocopia do DNI compulsada do beneficiario.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por todos os conceptos, así como ao oportuno informe, en caso necesario, da policía local.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Non se considerará que o vehículo é para “uso exclusivo do minusválido”, e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando do certificado expedido pola Consellaría de Asuntos Sociais non se deduza que o minusválido ten DIFICULTADES GRAVES DE MOBILIDADE que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

Infracción e sancións

Artigo 11º.

En materia de tributos locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten da presente Lei e as que, no seu caso, se establezan nas Ordenanzas Fiscais ao amparo da Lei.

Aprobación e vixencia

Disposición final.

1º.- A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 25

REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Fundamento legal

Artigo 1º.

De conformidade co disposto no artigo 59.2 parágrafo 2º do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre o *Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana*.

Natureza e feito imponible

Artigo 2º.

1º.- O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo cuxo feito imponible está constituído polo incremento de valor que experimentan os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.

2º.- O título a que se refire o apartado anterior consistirá en:

- a) Negocio xurídico "mortis causa".
- b) Declaración formal de herdeiros "ab intestado".
- c) Negocio xurídico "inter vivos", sexa de carácter oneroso ou gratuíto.
- d) Alleamento en subasta pública.
- e) Expropiación forzosa.

Artigo 3º.

1.- Terán a consideración de terreos de natureza urbana: O solo urbano, o susceptíbel de urbanización e o urbanizábel desde o momento en que se aprobe un Proxecto de Urbanización, os terreos que dispoñan de vías pavimentadas ou encintado de beirarrúas e teñan ademais servizos de sumidoiros, subministro de auga, electricidade e alumeadado público, ademais dos ocupados por construcións de natureza urbana.

2.- Non estará suxeito a este imposto o incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos aos efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis. Por tanto, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos a efectos de dito Imposto sobre Bens Inmóbeis, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón de aquel. Aos efectos deste imposto, estará así mesmo suxeito ao mesmo o incremento do valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeis clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis.

Exencións

Artigo 4º.

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos actos seguintes:

- a) achegas de bens e dereitos realizados por los cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pago delas se verifiquen, e transmisións que se fagan aos cónxuxes no pagamento dos seus haberes comúns
- b) constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
- c) transmisións de bens inmóbeis entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia de cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, for cal for o réxime económico matrimonial.
- d) As transmisións de bens que puideran ser declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmóbeis. Para gozar desta

exención deberase acreditar a declaración individual de interese cultural mediante invocación da norma de rango suficiente na que se conteña a súa situación concreta dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora ou rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentárase o proxecto, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente. Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Fene respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado ao seu cargo as obras.

Artigo 5º.

Están exentos deste imposto, así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, as que pertenza o municipio así como todos os seus entes dependentes
- c) Este municipio e as entidades locais integradas no mesmo ou que formen parte del, así como os seus respectivos organismos autónomos de carácter administrativo.
- d) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- e) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- f) As persoas ou Entidades ás que se lles recoñece a exención en Tratados ou Convenios Internacionais.
- g) Os titulares de concesións administrativas reversíbeis respecto dos terreos afectados ás mesmas.
- h) A Cruz Vermella Española.
- g) as persoas ou entidades a cuio favor se teña recoñecida a exención en tratados ou convenios internacionais.

Suxeitos pasivos

Artigo 6º.

1.- Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte:

- a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que adquira o terreo ou a cuo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trata.
- b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/03, que transmita o terreo, ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2.- Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/03, que adquira o terreo ou a cuo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

Base imponible

Artigo 7º.

1º.- A base imponible deste imposto estará constituída polo incremento real de valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do reporte e experimentado ao logo dun período máximo de 20 anos.

2º.- A efectos de determinación da base imponible, terase en conta o valor do terreo no momento do reporte, de acordo có previsto no apartado 4 do artigo 107 do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e a porcentaxe que corresponda en función do previsto no apartado 4 de dito Título.

3º.- A porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de aplica-lo número de anos expresado no apartado anterior pola correspondente porcentaxe anual, que será:

Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo	Porcentaxe
a) Entre 1 e 5 anos	3,29 %
b) Entre 6 e 10 anos	2,98 %
c) Entre 11 e 15 anos	2,77%
d) Entre 16 e 20 anos	2,67 %

Artigo 8º.

Aos efectos de determinar o período de tempo en que se xere o incremento de valor, tomaranse tan só os anos completos, transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate, ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre o mesmo, e a produción do feito imponible deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano. En ningún caso o período de xeración poderá ser inferior a un ano.

Artigo 9º.

Nas transmisións de terreos de natureza urbana, considerarase como valor dos mesmos, no momento de reporte deste imposto, o que teñan fixados en dito momento os efectos do Imposto de Bens Inmóbeis.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha Ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con anterioridade, poderase liquidar provisoriamente este imposto de acordo ao mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos obtido conforme o sinalado no artigo 107.2 do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, referido ao momento do reporte.

Cando o terreo, mesmo sendo de natureza urbana no momento do reporte do imposto, non teña fixado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa fixado.

Artigo 10º.

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos, calculado segundo as seguintes regras:

a) No caso de constituírse un usufruto (dereito de) temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70% de dito valor catastral.

b) Se o usufruto fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufrutuário tivese menos de 20 anos, será equivalente ó 70% do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda de dita idade, até o límite mínimo do 10% do expresado valor catastral.

c) Se o usufruto se establece en favor dunha persoa xurídica, por un prazo indefinido ou superior a 30 anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivalerá ao 100% do valor catastral do terreo usufrutuado.

d) Cando se transmita un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras a), b) e c) anteriores, aplicaranse sobre o valor catastral do terreo no momento de dita transmisión.

e) Cando se transmita o dereito dunha propiedade, o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufruto, calculado este último segundo as regras anteriores.

f) O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ao 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituían tales dereitos, as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios, segundo os casos.

g) Na constitución ou transmisión de calquera outro dereito real de goce limitativo do dominio, distinto dos enumerados nas letras a), b), c), d) e f) deste artigo e no seguinte, considerarase como valor dos mesmos, aos efectos deste imposto:

- O capital, prezo ou valor pactado ao constituílo, se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ao tipo de xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.
- Este último, se aquel fose menor.

Artigo 11º.

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou mais plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto ao mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas, unha vez construídas aquelas.

Artigo 12º.

Nos supostos de expropiación forzosa, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo.

Nas transmisións de pisos ou locais en réxime de propiedade horizontal, o valor do terreo será o específico do solo que cada finca tivera fixado no Imposto sobre Bens Inmóbeis e, se aínda non o tivera establecido, estimarase en función da cota de copropiedade que teña atribuída á finca alleada.

Cota tributaria

Artigo 13º.

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base impositiva o tipo de gravame do 27.47%, en relación co disposto no artigo 108, apartados 2 e 3 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo .

Bonificacións

Artigo 14º.

Gozarán dunha bonificación de até o 99%, as cotas que se reporten nas transmisións que se realicen con ocasión das operacións de fusión ou escisión de Empresas a que se refire a Lei 76/1980, de 16 de decembro, sempre que así se acorde polo Concello.

Se os bens, nos que a súa transmisión dese lugar á referida bonificación, fosen alleados dentro dos 5 anos seguintes á data da fusión ou escisión, o importe de dita bonificación satisfacerase ó Concello respectivo, sen prexuízo do pagamento do imposto que corresponda polo citado alleamento.

Tal obriga recaerá sobre a persoa ou Entidade que adquiriu os bens a consecuencia da operación de fusión ou escisión.

Devengo

Artigo 15º.

1º.- O imposto devengase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte na data da transmisión.

b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2º.-Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme, que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producise efectos lucrativos e sempre que reclame a devolución no prazo de 5 anos desde que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o Art. 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producise efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.

3.-Se o contrato queda sen efecto de mutuo acordo entre as partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerárase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo, estimárase a avinza en acto de conciliación e a simple conformación coa demanda.

4º.- Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase de acordo coas prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto até que esta se cumpra.

Artigo 16º.

Aos efectos do disposto no apartado anterior, considerárase coma data da transmisión:

a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público, e cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

c) Nas subastas xudiciais, administrativas ou notariais, se tomará excepcionalmente a data do auto ou providencia aprobando o remate se no mesmo queda constancia da entrega do inmovible. En calquera outro caso, estarase a data do documento público.

d) Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación e pago.

PERIODO IMPOSITIVO

Artigo 17

1.O período de imposición comprende o número de anos o longo dos cales pónse de manifesto o incremento real do valor dos terreos de natureza urbana e computárase desde o devengo inmediato anterior do Imposto, co límite máximo de vinte anos.

Xestión do imposto. Obrigas materiais e formais

Artigo 18.

1º.- Os suxeitos pasivos veranse obrigados a presentar perante este Concello declaración segundo modelo determinado por el mesmo, contendo os elementos da relación tributaria, imprescindíbeis para practicar a liquidación procedente.

2º.- Dita declaración presentarase nos seguintes prazos, a contar desde a data en que se produza o reporte do imposto:

a) Cando se trate de actos inter vivos, o prazo será de 30 días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de 6 meses, prorrogábeis até 1 ano a solicitude do suxeito pasivo. A solicitude deberá expresar os bens da herdanza do causante cuxa transmisión estea suxeita a este imposto e a identificación dos suxeitos pasivos, expresando o seu nome, domicilio e NIF. No caso de non ser resolta a solicitude de prórroga no prazo de 1 mes, a contar desde a súa presentación, entenderase concedida por silencio administrativo.

3.- Coa declaración acompañaranse os documentos en que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

Artigo 19

As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos, con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

Artigo 20

Están igualmente obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito impositivo, nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

a) Nos supostos contemplados na letra a) do art. 6º da presente Ordenanza, sempre que se producisen por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nos supostos contemplados na letra b) de dito artigo o adquirente ou a persoa a favor da cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 21.

Así mesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ao Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impositivo deste Imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de firmas.

O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria 58/03.

Inspección e recadación

Artigo 22º

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria 58/03 e nas demais do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento e a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación

Infraccións e sancións

Artigo 23º

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e o previsto na Lei de Dereitos e Garantías do Contribuínte e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 24º

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 6ª, da Sección 3ª, do Capítulo II, do Título II do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, concordantes e complementarios da mesma e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Aprobación e vixencia

Disposición final.

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 26

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

FUNDAMENTO LEGAL.

ARTIGO 1º.-

De conformidade có disposto no artigo 59.1 b) do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre actividades económicas.

Natureza e feito imponible

Artigo 2º.

1.- O Imposto sobre Actividades Económicas, é un tributo directo de carácter real, no que o feito imponible está constituído polo mero exercicio neste Concello de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do Imposto.

2.- Considéranse, aos efectos deste Imposto, actividades empresariais, cando teñan carácter independente, as gandeiras, extractivas, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen, por conseguinte, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituíndo feito imponible polo imposto o exercicio de calquera delas.

Ao efectos do previsto no parágrafo anterior, terá a consideración de actividade gandeira independente, o conxunto de cabezas de gando que se atope comprendido nalgún dos casos seguintes:

- a) Que se paste ou se alimente fundamentalmente en terras que non sexan explotadas agrícola ou forestalmente polo dono do gando.
- b) O estabulado fóra das fincas rústicas.
- c) O *trashumante* ou *trasterminante*.
- d) Aquel que se alimente fundamentalmente con pensos non producidos na finca na que se críe.

3.- Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e/ou de recursos humanos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

4.- O contido das actividades gravadas está definido nas tarifas do Imposto.

5.- O exercicio das actividades gravadas probarase por calquera medio admisíbel en dereito e, en particular, polos contemplados no Art. 3 do Código de Comercio.

Supostos de non suxeición

Artigo 3º.

Non constitúe feito impoñíbel neste imposto o exercicio das seguintes actividades:

1.- O alleamento de bens integrados no activo fixo das empresas, que figuraran debidamente inventariados como tal inmovilizado con máis de dous anos de antelación á data de transmitirse, e a venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os utilizara durante igual período de tempo.

2.- A venda dos produtos que se reciben en pagamento de traballos persoais ou servizos profesionais.

3.- A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento.

Pola contra, estará suxeita ao imposto a exposición de artigos de agasallo aos clientes.

4.- Cando se trate de venda polo miúdo, a realización dun só acto ou operación illada.

Exencións

Artigo 4º.

1.- Estarán exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas, e as Entidades Locais, así como os seus organismo autónomos do Estado e as entidades de dereito publico de analogo character das comunidades autonomas e das entidades locais..

b) Os Suxeitos Pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os 2 primeiros anos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

A estes efectos, non se considerará que se produciu o inicio do exercicio dunha actividade cando a mesma se teña desenrolado anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que entenderase que concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

-As persoas físicas.

-Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/03, que teñan un importe neto de cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

- Os contribuíntes do Imposto sobre a Renda de non Residentes que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 euros.

Aos efectos de aplicación de exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras seguintes:

- O importe neto da cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no artigo 191 do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1564/1989, de 22 de decembro.

- O importe neto da cifra de negocios será, nos casos dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, o do período impositivo cuxo prazo de presentación de declaracións por ditos tributos tivera finalizado no ano anterior ao de reporte deste imposto. No caso das Sociedades Civís e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ao penúltimo ano anterior ao de reporte deste imposto. Se dito período tivera unha duración inferior ao ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

-Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas polo mesmo. Porén, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades, no sentido do Art. 42 do Código de Comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ao conxunto de entidades pertencentes a dito grupo. A estes efectos, entenderase que os casos do Art. 42 do Código de Comercio son os recollidos na sección I do Capítulo I das Normas para a formulación das contas anuais consolidadas aprobadas polo R.D. 1815/1991, de 20 de decembro. No suposto dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, atenderase ao importe neto da cifra de negocios imputábel ao conxunto dos establecementos permanentes situados no territorio español.

d) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e de Mutualidades de Previsión Social reguladoras pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos Seguros Privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino de todos os graos, custeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das Entidades Locais, ou por Fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino de todos os graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo, mesmo se facilitasen aos seus alumnos libros ou artigos de escritorio, ou lles prestasen os servizos de media pensión ou internado, e mesmo que por excepción se vendan no mesmo establecemento os produtos dos obradoiros dedicados a dito ensino, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.

f) As Asociacións e Fundacións de diminuídos físicos, psíquicos, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación rehabilitación e tutela de diminuídos realicen, mesmo que vendan os produtos dos

obradoiros dedicados a dita fin, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.

g) A Cruz Vermella Española.

h) Os suxeitos pasivos aos que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou de Convenios Internacionais.

2.- Os suxeitos pasivos aos que se refiren os parágrafos a), d), g) e h) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto .

3.- O Ministro de Facenda, establecerá en que supostos a aplicación da exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida á Axencia Estatal de Administración Tributaria, na cal se fará constar que se cumpren os requisitos establecidos en dito parágrafo para a aplicación da exención. Dita obriga non se esixira en ningún caso ao ano seguinte ao posterior ao de inicio da súa actividade. A estes efectos, o Ministro de Facenda, establecerá o contido, o prazo e a forma de presentación de dita comunicación, así como os supostos en que haberá de presentarse por vía telemática.

En canto ás variacións que poidan afectar á exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior, estarase ao previsto no parágrafo 3º do apartado 2 do artigo 90 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais.

4.- As exencións previstas nos parágrafos b) ,e) e f) do apartado 1 deste Art. terán carácter rogado e se concederán, cando proceda, a instancia de parte.

Bonificacións

Artigo 5.-

Aparte das bonificacións previstas no Art. 88.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, poderán gozar de bonificacións acumulábeis na cota do imposto:

a) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial, e tributen por cota municipal, a partir do momento de entrada en vigor da presente Ordenanza, durante os cinco anos de actividade seguintes ao de conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento desta, de acordo coa seguinte táboa:

Período	Bonificación
1º ano	50%
2º ano	40%
3º ano	30%
4º ano	20%
5º ano	10%

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercese anteriormente baixo outra titularidade dentro do termo municipal. Entenderase que a actividade exercese anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do Art. 3.1. da presente Ordenanza.

A bonificación aplicarase á cota tributaria, integrada pola cota da tarifa ponderada polo coeficiente de ponderación establecido no Art. 7 da presente ordenanza e o coeficiente de situación fiscal previsto no Art. 8 desta. No suposto de que resulte aplicable a bonificación a que alude o parágrafo a) do apartado 1 do Art. 88 do Real Decreto 2/2004, a bonificación prevista nesta letra aplicarase á cota resultante de aplicar a bonificación do citado parágrafo do apartado 1.

A bonificación establecida neste artigo é de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto, debendo achegarse ó tempo de presentala solicitude de bonificación, copia da declaración de alta do suxeito pasivo na matrícula do imposto.

b) Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o seu número de traballadores con contrato indefinido medio anual durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, gozarán da seguinte bonificación sobre a cota tributaria:

Incremento porcentual do traballadores con contrato indefinido	Bonificación
Entre o 5,0% e o 10,0%	10%
Máis do 10,0% e até o 20,0%	20%
Máis do 20,0%	25%

A documentación acreditativa será a seguinte:

- Certificado/s da Tesouraría Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa, acreditativo dos extremos especificados neste artigo e apartado.

- Fotocopia dos contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ao de aplicación da bonificación.

Suxeitos pasivos

Artigo 6º.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o Art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/03, sempre que realizan neste termo municipal calquera das actividades que orixinan o feito impoñíbel.

Cota tributaria

Artigo 7º.

1.- A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do Imposto, de acordo cos preceptos contidos no R.D. Lexislativo 2/2004 e nas disposicións que a complementen e desenvolvan, e os coeficientes e bonificacións previstos por Lei e, no seu caso, acordados polo Concello e regulados na Ordenanza.

O Art. 85 do R.D. Lexislativo 2/2004 regula o réxime de aprobación, exacción e modificación das tarifas municipais, provinciais e nacionais do Imposto.

Coeficientes de ponderación

Artigo 8º.

De conformidade co previsto no Art. 86 do R.D. Lexislativo 2/2004 , sobre as cotas municipais, provinciais e nacionais fixadas nas tarifas do Imposto, aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto de cifra de negocios do suxeito pasivo. O coeficiente de ponderación de aplicación en cada caso recóllese no seguinte cadro:

Importe neto de cifra de negocios	Coeficiente
Desde 1.000.000,00 € até 5.000.000,00 €	1,29
Desde 5.000.000,01 € até 10.000.000,00 €	1,30
Desde 10.000.000,01 € até 50.000.000,00 €	1,32
Desde 50.000.000,01 € até 100.000.000,00 €	1,33
Máis de 100.000.000,00 €	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Aos efectos da aplicación do coeficiente ao que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo có previsto no parágrafo d) do Art. 82.1 do R.D. Lexislativo 2/2004.

Coeficientes de situación fiscal

Artigo 9º.

1.- Aos efectos previstos para a aplicación da escala de coeficientes que ponderan a situación física do local do apartado 4 seguinte, atenderase á clasificación por zonas recollida no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral municipal, entendéndose categoría como sinónimo de zona a todos os efectos desta ordenanza.

2.- As vías e tramos de vías públicas que non aparezan sinaladas no citado Art. serán consideradas como da categoría co coeficiente máis baixo, permanecendo así cualificadas até o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se aprobe polo Pleno da Corporación á categoría correspondente e se inclúa no índice de vías públicas.

3.- Para todas as actividades exercidas neste termo municipal, e suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas, establécense sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no Art. 86 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, atendendo á categoría da vía pública onde radique, a aplicación da seguinte escala de coeficientes de situación fiscal:

Categoría ou zona	8 (industrial)	1, 2 e 3	4, 5 e 6	7 (rural)
-------------------	-------------------	----------	----------	--------------

Coeficiente de situación fiscal	2.00	1,66	1,47	1,23
---------------------------------	------	------	------	------

4.- A aquelas actividades que tributen por cotas provinciais ou nacionais, non lles serán aplicábeis nin o coeficiente de ponderación nin o coeficiente de situación fiscal regulados nesta ordenanza.

Período impositivo e de reporte

Artigo 10º.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaracións de alta, en cuxo caso, abranguerá desde a data de comezo da actividade até o final do ano natural.

2.- O imposto reportarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irredutíbeis, agás:

a) Cando nos casos de declaración de alta o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en cuxo caso as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

b) Nos casos de baixa por cese no exercicio da actividade, en cuxo caso as cotas serán rateábeis por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza dito cese. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos primeiros trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o reporte prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma en que se estableza regulamentariamente.

Normas de xestión do imposto

Artigo 11º.

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, levaranse a cabo polo Concello e comprenderán as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos, e actuacións para a información e asistencia ao contribuínte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo.

2.- As solicitudes para o recoñecemento de beneficios fiscais deben presentarse na administración municipal, debendo ir acompañadas da documentación acreditativa das mesmas. O acordo polo que se acceda á petición solicitada fixará o exercicio desde o cal o beneficio se entende concedido.

3.- Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou a exposición pública dos correspondentes padróns ou matriculas ou obrigados ao pagamento.

4.- A interposición de recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, intereses e cargos. Os actos de imposición de sancións tributarias quedarán automaticamente suspendidos conforme ao previsto na Lei Xeral Tributaria e na Lei de Dereitos e Garantías do Contribuínte.

Non obstante, e nos mesmos termos que no Estado, poderá suspenderse a execución do acto impugnado, entanto dure o substanciamento do recurso, aplicando o establecido no R.D. 2244/1979 de 7 de setembro, polo que se regula o recurso de reposición previo ao económico-administrativo coas seguintes especialidades:

En todo caso será competente para tramitar e resolver a solicitude o órgano da Entidade Local que ditou o acto.

As resolucións desestimatorias da suspensión só serán susceptibles de impugnación na vía contencioso-administrativa.

Cando se interpoña recurso contencioso-administrativo contra a resolución do recurso de reposición, a suspensión acordada en vía administrativa manterase, sempre que exista garantía suficiente, até que o Órgano Xudicial competente adopte a decisión que corresponda en relación con dita suspensión.

Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñerse de novo este recurso, podendo os interesados interpor directamente recurso contencioso-administrativo, todo ilo sen prexuízo dos supostos nos que a Lei prevé a interposición de reclamacións económico-administrativas contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais.

Porén, en casos excepcionais, a Alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre con fe a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

O período de cobro para valores-recibo notificados colectivamente fixarase no momento de aprobar o Padrón de Contribuíntes.

As liquidacións de ingreso directo terán de ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

- Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, até o día 5 do mes natural seguinte.
- Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, até o día 20 do mes natural seguinte.
- Transcorrido o período voluntario de cobro sen ter efectuado o ingreso, abrirase a vía de prema e se aplicará un cargo do 20%.

Na exacción dos tributos locais e dos restantes ingresos de Dereito Público das Entidades Locais, os cargos e xuros de demora esixíranse e determináranse nos mesmos casos, forma e contía que na exacción dos tributos do Estado.

Infracción e sancións

Artigo 12º.

En materia de tributos locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten da presente Lei e as que, no seu caso, se establezan nas Ordenanzas Fiscais ao amparo da Lei.

Comprobación e investigación

Artigo 13º.

Nos temos que regulamentariamente se estableza pola Administración Tributaria do Estado, o Concello recadará para si as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e investigación, a práctica das liquidacións tributarias que no seu caso procedan e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo ilo referido, exclusivamente, aos supostos de tributación por cota municipal.

Delegación de facultades

Artigo 14º.

O Concello delegou na Deputación Provincial da Coruña as facultades referidas nos Arts. 11 e 13 desta Ordenanza, as normas contidas nos devanditos artigos serán aplicábeis ás actuacións que deba efectuar a Administración delegada.

Vixencia e aprobación

Disposición final.

1.- A Presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2.008 permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 27

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

FUNDAMENTO LEGAL.

ARTIGO 1º.-

De conformidade có disposto no artigo 59.1 a) do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Bens Inmubles.

NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE.

ARTIGO 2.-

O Imposto sobre Bens Inmubles é un tributo directo de carácter real, cuio feito imponible está constituído pola propiedade dos bens inmubles de natureza rústica e urbán sitios no término municipal, ou pola titularidade dun dereito real de usufructo ou de superficie, ou pola titularidade dunha concesión administrativa sobre ditos bens ou sobre os servizos públicos ós que estén afectos e grava o valor dos referidos inmubles.

TIPO DE GRAVAME.-

ARTIGO 3º.-

De conformidade co previsto no artigo 72.3 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmubles, aplicable neste municipio, queda fixado nos términos que se establecen a continuación:

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmubles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no **0,64%** sobre o valor catastral dos mesmos.

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmubles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no **0,64%** sobre o valor catastral dos mesmos.

EXENCIONS.-

ARTIGO 4º.-

Ademáis dos Bens Inmubles do artigo 62, apartados 1 e 2, do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, estarán exentos por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmubles:

-Inmubles urbáns cuia cuota líquida resultante non supere o importe de **3,00 €**

-Inmubles rústicos cuia cuota líquida resultante non supere o importe de **2,00 €**

BONIFICACIONES.-

ARTIGO 5 :

1.- Terán dereito a unha modificación do 50 % na cuota íntegra do imposto , sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmubles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción, e promoción inmobiliaria tanto da obra nova como da rehabilitación equiparable a ésta , e non figuren entre os bens do seu inmovilizado

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a súa terminación , sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva e sen que , en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos

Para disfrutar da mencionada bonificación , os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate , a cal se fará mediante certificado do Técnico-Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional

b) Acreditación de que a empresa se dedica a actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria , a cal se fará mediante a presentación dos estatutos da sociedade

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante copia da escritura pública ou alta

catastral e certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do Imposto sobre Sociedades

d) Fotocopia da alta ou último recibo do imposto sobre Actividades Económicas

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cuota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó de outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado que poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos no seu caso dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cuota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto a que se refire o artigo 153 do RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais os bens rústicos das cooperativas agrarias e da explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990 do 19 de decembro sobre Rexime Fiscal das Cooperativas

XESTIÓN TRIBUTARIA

Artigo 6.-

Conforme o artigo 77 do Real Decreto 2/2004 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a Xestión do imposto exerceráse pola Deputación da Coruña.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 7.-

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T.

DISPOSICION ADICIONAL.

A presente Ordenanza Fiscal completarase co contido legal desenrolado polos artigos 60 a 77, ámbolos dous inclusivos, do Texto Refundido do Real Decreto 2/2004, e nas demais Leis do Estado concordantes e complementarias da mesma, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

APROBACION E VIXENCIA.

DISPOSICION FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 24

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

FUNDAMENTO LEGAL:

ARTIGO 1º.-

De conformidade có disposto no Artigo 59.2, párrafo segundo do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o *Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras*.

NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE:

ARTIGO 2º.-

O Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto en que o feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenzia de obras ou urbanística, obtívese ou non dita licenzia, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

EXENCIONES:

ARTIGO 3º.-

Está exenta do pago do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas á estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboación e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de investimento novo como de conservación.

Non se admitirán outros beneficios fiscais que os contidos en normas con rango de lei ou os que se deriven da aplicación de Tratados Internacionais.

BONIFICACIÓNS:

ARTIGO 4º.-

As construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interés ou utilidade municipal, por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, poderán acollerse a unha bonificación de ata o 95 por 100 da cuota do imposto, que acordará o Pleno da Corporación, có voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo.

SUXEITOS PASIVOS:

ARTIGO 5º.-

1.- Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título contribuínte as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobor o que se realice aquela.

Os efectos previstos no párrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.-No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuinte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo quenes soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuinte o importe da cuota tributaria satisfeita.

BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO:

ARTIGO 6º.-

1.- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estos efectos o custo de execución material de aquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

Este calcularase do modo seguinte:

a) En obras menores será o resultado de estimar o orzamento das mesmas, como produto das distintas unidades polos prezos compoñentes obtidos dos que figuran no anexo a este ordenanza.

b) En obras maiores, o orzamento será calculado en función dos índices ou módulos según o seguinte procedemento:

$OEM = Mb \times Sc \times Ct \times Cu \times Ca$, sendo:

OEM = Orzamento de execución material

Mb = Módulo básico = **426 Euros/m2.**

Sc = Superficie total construída

Ct = Coeficiente tipoloxía

Cu = Coeficiente de uso

Fa = Factor de actualización = 1)

COEFICIENTE TIPOLOXÍAS: Ct.

Ct.- Tipoloxía da edificación

1. En edificacións de nova planta e Adicións

1,20 Edificacións aillada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar aillada. Sótanos a partir do 3º

1,10 Agrupación en fila. Sótano 1º e 2º

1,00 Edificio en maza pechada. Edificación Aberta vivenda colectiva.

2.- En obras de reforma e rehabilitación

1,10 Rehabilitación total incluíndo desmontaxe de fachadas.

1,00 Adecuación interior de prantas baixas e entrechans

0,90 Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas.
0,65 Rehabilitación e reforma de instalacións e acabados
0,50 Reformas que afecten soio a elementos estruturais
0,35 Rehabilitación de fachadas e sustitución de carpintería e pechamentos (aplicada á superficie de fachada).
0,30 Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións (acabados interiores)
0,05 Demolicións e derribos (aplicada á superficie a demoler) *

*** Coeficiente de uso $C_u = 1$**

COEFICIENTE DE USOS: C_u .

1.- Edificación:

Cu.- Usos da edificación

1,60 Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5*. Edificios e locais bancarios.
1,50 Hospitais, Laboratorios. Igrexas e Centros de culto.
1,40 Bibliotecas. Facultades e Escolas Universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais Marítimas e asteleiros
1,30 Clubes sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Salas de festas. Discotecas. Colexios con Residencia.
1,20 Consultorios medicos e veterinarios. Restaurantes. Residencias 3ª idade. Aparthoteis. Tanatorios. Centros de Culto. Cuarteis. Matadeiros.
1,10 Vivenda unifamiliares e locais anexos a viv unifamiliares como garaxes privados e trasteiros. Bodegas
1,00 Hoteis 2* e 1*. Moteis. Residencias Universitarias. Ambulatorios. Hostais-Residencias. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas. Edificios para vivendas plurifamiliares, adosados.
0,90 Oficinas. Garderías. Bares. Mercados. Centros docentes.
0,80 Centro/local comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows
0,65 Edificios de aparcamentos
0,50 Pías descubertas. Cemiterios. Panteons (por nicho) para cementerios parroquiales). Estacion de servicio . Naves industriais rematadas. Trasteiros. Locais para garaxes. Plantas para garaxes en edificios
0,35 Porches e terrazas abertas. Naves industriais , edificios , plantas e locais sen uso específico.
0,30 Instalacións deportivas descubertas. Cobertizos. Depósitos. Trasteiros
0,10 Proxectos de urbanización (sobre superficie ordenada) . Campings. Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espacios exteriores. Acondicionamento de terreos

c) Naquelas construcións, instalacións e obras suxetas ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, o orzamento correspondente ó obra civil que figure no proxecto visado polo colexio profesional correspondente, estimado segun os criterios expostos nos anteriores apartados.

d) Obras especiais. Aquelas obras cuio contido non sexa susceptible de inclusión nos anteriores apartados, serán valoradas conforme ó proxecto técnico visado, presentado polo interesado.

2.- A cota deste imposto será o resultado de aplicar á Base Impoñible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame será o do **3,03%**.

4.-O Imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licencia.

NORMAS DE XESTIÓN, ADMINISTRACION E COBRANZA.-

ARTIGO 7º.-

1. O imposto exisirase en réximen de autoliquidación, en función dos índices, módulos e prezos que este ordenanza establece o respecto, ou, no seu defecto e para o caso das “obras especiais”, en función do orzamento presentado polos interesados sempre que estivera visado polo colexio oficial correspondente cando elo constitua un requisito preceptivo.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo imposto, e a aboala, en calqueira entidade colaboradora autorizada, previamente a tramitación da licencia, sin que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor de aqueles.

3. O pago da autoliquidación presentada terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

4. Cuando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e producirase un incremento do seu presuposto, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeción os prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

5. Cando os suxeitos pasivos non aboasen a correspondente autoliquidación polo Imposto, nos prazos anteriormente sinalados, ou se presentaran ou aboaran aquela por cantidade inferior, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda.

Artículo 11.

6. Cando o coste real e efectivo das construcciones, instalaciones ou obras sexa superior ou inferior o que serviu de base imponible na autoliquidación o autoliquidaciones anteriores que foran presentadas e pagadas, os suxeitos pasivos simultaneamente con dita declaración, deberán presentar e aboar, no seu caso, na forma preceptuada no artigo anterior, autoliquidación complementaria do tributo pola diferenza, positiva ou negativa, que se poña de manifesto.

ARTIGO 8º.-

1.- As cotas liquidadas e non satisfeitas, dentro de período voluntario, faranse efectivas pola vía de prema, con arranxo ás normas do Regulamento Xeral de Recadación.

2.- As liquidacións notificaranse ós suxeitos pasivos con expresión dos requisitos previstos no Artigo 102 da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

PARTIDAS FALLIDAS:

ARTIGO 9º.-

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables aquelas cotas que non poidesen facerse efectivas polo procedemento de apremio, polo que formalizaráse o oportuno expediente para a súa declaración, de acordo co previsto no vixente Regulamento de Recadación.

INFRACCIÓN E SANCIÓN:

ARTIGO 10º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03, e o prevenido na Lei de Dereitos e Garantías do contribuínte e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictada para o seu desenrolo conforme ordease no Artigo 12.1 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

DISPOSICION ADICIONAL

Os prezos unitarios que figuran establecidos no anexo da presente ordenanza Fiscal, actualizaráanse automaticamente cada ano segundo o incremento interanual do Índice de prezos ó consumo.

APROBACION E VIXENCIA

DISPOSICION FINAL:

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio do 2.008 permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

A N E X O

T A R I F A S D E O B R A S M E N O R E S

	PARCIAL EUROS	TOTAL EUROS
I.- REPOSICION DE TELLADOS:		
1.1.- M2 demolición de cubrición de tella cerámica curva por medios manuais e sin aproveitamento do material desmontado, incluso parte proporcional de pezas especiais, retirada de escombros e medios auxiliares	6,81	
M2 cuberta de placas fibrocemento sobre correas, incluso p.p. de pezas especiais, medios auxiliares e elementos de seguridade.	14,13	
TOTAL EPIGRAFE 1.1.		20,94
1.2.- M2 demolición de cubrición de tella cerámica curva por medios manuais e sin aproveitamento do material desmontad, incluso p.p. de especiais, retirada de escombros e medios auxiliares	6,81	
M2 de cubrición con tella cerámica curva incluso p.p. de pezas especiais, medios auxiliares e elementos de seguridade	27,42	
M2 cuberta de placas fibrocemento sobre correas, incluso p.p. de pezas especiais, medios auxiliares e elementos de seguridade.	14,12	
TOTAL EPIGRAFE 1.2.		48,37
1.3.- M2 demolición de cubrición de tella cerámica curva por medios manuais e sin aproveitamento do material desmontado, incluso p.p. de pezas especiais, retirada de escombros e medios auxiliares.	6,81	
M2 de cubrición con tella cerámica curva incluso p.p. de pezas especiais, medios auxiliares e elementos de seguridade	27,42	
		141

TOTAL EPIGRAFE 1.3.		34,23
II.- AMAÑO DE TELLADOS		
2.1.- M2 retellado de cuberta con tella curva, levantamento, renovación e do 40 % incluso p.p. de pezas especiais, medios auxiliares e elementos de seguridade	23,02	
TOTAL EPIGRAFE 2.1.		23,02
III.- CONSTRUCCION DE ADEGAS E GARAXES.		
3.1.- M2 de construción de adega ou garaxe, incluíndo zanja de cimentación, soleira de formigón en masa, cerramento de bloque ou ladrillo cerámico, forxado alixerado de bovedillas cerámicas e cubrición de planchas de fibrocemento, con p.p. de fiestras e portas necesarias, pezas especiais e medios auxiliares, totalmente executada.	197,97	
TOTAL EPIGRAFE 3.1.		197,97
3.2.- M2 de construción de adega ou garaxe, de características similares a do epígrafe anterior 3.1 sin execución de forxado alixeirado.	131,98	
TOTAL EPIGRAFE 3.2		131,98
3.3.- M2 de construción de adega ou garaxe de madeira realizado sobre soleira de formigón en masa e con tellado de chapa de fibrocemento.	32,99	
TOTAL EPIGRAFE 3.3		32,99
IV.- COLOCACION DE PORTAIS.		
4.1.- M2 de estrutura metálica ou de aluminio para portal executada de ferraxes e pezas de colgar e seguridade, incluso mans de pintura no seu caso. Executado.	65,99	
TOTAL EPIGRAFE 4.1.		65,99
V.- COLOCACION DE SOPORTE PARA CONEXION DE ALUMEADO.		
5.1.- Ud. de soporte de formigón armado de 25 x 25 cm executado para a conexión de acometida á rede xeral de subministro eléctrico, incluso p.p. de cimentación, tubería de conexión e pezas especiais.	197,97	
TOTAL EPIGRAFE 5.1.		197,97
VI.- REPOSICION DE PORTAS E FIESTRAS.		
6.1.- Ud. porta entrada normalizada , serie media, con taboeiro plafonado de roble para barnizar ou pintar, incluso precerco, bisagras pechadura de seguridade, tirador e mirilla, totalmente montada, incluso con p.p. de medios auxiliares.	310,15	
TOTAL EPIGRAFE 6.1		310,15
6.2.- M2 carpintería de aluminio anodizado ou lacado en formación de portas con zócalo cego de chapa de aluminio composta por bastidor xeral de perfís de aluminio, paños fixos e folia practicable, incluso ferraxes de colgar e seguridade, totalmente instalada incluso con p.p. de medios auxiliares.	105,59	
TOTAL EPIGRAFE 6.2		105,59
6.3.- Ud. porta de paso cega normalizada para barnizar ou pintar, co tapaxuntas, e ferraxes de colgar e de peche , montada incluso con p.p. de medios auxiliares.	131,98	
TOTAL EPIGRAFE 6.3		131,98
6.4.- M2 de carpintería de aluminio lacado en ventanas de dúas ou mais follas, composta por cerco con carrís para persiana, follas e ferraxes de colgar e de seguridade, e acristalamento dobre 4/6/4 mm sellado con silicona, totalmente instalada sobre precerco de aluminio incluso con p.p. de medios auxiliares.	191,39	
TOTAL EPIGRAFE 6.4		191,39

6.5.- M2 de carpintería de aluminio lacado en ventanas de características similares as do epígrafe anterior 6.4, con vidro de lun: incolora 6 mm.	145,19	
TOTAL EPIGRAFE 6.5		145,19
VII.- APERTURA E PECHE DE OCOS DE LUCES.		
7.1.- M2 de demolición de tabicóns de ladrillo oco dobre, incluso limpeza e retirada de escombros, con p.p. de medios auxiliares.	7,22	
M2 de carpintería de aluminio lacado en ventanas de dúas ou mais follas, composta por cerco con carrís para persiana, follas e ferraxes de colgar e de seguridade, e acristalamento dobre 4/6/4 mm sellado con silicona, totalmente instalada sobre precerco de aluminio, incluso con p.p. de medios auxiliares.	191,38	
TOTAL EPIGRAFE 7.1.		198,59
7.2.- M2 de peche formado por fábrica de ladrillo de oco dobre de ½ pé enfoscado interiormente con morteiro de cemento e area, cámara de aire e tabicón de ladrillo o.d., incluso traballos complementarios d albanería e medios auxiliares.	29,71	
M2 de pintura acrílica plástica en paramentos, incluso man de fondo e acabado con dúas máns .	4,72	
TOTAL EPIGRAFE 7.2.		34,43
VIII.- COLOCACION DE REIXA DE SEGURIDADE EN FIESTRAS		
8.1.- M2 de reixa formada por perfís macizos de aceiro laminado ou aluminio, según o caso , bastidor con pletina e barrotes cada 12 cm soldados a tope, con garras para recibir, elaborada en taller e montada en obra, incluso p.p. de albanería.	66,57	
TOTAL EPIGRAFE 8.1.		66,57
IX.- COLOCACION DE VENTANAL MANTENDO O EXISTENTE PARA FORMACION DUN DOBRE.		
9.1.- Ud. de fiestra de duas ou mais follas de aluminio lacado en branco, composta por cerco con carrís para persiana, follas e ferraxe: de colgar e de seguridade, totalmente instalada sobre precerco de aluminio, incluso con p.p. de medios auxiliares.	122,75	
TOTAL EPIGRAFE 9.1		122,75
X.- PECHE DE BALCONS E TERRAZAS.		
10.1.- Ud. de fiestra corredera de follas de aluminio lacado en branco , composta por cerco con carrís para persiana, follas e ferraxes de deslizamento e de seguridade, totalmente instalada sobre precerco de aluminio, incluso con p.p. de medios auxiliares.	189,55	
TOTAL EPIGRAFE 10.1.		189,55
XI.- REVESTIMIENTO DE FACHADAS.		
11.1.- M2 de lavado e rascado de pinturas vellas ó temple sobre paramentos verticais e horizontais.	2,66	
M2 de pintura acrílica plástica aplicada con rodillo, en paramentos verticais e horizontais de fachada, incluída limpeza de superficie, man de fondo e acabado con dúas mans.	4,72	
TOTAL EPIGRAFE 11.1		7,38
11.2.- M2 de lavado e rascado de pinturas vellas ó temple sobre paramentos verticais e horizontais.	2,66	
M2 de pintura proxectada formada por unha man de impimación acrílica, tritutrado de mármol seleccionado e unha man de barniz	13,05	
TOTAL EPIGRAFE 11.2		15,70
XII.- INSTALACION DE CALEFACCION.		
12.1.- Ud. de instalación completa de calefacción por auga quente en vivenda, mediante cociña calefactora, incluso depósito de expansión , conduccións, radiadores e mecanismos	3513,53 X	
	Sv	
	100	
	Sv: Sup. viv	

12.2.- Ud. de instalación completa de calefacción mediante caldeira mural de gas, incluso conduccións radiadores e mecanismos.	2874,70 X <u>Sv</u> 100	
		Sv: Sup. viv
XIII.- ACONDICIONAMENTO DE BAIXOS.		
13.1.- M2 de superficie útil de baixo libre acondicionado para hoteis,restaurantes,entidades financieras e salas de espectáculos	622,80	
TOTAL EPIGRAFE 13.1.		622,80
13.2.- M2 de superficie util de baixo libre acondicionado para os restantes usos comerciais	311,40	
TOTAL EPIGRAFE 13.2		311,40
13.3.- M2 de superficie útil de baixo libre acondicionado para uso de garaxe.	131,98	
TOTAL EPIGRAFE 13.3		131,98
XIV.- ACONDICIONAMENTO DE PATIOS.		
14.1.-M2 de soleira de 25 cm de espesor total,realizada con formigór HM-25 de 10 cm e enchado de pedra de 15 cm, incluso colocaciór e p.p. de formación de xuntas, aserrado e fratasado.	18,14	
TOTAL EPIGRAFE 14.1		18,14
XV.- POZOS PARA CAPTACION DE AUGA POTABLE		
15.1.- Ud. de execución de pozo de barrena para captación de auga, incluso maquinaria de impulsión.	1979,72	
TOTAL EPIGRAFE 15.1		1979,72
15.2.- Ud. de execución de pozo artesán para captación de auga.	3299,52	
TOTAL EPIGRAFE 15.2		3299,52
XVI.- FOSAS SÉPTICAS		
16.1.- Ud. de execución de fosas sépticas e pozo filtrante con capacidade para 5 persoas, totalmente executada según normas de salubridade.	1979,72	
TOTAL EPIGRAFE 16.1.		1979,72
XVII.- OBRAS DE REFORMA INTERIOR		
17.1.- M2 de demolición de tabicóns de ladrillo oco dobre, incluso limpeza e retirada de escombros, con p.p. de medios auxiliares.	7,22	
M2 de tabicón de ladrillo o.d., recibido con morteiro de cemento e area, incluso p.p. de axudas de albanelería na súa colocación e medios auxiliares	10,50	
M2 de enfoscado maestreado e fratasado con morteiro de cemento e area,en paramentos verticais incluso axudas,e andamiaxe,executado por duas caras.	21,94	
M2 de pintura plástica lisa mate sobre paramentos horizontais ou verticais, 2 mans, incluso man de plástico, plastecido e man de acabado.	3142,03	
TOTAL EPIGRAFE 17.1.		42,83
XVIII.- ELEMENTOS DE COCIÑA, BAÑO OU ASEO		
18.1.- Ud. de realización de aseo completo con lavabo, inodoro e ducha, incluíndo alicatado de azulexo,enfoscado e pintado de teito: realización de solos con plaqueta cerámica de gres e instalación completa de fontanería e grifería,para unha superficie media de 4 m ²	923,86	
TOTAL EPIGRAFE 18.1.-		923,86
18.2.- Ud. de realización de baño completo con lavabo, inodoro,bidé e bañeira, incluíndo alicatado de azulexo, enfoscado e pintado de teitos, realización de solos con plaqueta cerámica de gres e instalación completa de fontanería e grifería para unha superficie media de 5,5 m ² .	1649,76	
TOTAL EPIGRAFE 18.2.-		1649,76

18.3.- M2 alicatado con azulexo, recibido con morteiro de cemento e area, incluso p.p. de pezas especiais,rexuntado con cemento branco e limpeza.	21,39	
TOTAL EPIGRAFE 18.3.-		21,39
18.4.- M2 solado de baldosa de gres, recibido con morteiro de cemento e area, incluso cama de area de río, p.p. de rodapé do mesmo material e medios auxiliares.	27,93	
TOTAL EPIGRAFE 18.4.-		27,93
18.5.- M2 de solado de terrazo microchina, recibido con morteiro de cemento e area, incluso cama de area e p.p. de rodapé do mesmo material, incluso rexuntado e limpeza.	25,00	
TOTAL EPIGRAFE 18.5.-		25,00
18.6.- Ud. de lavabo de porcelana vitrificada, colocado con pedestal e con anclaxes, con grifo, válvula de desaugue e latiguillos flexibles, instalado e funcionando.	130,96	
TOTAL EPIGRAFE 18.6.-		130,96
18.7.- Ud. de inodoro de porcelana vitrificada, de tanque baixo composto por taza, tanque e asento, incluso chave e latiguillo, totalmente instalado e funcionando.	145,57	
TOTAL EPIGRAFE 18.7.-		145,57
18.8.- Ud. de bidé de porcelana vitrificada, con grifos e válvula de desaugue, chaves e latiguillos, instalado e funcionando	75,77	
TOTAL EPIGRAFE 18.8.		75,77
18.9.- Ud. de bañeira de chapa de aceiro, con grifería mezcladora e inversor, ducha de teléfono e desaugue con rebosadeiro, instalada e funcionando.	163,14	
TOTAL EPIGRAFE 18.9.		163,14
18.10.- Ud. prato de ducha de porcelana, con grifería mezcladora, ducha, soporte e válvula de desaugue, instalado e funcionando.	121,84	
TOTAL EPIGRAFE 18.10.		121,84
XIX.- MOVEMENTOS DE TERRAS.		
19.1.- M3 de recheo extendido e apisonado de terras propias a ceo aberto por medios mecánicos, con p.p. de medios auxiliares.	6,71	
TOTAL EPIGRAFE 19.1.		6,71
19.2.- M3 excavación a ceo aberto, en terreos compactos e por medios mecánicos, con extracción de terras fora da excavación, con carga e transporte a verquedeiro, incluso p.p. de medios auxiliares.	1,88	
TOTAL EPIGRAFE 19.2		1,88
19.3.- M3 excavación en zanzas, en terreos compactos e por medios mecánicos, incluso extracción de terras con carga e transporte ó verquedeiro e p.p. de medios auxiliares.	6,82	
TOTAL EPIGRAFE 19.3		6,82
XX.- PECHES.		
20.1.- M1 de execución peche de bloque, altura 1,5 m: 0,16 M3 excavación en zanzas por medios mecánicos, on extracción de terras e transporte ó verquedeiro, incluso p.p. de medios auxiliares.	6,82	1,09
0,16 M3 de formigón en masa HM-20 en recheo de zanza de cimentación, incluso verquido, vibrado e colocación.	80,03	12,80
2 M2 fábrica de bloques ocós de formigón recibidos con morteiro de cemento e area incluso rexuntado, limpeza e medios auxiliares.	23,46	46,93
TOTAL EPIGRAFE 20.1		60,82
20.2.- M1 de execución de peche de bloque e celosía, altura 1,50 m: 0,16 M3 excavación en zanzas por medios mecánicos, con extracción de terras e transporte ó verquedeiro, incluso p.p. de medios auxiliares.	6,82	1,09

0,16 M3 de formigón en masa HM-20 en recheo de zanja de cimentación, incluso verquido, vibrado e colocación.	80,03	12,80
1 M2 fábrica de bloques ocios de formigón recibidos con morteiro de cemento e area incluso rexuntado, limpeza e medios auxiliares.	23,46	23,46
0,5 M2 celosía de formigón, armada e recibida con morteiro de cemento e area, incluso replanteo, nivelación, rexuntado, limpeza e medios auxiliares.	33,52	16,75
TOTAL EPIGRAFE 20.2.		54,11
20.3.- M2 peche de malla de simple torsión, formado por postes metálicos de 48 mm. de diámetro, empotrados e recibidos en formigón, separados 3 m, malla metálica de simple torsión e pezas de atado e arriostrado, todo galvanizado, incluso tensores, con p.p. de montaxe e colocación.	11,18	11,18
TOTAL EPIGRAFE 20.3.		11,18
20.4.- M1 peche de madeira e aramio realizado mediante soportes fincados no terreo cada 2,50 m , altura 1 m, e aramio colocado horizontalmente cada 30 cm.	2,64	2,64
TOTAL EPIGRAFE 20.4.		2,64
20.5.- M1 peche de prantación vexetal a base de Cupressus, turias, mirtos ou especies similares en formación de peche, incluso excavación para o seu aloxamento con medios manuais e primeiro rego.	6,59	6,59
TOTAL EPIGRAFE 20.5.		6,59

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que hoxe traen as propostas para as ordenanzas fiscais que van ser as que regulen as taxas para o 2008, que as propostas teñen en consideración os seguintes aspectos: primeiramente o compromiso do goberno de gravar o menos posible as economías dos veciños e veciñas apostando en xeral polo tipo de gravame coa revisión do IPC, agás nas ordenanzas de auga e saneamento debido ao incremento do prezo da auga nun 96,73% por parte da empresa subministradora Emafesa dende o 1 de xaneiro deste ano; un compromiso social de regulación das taxas do lixo, auga, saneamento, actividades socio culturais, deportivas e de lecer en función da capacidade económica do suxeito pasivo, e un compromiso veciñal que foi consensuando cos seus representantes; di que tendo en conta estes tres compromisos de goberno, social e veciñal e co obxectivo de acadar a autofinanciación e axuste e distribución de cargas e beneficios elaboran as propostas das cales subliña os tipos de gravame que se propoñen: non cobrar nada nos casamentos, manter os tipos de gravame en axuda no fogar, retirada de vehículos na vía pública, publicidade na emisora municipal, licenzas urbanísticas e no imposto de construcións e obras; nas licenzas urbanísticas e no ICO so se propón actualizar os valores do módulo; incrementar un 7% na ordenanza da auga e na de saneamento na cota e no consumo, mantendo o prezo de conservación do contador e das acometidas; corrección do tipo impositivo do IBI ao 0,64, de acordo co publicado no B.O.P con data 17 de xaneiro, e incrementar un 2,7 % que é o IPC no resto das ordenanzas seguintes: apertura de zanzas, calicatas, remoción de pavimento na vía pública; instalacións deportivas e culturais municipais, vados, vehículos, reservas aparcamentos, carga e descarga, utilización aproveitamento do solo, subsolo, espazo aéreo e superficies públicas, ocupación con mercadorías, vallas, puntais, andamios, etc.; tala de masas arbóreas, expedición de documentos, autotaxis, licenzas de apertura de establecementos, Cemiterio Municipal, Lixo, licenzas de primeira ocupación de edificacións, ocupación con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, imposto de vehículos de tracción mecánica, Plus valía, e o IAE.

Continúa a súa intervención o Sr. Manuel López Rodríguez dicindo que no seguinte punto, como está enlazado con este, quere comentar que se propón a ordenanza número tres, que

é aproveitar un número dunha ordenanza que había á que se reforma todo o contido e que vai ser para utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras como R, Telecón, Fenosa, Endesa, de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, mantendo a cota que figuraba na anterior ordenanza. Remata a súa intervención o Sr. Manuel López Rodríguez dicindo que soamente lle queda pedir que as mesmas sexan aprobadas maioritariamente por tódolos grupos políticos aquí representados.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que parécelle ben esa vontade de querer gravar menos as economías menos favorecidas do Concello e niso están todos de acordo, e que tamén lle parece moi ben que se fale dun compromiso social para tratar de eximir ou bonificar a taxa do lixo a determinado tipo de sociedades e asociacións, pero que quere lembrar neste pleno que na lexislatura pasada a eles se lles dixo que o que eles pretendían, que evidentemente era unha exención, cando se presentou unha moción para que todas as asociacións e sociedades do concello gozasen desta exención na taxa do lixo sen ter en conta aquelas sociedades onde estaban concedidos os servizos de bar e cafetería que loxicamente tería que ser aboado polo concesionario, tanto o BNG como o PSOE votaron en contra, incluso no seu momento trataron de modificar iso porque efectivamente no informe de intervención e secretaría se lles dixo que non era posible a exención total pero que si era posible unha bonificación, naquel momento esa non era política social nin política que mirase polos veciños de Fene, polo que lembran iso e que quede constancia en acta. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que tamén quere lembrar outra cousa, que tanto o anterior goberno do BNG como o do PSOE que aprobaron no ano 2005 unha subida desmesurada da taxa do lixo, quedaron de solucionar ese problema, e houbo moita xente que se foi deste Concello e trasladou as súas empresas a outro sitio e soportou a taxa durante eses anos e non houbo maneira nin de bonificarlle nos anos sucesivos nin de corrixir precisamente eses excesos; que quere lembrar que foron excesos que incluso chegaron a un douscentos noventa por cento, unha subida que naquel momento se atribuíu a erros informáticos pero que todos saben o que pasara, que se tratara de adaptar o que eran as ordenanzas fiscais de Fene ao baremo nacional. Di que quere lembrar tamén que a postura do Partido Popular durante toda a pasada lexislatura sempre foi a de subir as taxas conforme ao IPC e así o manifestaron, e quere lembrar que por manifestar iso houbo incluso quen se riu do seu grupo porque dicían que iso non era posible porque a taxa tende a cubrir o custo do servizo e que por tanto non hai posibilidade de facer subidas de IPC, e eles mantiñan, como agora mantén igual a Interventora municipal tanto o ano pasado como este ano, que efectivamente é lóxico, porque todos aqueles compoñentes que poidan inverter a prestación do servizo si poden estar afectados indirectamente por esa subida do IPC e lles parece lóxica a subida do IPC e cren que este ano debeuse empezar por aí, por falar coa oposición, dicirlles que a idea era subir as taxas e a eles lles gustaría que fora así, subir todas as taxas conforme ao IPC. Di que o problema da auga é algo que se ven arrastrando desde hai moito tempo, pero eles non van aprobar agora esa subida do 7%, primeiro porque non se lles xustifica, porque entre outras cousas non sabe se, ao final, se achegou á comisión o informe que fixo Aquagest; que desde logo que a comisión foi moi accidentada, a información non chegou completa, chegou incompleta, houbo modificacións; que comprende que é un tema complicado, e que con isto non quere facer ningún reproche e, de feito eles estiveron para que no momento en que se puideran solucionar esas cousas, convocar a comisión canto antes para darlle solución. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que cre que iso debería terse feito así, subidas do IPC e logo conceder un ano para estudar o tema do lixo, o tema da auga, o tema de Radio Fene, unha serie de rémoras que están aí, que non son fácilmente solucionables e que, desde logo, haberá que poñer vontade por parte de todos, que esta proposta ven un pouco precipitada e nada consensuada e que tamén quere lembrar que no imposto de construcións, instalacións e obras tampouco se vai a subir o IPC pero sube o módulo, e por suposto sube o imposto; que hai o tema desa subida do 7% e as

consecuencias que podería traer iso; que desta segunda memoria da Alcaldía desaparece o tema de equiparación do pago de auga das empresas de Vilar do Colo ás empresas navais, e que supón que será así porque no texto inicial non se contemplaba desa forma e que cre que, ao mellor, ao principio é gravar excesivamente a empresas que están empezando a funcionar no polígono, como tamén cre que é un perigo, que ao mellor esta ordenanza sexa recorrida por Astano porque a Astano economicamente isto suponlle moitos cartos. Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que quere facer unha consideración respecto do principio de progresividade, que parécelle ben o principio de progresividade, que pague máis o que máis gana, pero para iso xa está o Imposto sobre a Renda, e que a taxa o que tende a cubrir é o importe do servizo, polo que aplicar o principio de progresividade cre que conleva unha difícil xestión das taxas e non considera que xere xustiza, porque a taxa está pagando un servizo e o servizo o usa tanto o que gaña mil cincocentos euros como o que gaña seiscentos; que comprende a razón pero non sabe se na filosofía da taxa pode encaixar moi ben iso porque si se aprecia ben, xa no propio informe de intervención se lles di que, facéndoo de forma xenérica, dito beneficio non poderá declararse por razóns subxectivas e para el esa é unha razón subxectiva, xa que podería estarse ante un caso dun colectivo como parados, xubilados, etc., pero cunha gran capacidade económica que os apartaría do espírito do artigo 24.4 da lei; que cre, verbo do principio de progresividade, que hai que pensar sobre todo na súa aplicación e, sobre todo, na súa xustiza neste caso. Di respecto do punto seguinte, a ordenanza 3, que xa se viña recadando e que se ven a modificar, e que eles poderían estar de acordo con esa modificación, que cre que non é unha boa política o establecemento desas taxas a esas empresas porque, ao final, esas empresas o que pretenden é repercutir o importe nos usuarios, e que respecto da taxa por matrimonio parécelle ben que se suprima, pero para os veciños de Fene, porque senón o Concello está subvencionando ou atraendo parellas de fóra, pois ante a prestación gratuíta do servizo no Concello de Fene, ao mellor resulta que ven unha avalancha, entre comiñas, de matrimonios e a tramitación administrativa a vai ter que soportar o Concello de Fene cando eles non contribúen en Fene para nada.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que coinciden co PP en que houbo moi pouco tempo para analizar estas ordenanzas; que este ano poden xustificalo en que houbo unhas eleccións municipais e un cambio de goberno e o pasarán por alto, pero que en anos sucesivos nunha situación como esta o terían en conta doutra maneira; di que as ordenanzas municipais son uns dos temas máis importantes, o abecedario do que é a economía do Concello e que se necesita máis tempo para ver tódalas cousas con detenimento, e que baste recordar que hai uns anos houbo uns cantos erros que para rectificalos custou moito traballo; que non se puideron mirar con todo o tempo que querían pero tampouco aprecian ningunha cousa ou que puidera ser que houbera erros numéricos; que espera que así sexa e á hora de tomar unha decisión é o que van ter en conta. Di que tamén hai outra cousa na que insisten que é que á hora de votar números en Concellos pequenos como este, o pretender que os servizos cubran os gastos, a medio ou a longo prazo vai ser imposible e o que é certo, e non é nada fácil, e non hai a costume de prestar determinados servizos en conxunto a medio ou a longo prazo, quen estea aquí, sexan eles ou outros, ou se abordan eses temas ou a situación pode ser difícil, por poñer un exemplo a grande avantaxe que habería para todos os Concellos prestar servizos de auga, lixo, ou a mesma policía, prestalos en conxunto sería con máis calidade e saíría máis barato, que esto como ben dicía é unha pequena introducción e vai analizar as ordenanzas e os cambios que neles se produciron. É certo que esta vez coinciden en que se tratou de que as subidas afectaran o menos posible ás clases baixas e as subidas que hai excepto a do auga recaen en determinados colectivos ou en determinadas empresas que teñen maior poder adquisitivo que o veciño recaen sobre elas, a do auga é certo que é un 7% pero si se analizan os dous anos que levan sen subir máis este ano, máis ou menos por aí ira, o ano pasado mantiñan e sempre foron partidarios de que subiran todos os anos o IPC, e

ao non subir en tres anos, nestes momentos hai que subila e os veciños cos que falan e manifestan estas preocupacións, sempre é preferible subir o IPC tódolos anos e non que pasen estas cousas, esto o di tanto para a auga como para o saneamento. É certo que sube o que é o prezo de auga e hai outra serie de cousas que quedan como estaban. Observa que hai outras dúas ordenanzas que quedan conxeladas ou máis ou menos como están, unha que é a da Radio, queda pendente dalgúns retoques, e outra os servizos sociais que tamén afectan dun baixo poder adquisitivo e tamén hai que adaptala á nova lei que saíu. É certo que hai algunhas que soben o IPC pero que tamén é algo máis como por exemplo o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, é certo que sube o IPC pero sobre unha serie de porcentaxes que hai que pasa dun 3,20 a un 3,29 dos diferentes anos que hai ou dun 2,60 a un 2,67, aínda que se diga que é o IPC é un IPC moi suixénere e hai algunhas redaccións máis que tamén pasa. Nesta tamén no art. 13, é dicir, esta subida do IPC sube por dúas partes, a cota antes era do 26,75 e pasa ao 27,47 que é un 2,5 e poden citar tamén a do IAE que cambia o coeficiente de situación, é certo que é o IPC pero cando estas cousas se actúan sobre elas son máis que o IPC e son cousas que van sobre a xente ou colectivos que teñen maior poder adquisitivo, non gravan ao veciño ao que mais necesidades ten. Outra tamén se explicou a do IBI que por erro do ano pasado, do 0,62 ao 0,64 hai un erro de redacción que o ano pasado se tiña que haber producido e ao non quedar reflectido aparece este ano. Hai outras tamén como a nº 4 de reserva, de vados, hai unha parte que sube o IPC pero tamén hai outra que sube o 5,6% que son as reservas de carga e dunhas duracións determinadas. Hai outra tamén como a 10 de masas arbóreas que pasa de 0,39 a 0,40 que non inflúe moito aos veciños como outras cousas, que estase referindo sempre aos veciños en colectivo. Hai outras dúas como a de licenzas urbanísticas que sube o módulo de 404 a 426 e si ben é certo que o tipo de gravame continúa como estaba, si se fai a valoración que se pode facer sobre iso si se ve o que é o colectivo máis pobre a que afecta é a da auga, e non lles gusta que estas cousas se vaian atrasando tanto e xa nun momento determinado por falta de previsión doutros anos que se suban desta forma, pero como ben di a situación neste caso primeiro ou máis tarde había que subila, pódese dicir que está xustificada pero cren que habería que facela con máis tino como xa explicaron o ano pasado.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que desde o BNG queren manifestar que as taxas e ordenanzas que veñen hoxe a pleno non son as ordenanzas fiscais do BNG, senón que son unha proposta de goberno para o Concello de Fene para os vindeiros anos, e que di isto porque probablemente como grupo político, eles terían feito outro tipo de ordenanzas, se cabe máis atrevidas, se cabe con maior capacidade de recadación nalgún caso. Continúa dicindo que de calquera xeito, entenden que unha suba xeral media do IPC non supón na práctica unha suba das taxas nin dos impostos, senón que é manter o ritmo de crecemento da economía e neste caso, coa utilización dun IPC que para eles non debería ser o que hoxe utilizan, senón que deberían ter utilizado o IPC galego, un pouco inferior neste caso ao do Estado, pero que cre que en calquera caso é o que máis os centra na realidade máis próxima. Continúa o Sr. Polo Gundín dicindo que lles gustaría indicar que unha forza política con responsabilidade de goberno, incluso unha forza política na oposición, ten que ver que un Concello como o de Fene ten unha capacidade de recadación moi limitada, e basicamente limitada ao que hoxe vaíse aprobar para as taxas e impostos nestas ordenanzas fiscais; que na media de suba do IPC están de acordo, o que si é real e é responsabilidade de todos e todas, é que un servizo tan básico e tan fundamental como a auga e o saneamento estivo durante catro anos en perda técnica xa que antes do 2002 este servizo estaba perfectamente equilibrado; que a partir do ano 2003, con sucesivas modificacións, que non subas, nin tan sequera do IPC, obrigou e obriga a esta corporación actual a tomar medidas extraordinarias, unha por causas estritamente internas, como foron as non subidas de IPC e variacións en determinados xeitos de cobro, e outro tamén moi importante que é a suba que vai aplicar Emafesa desde o Concello de Ferrol; que na taxa da auga e alcantarillado o que teñen claro é que de cara ao

ano que ven, e a iso se comprometen, ten que haber os estudos tanto internos, de tramos de mínimos, todo o estudio do desenvolvemento da ordenanza a nivel interno, como un estudio externo da empresa subministradora, e ten que haber tamén un estudio do impacto que vai ter a subida de Emafesa do prezo unitario de metro cúbico que subministra Ferrol no recibo; di que coa medida do 7% deste ano basicamente o que se fai é recuperar lixeiramente o atraso acumulado dos últimos catro anos, pero só facer recuperacións do IPC atrasado non vai ser suficiente para equilibrar o servizo, polo que facer un plan a medio prazo, que ten que ser compartido por tódolos grupos políticos, porque non é un plan do goberno actual, senón que ten que ser un plan desta corporación para todos os veciños e veciñas de Fene para que a medio prazo ese servizo da auga sexa eficiente e se axuste realmente ao que se consume. Continúa o Sr. Polo Gundín dicindo que desde o BNG e desde a responsabilidade que teñen no goberno actual, comprométense a que para vindeiros anos estes asuntos vaian á comisión informativa con tempo suficiente, con documentación suficientemente preparada, incluso se é necesario con xuntanzas previas para ir avanzando liñas de actuación e que cando a documentación chegue á comisión xa reflecta o espírito, cando menos da meirande parte dos membros da corporación. Di que algo no que discrepa co PP é o que dixo verbo do principio de progresividade, que a súa aplicación non lle parecía moi axustado; que se se observan as táboas, estáse a falar do salario mínimo interprofesional onde se fan os descontos, estase a falar de cantidades económicas, de ingresos por persoas realmente baixos; que efectivamente ten un trámite administrativo pero xa o tiñan as medidas que se tomaran con anterioridade, que era bonificar ás persoas con baixos recursos, e que agora o que se fai é introducir esas bonificacións na propia ordenanza. Remata a súa intervención o Sr. Polo Gundín dicindo que desde o BNG para esta primeira aprobación deste primeiro período dunha nova etapa pide a colaboración de todas as forzas políticas e que para en adiante efectivamente se lle esixa ao goberno a presentación dos estudos necesarios, o debate en tempo necesario e a presentación da documentación en tempo e forma; di que van apoiar esta proposta que ven ao pleno.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, dado que non está o voceiro do grupo socialista toma el a palabra e di que, enlazando co primeiro que dicía o voceiro do grupo municipal do BNG, efectivamente esta proposta de taxas e orzamentos probablemente tampouco é a proposta de taxas e orzamentos que fixese o partido socialista se as circunstancias foran outras, pero que como teñen un goberno conformado por dúas formacións políticas, é unha proposta que xurde do acordo, da colaboración e do traballo conxunto e leal entre as dúas formacións; di que ademais pensa que é unha boa proposta que, en definitiva, vai repercutir en beneficio do Concello e de todos os veciños e veciñas de Fene; que hai un compromiso político por parte deste goberno no momento no que asina o acordo que permite constituír a actual corporación municipal de Fene de incrementar cada ano, agás casos excepcionais, pero como medida xenérica, as taxas co IPC, e que teñen tamén como goberno e como grupos políticos un compromiso con todos os veciños e veciñas de Fene de aplicar unhas taxas e uns impostos alcanzables á súa economía. Continúa dicindo que é certo que hai servizos que hai que ir corrixindo, servizos que hai que ir equilibrando, pero que tamén entende que sería inxusto equilibrar eses servizos de golpe nun so exercizo e facer que sexan os petos dos veciños os que o asuman de golpe nun ano, polo que como criterio xeral nas taxas, seguíuse ese compromiso de aplicarlle o IPC ao conxunto; que hai dúas taxas que se incrementan un pouco, a da auga e saneamento, que van ligadas por algo que xa se ten dito neste pleno por parte dos diferentes voceiros, que é que é un servizo que necesita ser equilibrado, que neste momento é deficitario para o Concello de Fene e que ademais vai ter que afrontar de xeito máis ou menos inmediato subas que van supoñer un desequilibrio aínda maior: por unha banda, a suba no prezo da auga que o Concello de Ferrol lle aplica a tódolos Concellos da ría, incluído Fene, tema este que o goberno está dialogando co Concello de Ferrol para poder atopar algunha solución conxunta que permita paliar a situación porque Emafesa estalle tarifando a auga a Fene a

0,14, o dobre do que a tarificaba dende xaneiro deste ano 2007, cousa que non se tiña previsto evidentemente no orzamento porque unha cousa deste tipo sempre require do consenso e da negociación, pero é evidente que unha subida vai haber a partir do vindeiro ano; e por outra banda tamén estáse a construír unha obra moi necesaria, para dotar a Fene e a todo o sur da ría do primeiro colector e estación depuradora de augas residuais en Chanteiro-Ares, un colector que vai recoller todos os verquidos de Fene, Ares e Mugardos, que subvenciona a Xunta de Galicia pero logo, cada Concello en función dos metros cúbicos de auga que depure a estación vai ter que pagar un canon para financiar ese servizo, polo que tamén é outra suba que hai no horizonte. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que é certo, e así o veñen defendendo dende hai moito tempo, que o servizo da auga, e coincide plenamente co manifestado polo Sr. Polo Gundín, necesita dun estudio rigoroso e serio, e precisa dunha auditoría dese servizo que poña claramente os números enriba da mesa e que amose as necesidades que de cara ao futuro van ter e as medidas que van ter que tomar obxectiva e seriamente para que o servizo non se desfase, para poder telo equilibrado economicamente, pero tampouco para gravar excesivamente aos veciños co equilibrio deste servizo; di que entende que o Concello está para facilitar a vida dos cidadáns, está para xestionar ben os recursos propios, a Facenda municipal, pero tamén está para facilitar a vida dos veciños e veciñas e por iso son partidarios dunha suba gradual que non implique a asunción por parte dos veciños nun ano e de golpe do custo do servizo senón que pouco a pouco se vaia rectificando o prezo en base a datos obxectivos, a estudos obxectivos e que tamén o Concello, coa capacidade de orzamento que teña, vaia asumindo parte dese servizo e parte do déficit que xera o propio servizo e sempre, por suposto, dentro duns límites razoables; que por tanto queda enriba da mesa e é público e notorio, o compromiso das dúas forzas que desempeñan as labores de goberno en Fene, o BNG e o PSOE para que, de cara ao vindeiro ano, estea feito ese estudio rigoroso do servizo da auga e lles permita tomar decisións con absoluta obxectividade; que de momento e logo de revisados e estudiados os datos que neste momento ten o Concello de Fene que proporciona a empresa concesionaria e que teñen os propios servizos de intervención e tesourería municipal, unha subida do 7% entendeuse como o mínimo necesario para non ir mais aló no desequilibrio do servizo e ir corrixindo esta situación que hai neste momento.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde dicindo que en canto ás licenzas urbanísticas, imposto de construcións e obras, como se dixo, o gravame mantense, segue nos mesmos termos que o ano pasado e simplemente se actualiza o módulo básico para equiparalo ao que dispón o Colexio de Arquitectos; logo óptase pola conxelación de diversas taxas, por exemplo o servizo de axuda no fogar que obviamente é deficitario pero tamén entenden que, dado que está destinado a un sector de poboación moi concreto, cunhas necesidades moi determinadas e especialmente graves, que o Concello debe asumir a parte do custo do servizo que os propios veciños e veciñas non poden asumir; que conxélase o servizo de retirada de grúa porque está perfectamente equilibrado e conxélanse as tarifas de publicidade na emisora municipal á espera dunha revisión e dunha reformulación do que se fará coa propia publicidade dentro da emisora municipal e tamén coa propia programación da emisora; que con respecto ao IBI di que valora positivamente que tecnicamente se teña conxelado esta tarifa aínda que os veciños si que é certo que van pagar un pouco mais que o ano pasado porque o único que se fai é aplicar a tarifa que se aprobara para o ano pasado pero como ben dicía o Sr. Sánchez Martínez, por un erro na transcripción o ano pasado do acordo plenario, esa tarifa non puido ser aplicada e se aplicará este ano, dado que non se sube nada pero se vai pagar algo máis porque o que se debería ter pagado este ano non se pagou e se vai empezar a pagar a partir de agora, pero en todo caso é unha conxelación. Di que parécelle moi importante dous avances sociais que contemplan as ordenanzas, por unha banda Fene é un Concello atípico no sentido de que probablemente o índice de poboación que ten recoñecida unha minusvalía é superior ao da maioría de Concellos do entorno e por tanto tamén superior o número de persoas que están exentos de, por exemplo, o pago do

imposto de vehículos de tracción mecánica; que é moita a xente que cada ano tense que desprazar ata o Concello de Fene para acreditar cada ano esa minusvalía e para solicitar cada ano a exención; que para algúns casos probablemente a situación non é especialmente molesta e delicada pero si que é certo que ano tras ano víñase constatando que había persoas con parálise cerebral, persoas cunha mobilidade moi reducida e difícil que lles obriga a vir cada ano ao concello de Fene a solicitar esa exención, e que iso é algo realmente inxusto; que polo tanto, o que se introduce nesta ordenanza, dentro do carácter social que o goberno municipal lle quere dar ás ordenanzas, é unha exención de cinco anos para aquelas persoas que teñan unha minusvalía permanente, é dicir, que só teñan que vir ao Concello a renovar a súa exención e a presentar a documentación que os acredite como minusválidos cada cinco anos. Di que houbo nos últimos tempos unha serie de dificultades técnicas, non materiais, porque na práctica si que se bonificaban as taxas, pero si dificultades técnicas, porque non estaban contempladas dentro da ordenanza as exencións para determinadas persoas con niveis de renda máis baixos da media, polo que nesta proposta se introduce na ordenanza a exención para persoas con rendas baixas e de tal xeito que se axiliza moito máis o proceso de subvención ou de graduación do pago da taxa a esas persoas, e que isto sérvelle para enlazar cunha intervención que facía o voceiro do grupo municipal do PP con respecto ás sociedades; que él, que estaba na corporación anterior, lembra que o pago do lixo para as sociedades xerou un debate importante no pleno; que a exención total non é legal, que o texto Refundido da Lei de Facendas Locais di, e así se contempla no artigo 5 da ordenanza, que non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos na normativa con rango de lei, das que se deriven da aplicación de tratados internacionais; que isto, no caso das persoas físicas cúbrese na ordenanza graduándolles o pago, de tal xeito que as rendas máis baixas o pago sexa cero, pero non é unha exención é unha graduación do pago que é igual a cero, pero isto que nas persoas físicas está claro que si pode ser así, nas persoas xurídicas, nas entidades non, xa que renda como tal non teñen, senón que teñen unha serie de ingresos e de gastos pero non teñen renda ou un IRPF; que neste caso legalmente estiveron mirando con intervención para ver cómo se podía avanzar nesa senda, pero que non está nada claro que se poida facer; di que comparten co PP o espírito, e coas demais forzas políticas do Concello de Fene, de que as sociedades teñen unha vida económica non precisamente fácil; que o saben e o comparten; que hai que facilitarillo e que por iso xa na ordenanza que está en vigor, a petición do grupo socialista daquela que estaba na oposición, consensuado co BNG e con EU, variouse a tarifa de recollida do lixo para as entidades e dos dous prezos xenéricos que hai en Fene para as vivendas pasóuselles de aplicarlles o superior a aplicarlles o inferior, é dicir, como se fose unha vivenda dunha familia onde o camión do lixo non pasa tódolos días; que de tódolos xeitos, como dixeron e como seguirán a defender, de cara a futuros exercizos, se descubren algún resquicio legal para que as entidades poidan tamén gozar dos mesmos beneficios que as persoas físicas no sentido de que se lles poida graduar o pago da taxa e chegar incluso a un pago cero, farase porque esa é a vontade e o que queren é potenciar o asociacionismo de Fene e non tumbalo, non ir en contra del, pero que de momento legalmente ata o que poden chegar é o que contempla a ordenanza que é ao pago mínimo contemplado para o resto de veciños e veciñas de Fene.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que con respecto á taxa de matrimonios civís, tamén comparte no espírito a xustiza de algo que apuntaba o voceiro do PP, que é os beneficios aos veciños de Fene fronte aos que son de fóra; que parece lóxico e xusto que un veciño de Fene se poida casar gratis no seu Concello porque xa paga impostos en Fene e que parecería lóxico que alguén que é de fóra e ven a Fene a casar tivese que pagar, posto que non está contribuíndo en nada a este Concello e se beneficia dunha exención que ten contemplada este Concello, pero que iso que a el parécelle xusto e sería lóxico non é legal, polo tanto, si se exime, hai que eximir a tódolos cidadáns, polo que se toma a decisión de derogar esta

ordenanza fiscal, porque os ingresos que xera son cero basicamente e porque consideran que é un dereito que o Concello ten que prestar aos seus veciños e veciñas, aínda que logo se poidan beneficiar veciños e veciñas doutros Concellos; que de todas formas o poñerán en práctica este ano e se de verdade se produce unha avalancha de veciños dos arredores que queiran vir casar aquí reconsiderarán a proposta, pero de momento parece máis xusto facelo así; di que tamén comparte como dicía o voceiro do BNG, con EU e co PP a necesidade de, en futuros exercizos económicos, dialogar as taxas con moito máis tempo e máis antelación; que este é o primeiro ano da nova corporación, que hai poucos meses que o goberno municipal fíxose responsable do Concello de Fene e, polo tanto, son unhas taxas e uns orzamentos que tiveron que facer case contra reloxo e marcados polas disposicións legais que obrigan a telos aprobados coa antelación suficiente para que poidan entrar en vigor o 1 de xaneiro e que, en todo caso, a vontade de diálogo, de negociación e de pacto por parte do seu grupo político cos demais grupos políticos da oposición é infinita, porque do que se trata aínda que hoxe Fene teña unha maioría absoluta para gobernar en solitario si se quere chamar así, é de falar e de chegar a acordos coa maioría de formacións políticas, porque representan a un número importante de veciños e veciñas de Fene, polo que queda enriba da mesa o compromiso do Alcalde e do grupo municipal do PSOE para que futuras taxas e futuros orzamentos leven un trámite de debate previo non só cos grupos da oposición senón incluso coas entidades moito maior do que se tivo nesta fase, que si que se produciu pero dun xeito mais breve, ao mellor, do aconsellable.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que quere agradecer as palabras de comprensión do Sr. Sánchez Martínez e tamén ao do Sr. Galego Feal; di que efectivamente son unhas propostas que se fixeron bastante precipitadas pero consensuadas co socio de goberno e cos representantes das asociacións veciñais e que, como ve que case todo está falado, quere facer unha matización en relación á taxa do incremento do auga; di que como dixo na súa primeira intervención, o denominador que se segue para aplicar este incremento é en función dos metros cúbicos de auga consumida e da pequena cota que hai, e no resto dos conceptos que hai non se aplica ningunha suba; que se fai o cálculo de consumo medio por habitante do Concello de Fene, que está rondando os trinta e seis metros cúbicos ao trimestre; que o incremento do 7% non chega nin vai superar os seis euros ao ano, o que supón cincuenta céntimos ao mes; di que este incremento que se está a propoñer agora non vai chegar ao equilibrio realmente do custo, porque o equilibrio do custo na auga e saneamento virá determinado en función da negociación que se teña con Aquagest e con Emafesa para poder determinar exactamente cal é o déficit e que a matización é que o incremento que estase a darlle a estas dúas ordenanzas non vai chegar ao equilibrio; que na taxa de expedición de documentos hai dúas cousas que lle quedaron antes por dicir, que é que quedan eliminadas da ordenanza as certificacións catastrais que non se van cobrar e polo tanto desaparecen da ordenanza e a compulsa de documentos.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere facer unha rectificación ao que dicía antes con respecto á aplicación da taxa do IBI; que o erro non se produíu na transcripción da acta do pleno, senón na documentación que se achegou ao pleno para aprobar, xa que se fora na transcripción da acta, loxicamente podería ter sido emendado; que o pleno aprobou unha documentación, aprobou unha cantidade que era a que non se falara na comisión pero si a que foi a pleno para aprobala definitivamente. Continúa dicindo que é certo que nun primeiro momento pensouse en equiparar o prezo da auga no Polígono Industrial ou das empresas navais do Concello de Fene, pero tamén é certo que finalmente na última comisión informativa, despois do debate e maduración do proxecto inicial de taxas e orzamentos, desestimouse esta proposta e decidiuse aplicarlle o 7% ao polígono e ás empresas navais do Concello de Fene, o mesmo gravame que ao resto dos veciños por unha cuestión, porque o polígono tamén hai que potencialo e non entendían necesaria unha suba

maior á do resto dos veciños e veciñas, tendo en conta que o que se quere é que haxa empresas e favorecer o asentamento de empresas no polígono industrial, e que con respecto ás empresas navais non se debería equiparar ao prezo do polígono porque subministrar auga ao polígono industrial sae bastante máis caro que a Navantia no sentido de que hai que bombeala e hai que levala ata alí, e ademáis porque cando a auga entra no estaleiro, a distribución interna dentro desa superficie industrial corre a cargo da propia empresa, así como o mantemento e, polo tanto, os custos para o Concello de Fene son realmente escasos, por non dicir que son nulos no sentido de que se engancha directamente do tubo xeral que ven de Ferrol e logo, dentro da empresa, é a propia empresa quen distribúe e quen mantén e se encarga do servizo; que ademáis tamén o Concello ten iniciado unha etapa de diálogo, de colaboración con Navantia, pedíndolle tamén beneficios e cesións ao Concello de Fene e entenden que teñen que iniciar esta etapa cunha relación de entendemento e colaboración mutuo con esta empresa, máximo se, como dicía o voceiro do PP, é evidente que si se lle aplica unha suba desmesurada recurrirán as taxas no sentido de que sería inxustificada.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que en canto á taxa de matrimonios, se estase a falar, e consta no informe de intervención que é posible bonificar por razóns sociais, benéficas, culturais, ou de interese público, está claro que en vez de derogar a taxa pódese establecer unha taxa de un euro para os veciños de Fene e de cen euros para os que veñan de fóra porque, ao fin e ao cabo, estase detraendo aos veciños de Fene o traballo dunha hora dunha persoa para casar a unhas persoas de fóra, polo que cre que esa bonificación si que se podería establecer respecto aos veciños de Fene e se podería estudar porque ten solución ten; di que por outra parte fálase que o tema das ordenanzas tamén se consensuou coas asociacións de veciños, e eles o descoñecen totalmente, e non cren incluso que fora posible, dada a dificultade de achegar a documentación que houbo á Comisión; que tamén sería un pouco, que non quere cualificalo, que tiveran coñecemento dos textos definitivos antes as asociacións de veciños que os propios grupos políticos que están aquí; que non sabe se houbo ese contacto pero que cre que materialmente non houbo tempo posible para achegarlle a documentación definitiva porque escasamente dan chegado a este pleno con ela. Continúa dicindo que no tema da auga, que é un tema recorrente, agora hai que facer borrón e conta nova de todo, e él non está disposto a iso; que aínda antes das eleccións, cando se aprobaron os orzamentos, se lles estaba a dicir que este ano as taxas só o IPC porque nos últimos tres anos unha serie de taxas se incrementaran ata un 25% dicía o Partido Socialista, e por suposto, porque eses orzamentos os elaborara o BNG e o Partido Socialista, coa súa abstención, os aprobaron e esas subidas estaban aí, e agora se di que esta suba é o mínimo que se pode facer; que seguramente si é non o vai discutir; que din que levan dous anos sen subir pero os veciños non teñen culpa de que se botaran dous anos sen facer esas actualizacións; que a culpa é de tódolos grupos políticos, que non se vai excluír e que se efectivamente había hai catro anos, como se dixo por parte do BNG un equilibrio orzamentario, o cal dubida, non sabe por qué agora, en catro anos, éntrase en recesión.

(Auséntase da sesión á Sra Concelleira Dona Rita María Couto Seijido)

Continúa o Sr Galego Feal a súa intervención dicindo que eles comprenden perfectamente que é un servizo que seguramente é deficitario, pero non poden votar ante o descoñecemento e non teñen coñecemento de cal foi o criterio, nin o teñen eles, nin incluso cren que o teña o equipo de goberno, porque no informe económico económico falábase de problemas á hora de elaborar o mesmo: que polo que respecta aos gastos non existe ningún estudio previo para valorar a taxa de auga en vigor da ordenanza nº 7, aprobado no ano 2005, igual que ocorre no caso na ordenanza 17 de saneamento; que por outra banda, nin os gastos nin os ingresos derivados da taxa da auga teñen reflexo orzamentario para poder

analizar os orzamentos e cuantificar os mesmos ou simplemente ter un punto de partida; que no Concello non consta un inventario municipal para poder determinar os gastos de investimentos realizados para a prestación do servizo, e que ante o descoñecemento diso e das negociacións que se están a levar con Emafesa e Aquagest van votar en contra. Continúa dicindo en canto a taxa do lixo, que saben que é deficitaria e é deficitaria continuamente, e que o que está claro é que ao subir so o IPC volve ser deficitario o tema; que as solucións teñen que ser en conxunto e para todo, sobre todo para os problemas gordos, e que, por outro lado, que xa é recorrente aquí, a demagogia é dicir cobrar menos aos que menos ganan pero que desde o PP nunca se discutiu iso; que están falando dun principio de progresividade que é o que se contempla no IRPF, tramos de ganancia, importes a pagar dependendo dos determinados tramos, e que eles e máis a interventora din que iso non é posible facer dentro dunha taxa, outra cousa é o que estaban a falar agora que era bonificar, e que por suposto que para el, que se lle bonifique a taxa a unha persoa que gaña menos do salario mínimo interprofesional parécelle ben, pero iso non é progresividade, porque progresividade sería ir aplicando a taxa conforme aos tramos do que gaña cada unha das persoas. Di que en canto ao tema da auga, non saben a repercusión que no seu día vai ter a EDAR no recibo da auga, porque ao mellor non se trata de ir cobrando xa o servizo pero si habería que ir apurando algo máis en determinadas cousas para que despois, cando veña ese recargo que vai haber polo saneamento, non se pase logo a un vinte e tantos por cento, porque despois os veciños botan pestes, pero a toda a corporación, non só ao grupo de goberno, porque a xente moitas veces non diferencia o tema.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que en referencia ao IPC que dicía concretamente o voceiro do BNG que lles gustaría que fora o IPC galego a eles dálles exactamente o mesmo, o que si hai que aplicar é un IPC con continuidade, ben sexa o galego ou o español; que neste momento o IPC galego é un 0,3%, outros anos foi maior, e os equilibrios se producen tanto en Galicia como en Cataluña como Baleares ou en calquera comunidade ao longo de catro ou cinco anos, e unha diferenza dun 0,3 que é neste caso non é moito. Continúa dicindo que se hai unha cousa que observan todos, que hai que ter un tratamento diferente no que son as vodas para os veciños de Fene e para os outros; que pode haber unha discriminación, e pódese facer algo a favor dos veciños porque en case todas as diferentes comunidades están ofrecendo incentivos tanto desde ter un fillo ata por ir a vivir ao Concello que sexa, e igual que estas discriminacións se poden facer, nisto tamén pode haber saídas que tamén se poidan facer polos veciños. Di que en canto á auga, lles gustaría que se subira tódolos anos o IPC; que hai un problema da auga e a medio prazo a suba vai ser moi grande, nada máis ver os estudos que se ven por aí, tanto do goberno español que vai influír aquí e da unión europea; que verbo da depuradora, do estudio que fixo o técnico municipal na anterior corporación víuse que o prezo tiña que subir bastante. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que centrándose no que é o núcleo do que aquí estase a discutir, ve que o que son servizos que afectan á maior parte dos veciños e aos de capacidade baixa suben o IPC e algún deles non sube, pero certo é tamén que os impostos que se pagan en Fene non son precisamente dos máis baixos, nin da comarca nin de Galicia; que os vehículos suben o IPC, ao igual que o cemiterio, lixo, instalacións deportivas; que en canto ao IBI, coa matización que fixeron, cando se revisa o catastro, que cre é cada dez anos e se aplica unha suba progresiva dun 10%, cada ano pois tamén sube e para o ano que ven vanse notar as dúas cousas; que a axuda ao fogar queda como está, que é unha necesidade importante e grande e afecta ás persoas de menor poder adquisitivo e nese aspecto o ven positivo. Di que unha vez analizado había dúas solucións á hora de votar, a de absterse ou votar a favor, e que neste caso vai votar a favor con esa serie de matizacións que fixo, premura de tempo, que se necesita máis tempo para mirar todas as cousas con detenimento, que lle parece que o que aquí se recolle cumpre có que todos cren que estase a tratar, que é o IPC, e espera que nos orzamentos que se van aprobar se teña en conta o grande esforzo que fixeron os veciños e veciñas, tanto de máis

como de menos poder adquisitivo, que se teña en conta e que sexa un fiel reflexo nos orzamentos

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere agradecer a postura do Sr. Sánchez Martínez e dirixirse a todos os grupos políticos tendo clara unha cuestión, o compromiso total e absoluto de cara á próxima aprobación de ordenanzas de facer un estudio previo suficientemente amplo para que todos teñan un coñecemento real e polo detalle de cada un dos servizos, taxas e impostos que preste o Concello e saber realmente cando se vota a profundidade do contido da subida ou non subida que estase a facer e o por qué; di que especialmente hai que ter unha sensibilidade e atención especial no tema da auga porque se xuntan demasiados elementos, non é como outros servizos como o cemiterio, o lixo, que é relativamente fácil ter un estudio polo miúdo xa que son xestionados directamente polo Concello e é fácil equilibrar, ver gastos e ingresos e ver o superávit ou déficit que dan cada un deles, pero a auga ten outros elementos Emafesa, Aquagest, o propio tramo de cobro do concello, os consumos urbanos dos veciños e veciñas, os consumos industriais, e todo ese conxunto hai que velo como o que é, como un conxunto, e é o que ten que dar esa visión de medio prazo e liado, por suposto, coa previsible suba que implique o saneamento das augas residuais. Remata o Sr. Polo Gundín a súa intervención dicindo que se reitera no que dixo ao principio, necesidade evidente de ter tódolos estudos con tempo suficiente de cada unha das taxas e especial fincapé no tema da taxa da auga ao que, lóxicamente, se ofrecen e é unha obriga ter a todo o mundo informado e que haxa un debate con suficiente tempo e profundidade.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, respostando brevemente ao manifestado polo voceiro do PP, en canto ao tema da taxa por matrimonio que o que a lei contempla son bonificacións no pago da taxa ou do imposto en función da capacidade económica e adquisitiva do individuo ao que se lle bonifique esa taxa, pero non en función de onde esté empadroadado e de onde resida, e que o que se informa sempre é que non é legal facer iso, pero que se é legal e o Partido Socialista atopa algunha fórmula legal a aplicarán automáticamente, porque coincide plenamente co que eles pensan. Continúa dicindo que con respecto a certo malestar que se transmitía porque coñecesen as sociedades antes a proposta que os grupos políticos, responde a un compromiso do goberno municipal de Fene fronte a unha demanda que había por parte das sociedades de que se lles presentasen as taxas e os orzamentos non cando xa estivesen acordadas e pasteleadas dalgún modo entre os partidos políticos, senón que se lles presentasen con anterioridade para que eles puidesen aportar e para que o goberno puidese incorporar a súa proposta de orzamentos e de taxas as demandas das entidades; di que fíxose esa reunión precisamente para que, antes de pechar a proposta do goberno e antes de que esa proposta fose a comisión e a debater cos grupos políticos, se escoitase ás sociedades e que estas puideran transmitir aquelas cuestións que estimasen oportunas e que elas coñeceran cá era a vontade do goberno; que en futuros exercizos, cando isto se faga con máis tempo e con máis calma será unha negociación e un diálogo en paralelo, haberá varias comisións informativas nas que irase falando do tema e probablemente varias reunións coas entidades e non unha soa, pero que como síntoma de sensibilidade diante da demanda das entidades pareceulle oportuno reunirse con elas antes que pechar a proposta por parte do grupo de goberno para levar a comisión informativa. Di que con respecto á taxa do lixo, que se intentaba facer unha comparación coa da auga, unha especie de contradicción co que se defendía antes e o que se defende agora, pareceulle entender así, quere lembrar que a taxa do lixo subiu o pasado exercizo un 25%, non porque o goberno municipal daquela ou os grupos que estaban na oposición daquela decidisen que había que subir a taxa un 25%, senón porque Sogama, gobernada na Xunta polo Partido Popular, lle subiu o canon aos concellos un 25%, e que entón se chegou a un acordo entre EU, PSOE e BNG de non aplicar esa suba do 25% aos veciños nun ano e aplicala en dous exercizos, un 12,5 un ano e outro 12,5 ao ano seguinte, e

aplicala ademáis co compromiso de nos vindeiros exercizos estabilizar a tarifa e moderala e polo que este ano, é certo que é un dos servizos deficitario, cun déficit aproximado de quince mil euros, para un servizo que factura unhas cantidades importantes de cartos, polo que é un déficit perfectamente asumible polo servizo e polo Concello. Di que é certo que, ao mellor, cunha pequena suba por riba do IPC poderíase equilibrar e anular ese déficit, pero tendo en conta que no último exercizo, no último mandato municipal xa tiveron que afrontar unha suba do 25%, que o PSOE daquela respaldou porque entendían que non era arbitrario senón que era unha suba imposta pola Xunta de Galicia, imposta por Sogama e que había que asumir porque o Concello non tiña capacidade para non asumila directamente, pero sendo sensibles cara a esa suba que se produciu hai dous e tres anos, non lles pareceu oportuno neste exercizo seguir subindo e asumir ese déficit de quince mil euros. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que con respecto ao da auga e respostando a esa suposta actitude que tiveron en exercizos anteriores, aquí o PSOE sempre pediu unha cousa con respecto da auga, reunión da Comisión da Auga, e unha vez que a comisión se reunise, un informe rigoroso, unha auditoría do servizo municipal da auga e a partir de aí asumir unha subida de prezo; que o PSOE non se opoñía a subir o prezo da auga na outra lexislatura, era consciente que o prezo da auga o había que subir, simplemente solicitaban que para subilo se desen eses requisitos e seguen na mesma tesitura, a comisión da auga non está constituída, constituirase, reunirse e traballará oportunamente; a auditoría, acaban de dicir que hai un compromiso por parte do goberno municipal de auditar o servizo da auga, de estudar en profundidade as condicións dese servizo que presta a empresa concesionaria e, polo tanto, o ano que ven cando haxa que debater o prezo da auga, ter ese estudio enriba da mesa e rigorosa e obxectivamente, en función do que diga ese estudio decidir que é o que teñen que facer coa taxa. Continúa dicindo que hai unha cousa que antes non tiñan, que é un maior coñecemento do servizo pola propia dinámica de estar gobernando, e unha aproximación aos datos que a empresa de augas que este ano si lle pediron e facilitou; que de acordo con eses datos, cos que poden discrepar e discrepan e cos que non están de acordo en moitas cousas porque teñen que facer ese estudio, esa auditoría de cara ao próximo ano, e co coñecemento de que o ano que ven Emafesa aplicará unha suba e que a partir do ano seguinte haberá que pagar un canon pola estación depuradora de augas residuais, é obvio que algo teñen que subir a auga; di que un 7% é unha suba que non vai cubrir o servizo nin paliar déficit, nin cubrir tódalas necesidades que neste momento ten o servizo de auga pero si vai valer para equilibrar un pouco e para chegar ao ano que ven nunha situación un pouco mellor; que polo que dicía tamén o voceiro do Partido Popular dun futuro pao que se lle pode dar aos veciños, hai un compromiso do grupo de goberno de que a suba no prezo da auga será gradual e se aplicará dun xeito no que o Concello vaia asumindo ese déficit pouco a pouco, subindo a tarifa da auga pouco a pouco ata que cheguen a un equilibrio

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer unha precisión, porque ao longo do debate se deixaron caer unha serie de cousas e unha especie de responsabilidade de toda a corporación e que como estivo en corporacións anteriores quere facer unhas precisións co tema da auga. Di que as subas das taxas da auga e saneamento está estipulado no convenio con Aquagest e se suben de forma bianual establecida por convenio, agás xustificación de custes por parte da empresa concesionaria; que o que si sucede desde o ano 2002 é a seguinte circunstancia: no ano 2002 de forma unilateral o goberno que estaba daquela decidiu prorrogar o contrato á concesionaria que precisamente lle remataba no 2008 a cambio de facer unha obra no peirao de Maniños, obra que se lle adxudica á propia empresa, que é a que pon o orzamento e sen saír a concurso, e en base a adxudicación desa obra que no seu momento plantexáronse que incluso seguramente debería imputarse a conservación do servizo, se lle prorroga o contrato por dez anos máis; que un contrato que remataba no 2008 se prorroga por dez anos, e unha vez que esa empresa, a actual, consegue esa ampliación de contrato, e eles recorreron no seu momento e pensaron que era ilegal, evidentemente empeza a plantexar un problema de

déficit, de que Astano consumía menos e non tiñan en conta que efectivamente Astano consumía menos pero tamén en Fene había miles de usuarios máis do servizo, e por tanto isto que plantexa é un elemento central que plantexa o Sr. Alcalde, e o goberno municipal, di que é certo, que é un servizo controvertido, que máis alá da subida ou non razoable, evidentemente un elemento central dunha corporación é a xestión democrática e a transparencia dos servizos, polo que é un servizo que ten que ser auditado e aclarado o tema.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que en resposta ao voceiro do Partido Popular sobre consensuar coas entidades veciñais, ten que dicir que os textos definitivos non se presentaron ás entidades veciñais, que o que se fixo foi redactar informe ás suxestións veciñais, e que os textos definitivos, no primeiro sitio onde se presentaron foi na comisión de facenda. Continúa dicindo que con relación á suba da auga quere aclarar que o prezo da auga desde o 1 de xaneiro de 2007 tivo unha suba impresionante que representa ao redor de cen mil euros para os veciños, e que si se botan as contas en función dos usuarios dos servizos que ten o Concello, atópanse que no ano 2007, os usuarios medios foron catro mil setecentos vinteseite para a auga e catro mil cincocentos un para saneamento; que si se botan co incremento da poboación estimado de arredor de cinco mil usuarios, o incremento é duns trinta mil euros, xa sen ter en conta nada máis, o cal quere dicir que estase a asumir de entrada, agás que se pacte o prezo da auga e se consiga rebaixar algo, as dúas terceiras partes do custe que está repercutindo neste ano 2007 a empresa subministradora, polo que xa estase a facer un grande esforzo nestas ordenanzas só con incrementar o 7% porque entenden que é un artigo de primeira necesidade para toda a poboación de Fene.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que é normal que non lle presentaran ningunha documentación definitiva ás sociedades cando tiveron unha reunión o luns porque non a podían presentar debido a que dous días despois houbo unha comisión que se atrasou; di que este goberno non fai os deberes e se presenta á comisión coa documentación mal, sen documentación, e se o mércores non a tiñan o luns anterior menos.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que ás sociedades non se lles presentou unha proposta pechada e nunca se lles vai presentar unha proposta pechada porque o que queren é que aporten antes de que a proposta esté pechada, senón a reunión coas entidades non serve para nada.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o dictáme da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos Sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, José Antonio López Rodríguez, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Polo Gundín e Sánchez Martínez.

Votos en contra: catro (4), dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Abstencións: De conformidade có disposto no artigo 100.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, unha(1), da Sra. Couto Seijido, ao terse ausentado do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o dictame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 26 de outubro de 2007, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3º.- ESTABLECEMENTO, APROBACIÓN INICIAL E DEROGACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 26 de Outubro de 2007 que, transcrito di:

“3º.- ESTABLECEMENTO, APROBACIÓN INICIAL E DEROGACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.

Dáse conta da proposta do Concelleiro delegado dos servizos de facenda de data 19 de outubro de 2007 que, transcrita di:

“ PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO E DEROGACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS QUE REALIZA O CONCELLEIRO DELEGADO DOS SERVIZOS DE FACENDA, Á COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E PROMOCIÓN ECONOMICA

Redactada unha nova ordenanza reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de suministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario e , considerando procedente a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por celebración de matrimonios

PROPÓNSE AO PLENO DA COPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Acorda-lo establecemento e aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de suministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario que a seguir se transcribe:

ORDENANZA FISCAL Nº 3

REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS EXPECIAIS CONSTITUIDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOLO DAS VIAS PUBLICAS MUNICIPAIS POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUMINISTROS QUE AFECTEN A XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DO VECINDARIO.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXETO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 , de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Fene establece a Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de subministro que afecten a xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a que se refire o artigo 20.3, en relación co artigo 24.1 , paragrafo terceiro, do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e coias normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

ARTÍGO 2. FEITO IMPONIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa e o aproveitamento especial do solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor das empresas explotadoras, distribuidoras e comercializadoras de servizos de suministros que afecten a xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, tanto si son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan os suministros como si, non sendo titulares das ditas redes, o, son de dereitos de uso, acceso ou interconexión as mesmas.

2. Esta taxa é compatible con calquera outra que poda establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local das que deban ser suxeitos pasivos as empresas enumeradas no punto anterior, quedando excluída, polo pago da taxa regulada no punto un deste artigo, a exacción de outras taxas derivadas da utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e vo das vías públicas municipais, sempre que dita utilización privativa ou aproveitamento especial está dirixido a instalación, mantemento e reparación das súas redes.

ARTÍGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos nas normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBLIGADOS TRIBUTARIOS.

1. É obrigado tributario, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que utilicen ou aproveiten o solo, subsolo e vo das vías públicas municipais e que realicen a actividade empresarial de explotación, distribución e comercialización de servizos de suministros que afecten a xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario.

2. Serán responsables solidarios da deuda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación da cuota tributaria o importe dos ingresos brutos procedentes da facturación que obtencían anualmente en cada termino municipal as referidas empresas, calculados segundo o disposto no artigo 24.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

ARTÍGO 6. TIPO IMPOSITIVO.

O tipo impositivo que se aplicará a base imponible para calcular a cuota será, en todo caso e sin excepción algunha o 1'5 por cento.

ARTÍGO 7. DEVENGO.

A Tasa devengarase cando se inciiie o uso privativo ou o aproveitamento especial das vías públicas municipais por parte dun suxeito pasivo que realice a actividade de prestación de servizos de suministro que afecten a totalidade ou a unha parte importante do vecindario do concello de Fene.

Para que poda existir esta taxa é preciso que o suxeito realice efectivamente a actividade para a cal será imprescindible que obtencía ingresos derivados da mesma no termino municipal.

ARTÍGO 8. XESTIÓN TRIBUTARIA.

1. Os suxeitos pasivos presentarán, ca regularidade que estimen pertinente pero nunca superior a un ano natural unha declaración liquidación da totalidade dos ingresos brutos obtidos no Concello de Fene durante o periodo que se liquide e procederán ao ingreso da cuota resultante.
2. Para permitir a comprobación das declaracións presentadas, as empresas que teñan a condición de suxeito pasivo, deberán levar unha contabilidade especifica dos ingresos obtidos no termino municipal.

ARTIGO 9. INFRACCIONES Y SANCIONES TRIBUTARIAS.

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria .

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza, que consta de nove artlgos, entrará en vigor o día 1 de Xaneiro de 2008 e producirá efectos en tanto non se acorde a sua modificación ou derogación.

Segundo.- Derogar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por celebración de matrimonios.

Terceiro: Dacordo co previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ao público os acordos adoptados por un periodo de trinta días mediante edicto insertado no Boletín Oficial da Provincia, no taboeiro de anuncios do Concello e nun diario de maior difusión da provincia para que os intersados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren pertinentes. De non presentarse reclamacións contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entonces provisionais.”.

Non producíndose intervencións , e sometida pola Presidencia a proposta á votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica con sete (7) votos a favor (dos/as Sres/as Polo Gundín, López Rodríguez, Rodríguez Carballeira, García Balado,Silvar Canosa, Pico Sanmartín e Roca Requeijo), ningún voto en contra e tres(3) abstencións (dos Sres/a Franco Casal, Bértoa Puente e Sánchez Martínez), acorda dictaminar favorablemente a proposta do Concelleiro delegado dos servizos de Facenda de data 19 de outubro de 2007 que devén en dictame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 26 de Outubro de 2007 co seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) dos/as Sres/as Puentes Rivera, José Antonio López Rodríguez, D. Manuel López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Sanmartín)

Votos en contra: catro (4) dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral).

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 26 de Outubro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN CONTÍA SUBVENCIÓN RECOLLIDA NA BASE NUM. 46 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica de data 23 de outubro de 2007 que, transcrito di:

“6º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE 46 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO EXERCICIO 2007.-

Dáse conta da proposta do Concelleiro delegado dos servizos de facenda de data 19 de outubro de 2007 que, transcrita di:

“Proposta a Comisión Informativa de Facenda, relativo a modificación das bases de execución do orzamento aprobado inicialmente o día 30 de marzo de 2007.

Visto o proxecto de orzamento xeral aprobado inicialmente o día 30 de marzo de 2007.

Visto o escrito remitido pola Consellería de política territorial obras públicas e transportes en data 28 de setembro de 2007.

Vista o informe da intervención municipal de data 19 de outubro de 2007.

Propónse a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Prestar aprobación inicial a modificación da cuantía da subvención nominativa recollida na base nº 46 onde dicía “10.057,00” debe dicir “14.440,52”.

2º.- O acordo de aprobación requirirá o quorum esixido para a súa aprobación sendo de aplicación o establecido, con carácter xeral para os acordos das corporacións locais, no artigo 47.1 da lei 7/85, LRBRL, *“adopción do acordo por maioría simple dos membros presentes, existindo tal maioría cando os votos afirmativos son mais que os negativos”*.

3º.- Que unha vez aprobado inicialmente, si procedera, o Orzamento pola Corporación, expoñeráse ao público –previo anuncio no BOP- por prazo de quince días hábiles durante o cal os interesados poderán examinalo e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes ante o Concello Pleno. A modificación entenderáse definitivamente aprobado si durante este período non se presentaran reclamacións, tal como dispoñen os artigos 169.1 do Rd legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. En caso contrario, o Concello Pleno disporá do prazo de un mes para resolve-las, entendéndose éste contado a partir do día seguinte ao da finalización da exposición ao público; as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso si non se resolveran no acto de aprobación definitiva.”

Dáse conta do Informe de Intervención núm. 363/2007 de data 19 de outubro de 2007 que, transcrito di:

“Asunto: Fiscalización da proposta de modificacións nas bases de execución do orzamento aprobado inicialmente.

D. Agueda Bello Valdés interventora do Concello de Fene, de conformidade co previsto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL) aprobado

por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e en uso das atribucións que me confire o artigo 4. g) do R.D. 1174/1987, de 18 de setembro, examinado a proposta feita a comisión de facenda en relación co asunto de referencia, con carácter previo a súa aprobación provisional emite o seguinte

INFORME

I) LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Constitución Española
- Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local
- Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004
- Real Decreto 500/1990, Orzamentario
- Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2007
- Lei 18/2001 Xeral de Estabilidade Orzamentaria
- Lei 30/1984 de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia
- Outra normativa de aplicación

II) ANTECEDENTES.

Proposta da Comisión de Facenda para a inclusión de subvencións nominativas na base de execución nº 46, son as seguintes: onde dicía “10.057,00” debe dicir “14.440,52”.

III) CONTIDO.

Os artigos 162 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 establecen o procedemento de aprobación e contido dos Orzamentos. Deste xeito, cómpre comprobar pola Intervención a existencia de tódolos documentos esixidos pola normativa sinalada así coma o cumprimento dos trámites legais establecidos.

O artigo 165 establece que se incluírán as Bases de Execución como anexo, que de ningún modo poderán modificar o previsto legalmente unirase, por mandato da Lei Xeral de Subvencións, no seu caso, o Anexo de subvencións nominativas.

Por outra banda, o artigo 168 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 establece que o Orzamento Xeral deberá ser remitido, informado pola Intervención e cos Anexos e documentación complementaria, ó Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro, prazo que non poderá ser cumprido, se ben estamos ante unha irregularidade calificada de non invalidante pola xurisprudencia, xa que carece de carácter preclusivo. Esta cuestión non afectará á validez e eficacia do Orzamento unha vez aprobado, transcurrido o prazo de exposición pública e publicado debidamente.

Para unha exposición completa do procedemento de aprobación, sinalar que, unha vez informado o expediente, deberá ser presentado ó Pleno, previo dictame favorable da Comisión informativa, para a súa aprobación inicial, bastando maioría simple. Dito acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Dende o día seguinte á publicación no Boletín, comezarán a contar os 15 días hábiles para a presentación de reclamacións polos suxeitos habilitados e as causas tasadas no artigo 170 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004. De non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado a modificación das bases de execución o transcurso dos 15 días, debendo publicarse

novamente e non entrando en vigor ata dita publicación. De presentarse, corresponderá ó Pleno a súa resolución dentro do mes seguinte á finalización do prazo.

IV) CONCLUSIÓNS.

Informase favorablemente a introducción de ditas modificacións na base de execución nº46.

Este é o meu informe sin perxuicio de calquera outro mellor fundado en dereito. Non obstante a corporación fará o que estime pertinente."

Aberto o turno de intervencións(.../...)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia a votación ordinaria a proposta, a Comisión Informativa de facenda e promoción económica, acorda por unanimidade dos Sres/as Concelleiros asistentes á sesión dictaminar favorablemente a proposta do Concelleiro delegado dos servizos de facenda de data 19 de outubro de 2007 que devén en dictame nos termos anteriormente transcritos."

Non producíndose intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de Outubro de 2007, sendo aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica de data 23 de Outubro de 2007, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5º.- PREVIA RATIFICACIÓN NA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN REPRESENTANTE DO CONCELLO NA COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DA ÁREA SANITARIA DE FERROL.-

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere explicar que a Área sanitaria de Ferrol, o modelo de xerencia única que ten Ferrol que engloba a atención especializada e a atención primaria contempla dentro da súa estrutura unha área de participación cidadá na que están representados todos os Concellos que están englobados dentro da área sanitaria de Ferrol e por tanto Fene, como tal, ten un representante da Corporación nesa comisión de participación cidadá; que primeiramente haberá que votar a urxencia e que a proposta que trae a Alcaldía é designar como representante á Concelleira delegada que se encarga destas tarefas no Concello de Fene que é a primeira Tenente de Alcalde D^a Rita M^a Couto Seijido. Que a urxencia da súa inclusión na orde do día e da adopción do acordo neste pleno ven motivada pola propia necesidade de constitución dese órgano que tería que estar xa constituído e segundo informan ademais da documentación que obra neste Pleno se aprema desde a propia Área Sanitaria de Ferrolterra a desinalo canto antes, posto que canto antes se quere convocar esa comisión.

Rematada a intervención, polo Sr. Alcalde-Presidente, de conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día resultando aprobada por unanimidade.

A continuación dáse conta da Proposición da Alcaldía de data 29 de Outubro de 2007 que transcrita di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Visto o fax remitido en data 11 de setembro de 2007 pola Área Sanitaria de Ferrol no que comunica que o Decreto 15/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura de dita Área, recolle no seu artigo 25 que “existirá unha Comisión de Participación Cidadá, como órgano colexiado de natureza consultiva para a participación dos cidadáns” así como que o nomeamento dos actuais membros da Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol tivo lugar pola Orde da Consellería de Sanidade do 17 de agosto de 2006 e solicita que, dado que se celebraron eleccións municipais coa conseguinte renovación dos membros das Corporacións locais, se lles informe se o Concello ratifica o representante actual ou ben se nomea a outro.

Visto que por fax remitido en data 18 de outubro de 2007 solicita que á maior urxencia posible se lles comunique o nome da persoa que representará a este Concello na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol, sinalándose no mesmo que a premura da petición non é outra que ó querer convocar a devandita Comisión.

Considerando, á vista do exposto, urxente proceder á designación de representante deste Concello

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Designar como representante deste Concello na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol á Concelleira Don Rita María Couto Seijido.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo ao Servizo Galego de Saúde, Área Sanitaria de Ferrol.”

Non producíndose debate, pola Presidencia, sométese a votación ordinaria a Proposición da Alcaldía de data 29 de Outubro de 2007, resultando aprobada por unanimidade dos/as señores/as Concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposición da Alcaldía de data 29 de Outubro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

Antes de levantar a sesión o Sr. Alcalde-Presidente lembra aos concelleiros e concelleiras así como aos veciños e veciñas que están neste pleno que este xove que é primeiro de mes é festivo e por tanto non haberá sesión ordinaria do pleno da corporación municipal e se trasladará tal e como figura no acordo plenario adoptado ao inicio do mandato, trasladarase ao xoves da semana que ven ás seis da tarde como é habitual.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dez horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.

